RELACIÓN DE ACORDOS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 20 DE DECEMBRO DE 2013.

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 11/13, do 22 de novembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia, da nº 20.701 á nº 23.400, de 2013.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade e Normalización Lingüística

3-Aprobación da concesión de subvención nominativa e do texto do convenio coa entidade ASPACE para o equipamento do centro de atención integral a persoas con parálise cerebral.

4.-Aprobación da concesión de subvención nominativa e do texto do convenio co Concello de Paderne, para o financiamento do programa de obradoiros de memoria "Pensando en ti" en 2012.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

5.-Concesión da subvención nominativa ao Concello de Vimianzo para financiar a *XX Mostra de Artesanía en Vivo* e aprobación do correspondente convenio.

6.-Concesión da subvención nominativa ao Concello de Muxía para financiar o *I Torneo internacional de xadrez "Entre faros"* e aprobación do correspondente convenio.

7.-Concesión da subvención nominativa ao Colexio Oficial de Médicos da Coruña para financiar as *XI Jornadas Nacionales de Comisiones Deontológicas* e aprobación do correspondente convenio.

8.-Concesión da subvención nominativa á Sociedade Galega de Historial Natural para financiar a *Montaxe dun rorcual común (balaenoptera physalus)* para o Museo de Historia Natural da SGHN e aprobación do correspondente convenio.

9.-Concesión da subvención nominativa á Asociación Cultural Telón e Aparte para financiar o *Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)* e aprobación do correspondente convenio.

10.-Concesión da subvención nominativa ao Club O Parrulo Fútbol Sala para financiar a *Estabilización do equipo de 2ª división B* e aprobación do correspondente convenio.

11.-Concesión da subvención nominativa ao Club Praia de Pantín para financiar o *Campionato de surf Pantín Clasic Pro 2013* e aprobación do correspondente convenio.

12.-Concesión da subvención nominativa á Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira para financiar a *Adquisición de material para escolas deportivas* e aprobación do correspondente convenio.

13.-Aprobación do convenio de colaboración coa Asociación Cultural Orquesta Gaos correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o programa de concertos do ano 2013 na Coruña e Santiago de Compostela.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Confraría de pescadores de Camelle para financiar os gastos de funcionamento da posta en marcha da lonxa.

15.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o Plan de reforzo de actuación de promoción turística e do Plan de medios.

16.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía para financiar as actividades que se han realizar no funcionamento da aula de natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

17.-Aprobación das bases reguladoras do Plan DTC 93-Unha Deputación para todos os Concellos.

18.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Senda peonil na vía pública R-5-III-B, Polígono do Tambre-Son de Abaixo”, do Concello de Santiago de Compostela, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011. Código: 11.2100.0210.0.

19.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro para o financiamento das obras de muro de contención no lugar da Madanela da parroquia de Lampón.

20.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boqueixón para o financiamento das obras de camiño AC-960 á Ponte (por Abelleira) e outros.

21.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Coirós para o financiamento das obras de seguridade vial en Longras.

22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Dodro para o financiamento das obras de ampliación de pavillón polideportivo municipal de Dodro-sala multiusos.

23.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Lousame para o financiamento das obras de mellora do pavimento no vial dende o cruce de Castiñeiras ata Gandarela.

24.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Lousame para o financiamento das obras de ampliación e pavimentación de vial interior en Merelle e mellora do pavimento no vial de acceso a Aldarís.

25.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Lousame para o financiamento das obras de mellora do pavimento e ampliación do vial de acceso a Quintáns de Lesende dende Sampaio e ampliación do vial de Horta a Cairo.

26.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Malpica para o financiamento das obras de acondicionamento e mantemento de vías municipais: Cerqueda, Buño, Beo, Mens, Barizo, Cambre e outras.

27.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mazaricos para o financiamento das obras de mellora no afirmado de varias vías municipais: Beba, Corzón, Maroñas, Corveira.

28.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Outes para o financiamento das obras de mellora da capa de rodaxe travesía no Vilar (Cando) e outros.

29.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rois para o financiamento das obras de acondicionamento de pistas nas parroquias de Augasantas e Seira.

30.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Touro para o financiamento das obras de arranxo do camiño de AC-960 a Porcariza (Vilar) e outros.

31.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Trazo para o financiamento das obras de campo de fútbol 11 de céspede artificial en campo.

32.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo para o financiamento das obras de centro multiusos en Rorís, Armentón.

33.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carnota para o financiamento das obras de pavimentación e saneamento no Alto do Vilar de Carnota.

34.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carral para o financiamento das obras de reforma de local para a Casa da Xuventude.

35.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Curtis para o financiamento das obras de base loxística GES Comarca da Montaña “Curtis”.

36.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mugardos para o financiamento das obras de acondicionamento de viais municipais en Roibeiras-Lagoas, acceso nave municipal, O Monte, Casás, Baixada Beiramar, Maía-Pontellas, O Galiñeiro, Campo de Fútbol e Telleiras ao Vilar.

37.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Monfero para o financiamento das obras de reparación e mantemento de camiños do termo municipal: Val Xestoso-Alto Xestoso-Vilachá-Queixeiro-Taboada-San Fiz.

38.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar para o financiamento das obras reparación do camiño de Cernadas a Sesmonde por Barbeito e Alvite.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

39.-Aprobación da modificación do obxecto do convenio de colaboración subscrito entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Porto do Son para o financiamento da realización do proxecto de conservación arqueolóxica e posta en valor do Castro de Baroña fases I e II para pasar ao financiamento da realización do proxecto de conservación arqueolóxica e posta en valor do Castro de Baroña fase III.

40.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o proxecto do xardín botánico da Universidade de Santiago de Compostela (etapa 1 e etapa 2).

41.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Lo Que La Verdad Importa para o cofinanciamento de actividades de fomento dos valores humanos, éticos e morais na cidade da Coruña.

42.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Internacional de la Estampa Contemporánea para financiar cursos, exposicións e visitas. Ano 2013.

43.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Escuela de Organización Industrial (EOI) para impulsar a innovación e a competitividade das PEME vinculadas ao sector turístico, principalmente turismo industrial, na provincia da Coruña.

44.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Escuela de Organización Industrial (EOI) para a realización conxunta dunha convocatoria de bolsas para cursar cursos formativos de EOI.

45.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios de Hostelería de Ferrol e Comarca para financiar as actividades de formación. Ano 2013.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

46.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2013, novena fase, na que se inclúe a obra "Reforzo do firme nas estradas DP 1704 Cambre a Carral e DP 7504 Castelo- Carnoedo".

47.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2013, décima fase, na que se inclúe a obra "Renovación da capa de rodadura e sinalización na DP 1501 acceso á praia de Cabanas".

48.-Aprobación da modificación do proxecto incluído no Plan de vías provinciais 2013, segunda fase, relativo á obra "Intersección da DP 3006 coas rúas María Ana Mogas e Lisboa (P.K. 1+320).

49.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2013, terceira fase, na que se inclúe a obra "Complementario nº 1 da ampliación da plataforma na DP 1405 Pazos a Leas por Beres desde o P.K. 8+820 ao P.K. 10+760".

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

50.-Informe sobre o estado de execución presupostaria ao 30.11.2013 e proxección ao 31.12.2013.

51.-Resolución da reclamación presentada e aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos nº 4 do ano 2013.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

52.-Aprobación do convenio colectivo do persoal laboral.

53.-Aprobación definitiva do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama para 2014.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
-Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Xunta de Galicia a que esixa do Goberno do Estado a paralización do procedemento de subhasta de NCG Banco SA.

-Moción do Grupo Provincial do BNG para paralizar a venda de NovaGalicia Banco.

ROGOS E PREGUNTAS

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 11/13, DO 22 DE NOVEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 11/13, do 22 de novembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, DA Nº 20.701 Á Nº 23.400, DE 2013.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 20.701 á nº 23.400, de 2013.

3-APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA E DO TEXTO DO CONVENIO COA ENTIDADE ASPACE PARA O EQUIPAMENTO DO CENTRO DE ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL.

"Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención a entidade ASOCIACION DE PAIS DE NENOS PARALITICOS CEREBRAIS (ASPACE) CIF G- 15.031.529, para financiamento do equipamento do centro de atención a persoas ata os 21 anos, con parálise cerebral , cunha achega máxima da Deputación de 24.000,00 euros, que supón o 77,05 % do gasto, sendo o total do orzamento a subvencionar de 31.150,24 euros, subvención que se aboará de conformidade co disposto nas cláusulas VI e VII do texto do convenio, e con cargo á partida 0701/ 231E/781.

Segundo.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que ten o contido seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS PARALÍTICOS CEREBRAIS (A.S.P.A.C.E.) PARA O FINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO DO CENTRO DE ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL ATA 21 ANOS

Na Coruña o ____ de _____de 201___

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Antolín Rodríguez Martínez presidente da **ENTIDADE ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS PARALÍTICOS CEREBRAIS (A.S.P.A.C.E.)**

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e da Entidade de ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS PARALÍTICOS CEREBRAIS (A.S.P.A.C.E.) ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS PARALÍTICOS CEREBRAIS (A.S.P.A.C.E.) con CIF G-15031529, para o financiamento da adquisición da/s subministración/s que se describe/n deseguido:

TIPO DE BEN	Nº DE UNIDADES	CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS
DESPACHO MÉDICO		
Mesa despacho	1	Mesa despacho, encimeira en taboleiro melaminado de 25 mm., con traveseiros metálicos en tubo de 60x40x2 mm., acabados en pintura epoxi, unión entre montante e traveseiro en aluminio pulido, barra de reforzo electrificable en forma de canal, con faldón en chapa de aceiro de 1,5 mm.de espesor, pintado en epoxi ral 9006 e a auxiliar a xogo. Dimensión: 160x80x73 cms.
Caixoneira	1	Caixoneira rodante 3 caixóns pu caixón arquivo, estrutura metálica, así como caixóns dotados de pechadura central. Dimensións 42x55x55 cms.
Cadeira xiratoria	1	Cadeira xiratoria ergonómica, con sistema bloqueo respaldo, regulación en altura por pistón de gas, brazos 3D, respaldo e asento tapizado en tecido ignífugo M-1. Rodas para pavimentos duros. Regulación de tensión respaldo base en fibra negra.
Cadeira confidente	1	Cadeira confidente con brazos, estrutura de tubo redondo de aceiro de 25 mm. Asento e respaldo tapizado a xogo
Librería modular	1	Librería modular, a xogo mesa anterior, con portas en taboleiro melaminado na súa zona inferior e portas de cristal enmarcadas en aluminio, con estantes tamén en cristal, ambas portas dotadas de pechadura, estante inferior en taboleiro melaminado. Dimensións 95x45x200 cms.Alto
Percheiro	1	Percheiro de pé metálico tipo árbore con base protexida antihumidade
DESPACHO LOGOPEDIA		
Mesa despacho	1	Mesa despacho, encimeira en taboleiro melaminado de 25 mm., con traveseiros metálicos en tubo de 60x40x2 mm., acabados en pintura epoxi, unión entre montante e traveseiro en aluminio pulido, barra de reforzo electrificable en forma de canal, con faldón en chapa de aceiro de 1,5 mm.de espesor, pintado en epoxi ral 9006 e a auxiliar a xogo. Dimensión: 160x80x73 cms.
Caixoneira	1	Caixoneira rodante 3 caixóns pu caixón arquivo, estrutura metálica, así como caixóns dotados de pechadura central. Dimensións 42x55x55 cms.
Cadeira xiratoria	1	Cadeira xiratoria ergonómica, con sistema bloqueo respaldo, regulación en altura por pistón de gas, brazos 3D, respaldo e asento tapizado en tecido ignífugo M-1. Rodas para pavimentos duros. Regulación de tensión respaldo base en fibra negra
Cadeira confidente	1	Cadeira confidente con brazos, estrutura de tubo redondo de aceiro de 25 mm. Asento e respaldo tapizado a xogo
Librería modular	1	Librería modular baixa, con zona de arquivo telescópico e porta con estante inferior graduable en taboleiro melaminado, tanto a porta como o arquivo dotados con pechaduras. Todo o conxunto a xogo mobiliario anterior. Dimensións: 105x45x85 cms. Alto
Percheiro	1	Percheiro de pé metálico tipo árbore con base protexida antihumidade
RECEPCIÓN		
Mostrador	1	Mostrador de recepción, encimeira en taboleiro melaminado de 25 mm., con traveseiros metálicos en tubo de 60x40x2 mm., acabados en pintura epoxi, barra de reforzo electrificable, en forma de canal, con faldón en chapa de aceiro de 1,5 mm. Zona de atención personalizada e dimensións 229x107-73x110 fondo
Caixoneira	1	Caixoneira rodante 3 caixóns pu caixón arquivo, estrutura metálica, así como caixóns dotados de pechadura central. Dimensións 42x55x55 cms.
Cadeira xiratoria	1	Cadeira xiratoria ergonómica, con sistema bloqueo respaldo, regulación en altura por pistón de gas, brazos 3D, respaldo e asento tapizado en tecido ignífugo M-1. Rodas para pavimentos duros. Regulación de tensión respaldo base en fibra negra

SALA DE ESPERA		
Sofá 2 prazas	2	Sofá 2 prazas, estrutura interior en madeira, con sistema de suspensión de asento por cintas elásticas, espuma de poliuretano de densidade variable e alta resistencia hr. tapizado en tecido vinílico ignífugo M-1, patas en pletina de aceiro acabado en cromo, con protectores antiraiado en contacto co solo. Dimensións 180x83x75 cms. Alto
Sofá 1 praza	1	Sofá 1 praza a xogo anterior, de medidas 85x83x75 cms. Alto
Mesa centro	1	Mesa centro de 90x90 cms., estrutura metálica tipo patín de aceiro calibrado de 12 mm., tapa en madeira de carballo vernizado
Hidro-xardineira	1	Hidro-xardineira de 50x50x40, con plantas naturais
DESPACHO DIRECCIÓN		
Mesa despacho	1	Mesa despacho, encimeira en taboleiro melaminado de 25 mm., con traveseiros metálicos en tubo de 60x40x2 mm., acabados en pintura epoxi, unión entre montante e traveseiro en aluminio pulido, barra de reforzo electrificable en forma de canal, con faldón en chapa de aceiro de 1,5 mm.de espesor, pintado en epoxi ral 9006 e a auxiliar a xogo. Dimensión: 160x80x73 cms.
Caixoneira	1	Caixoneira rodante 3 caixóns ou caixón arquivo, estrutura metálica, así como caixóns dotados de pechadura central. Dimensións 42x55x55 cms.
Cadeira xiratoria	1	Cadeira xiratoria ergonómica, con sistema sincro, regulación en altura por pistón de gas, brazos 3D. Respaldo e asento tapizado en tecido ignífuo M-1. Base en aluminio con forma piramidal e rodas para pavimentos duros
Cadeira confidente	1	Cadeira confidente con brazos, estrutura de tubo redondo de aceiro 25 mm.Respaldo asento tapizado en color en tecido acrílico
Librería modular	1	Librería modular baixa, formada por dous módulos, un deles de 80x45x85 cms. De alto e o outro de 30x45x85 cms. de alto, ambos con portas dotadas con pechadura e estante interior, todo o conxunto construído en en taboleiro melaminado a xogo. Color a elixir. Dimensións totais: 110x456x85 cms.Alto
Librería modular	1	Librería modular alta roupeiro a xogo anterior. Dimensións 60x445 198 cms alto
DESPACHO AUXILIAR		
Mesa despacho	1	Mesa despacho, encimeira en taboleiro melaminado de 25 mm. con traveseiros metálicos en tubo de 60*40*2 mm., acabados en pintura epoxi, unión entre montante e traveseiro en aluminio pulido, barra de reforzo electrificable en forma de canal, con faldón en chapa de aceiro de 1.5 mm. de espesor, pintado en epoxi ral 9006 e a auxiliar a xogo. Dimensións 160*80*73 cms.
Caixoneira rodante	1	Caixoneira rodante 3 caixóns ou caixón de arquivo, pechadura metálica, así como caixóns dotados de pechadura central. Dimensión 42*55*55 cms.
Cadeira ergonómica	1	Cadeira xiratoria ergonómica, con sietam bloqueo respaldo, regulación en altura por pistón de gas, brazos 3D. Respaldo e asento tapizado en tecido ignífugo M-1. Rodas para pavimentos duros. Regulación de tensión respaldo base en fibra negra
Cadeira confidente	1	Cadeira condiente con brazos, estrutura de tubo redondo de aceiro 25 mm. asento e respaldo tapizado a xogo
Librería	1	Librería modular baixa, formada por dous módulos, un deles de 80*45*85 cms. de alto e o outro de 30*45*85 cms. de alto , ambos con portas dotadas con pechadura e estante interior. todo o conxunto construído en taboleiro melaminado a xogo, color a elixir. Dimensións totais 110*45*85 cms.Alto
Percheiro	1	Percheiro de pé metálico tipo árbore con base protexida antihumidade
DESPACHO TRABALLADORA SOCIAL		
Mesa despacho	1	Mesa despacho, encimeira en taboleiro melaminado de 25 mm, con traveseiros metálicos en tubo de 60*40*2 mm., acabado en pintura epoxi, unión entre montante e traveseiro en aluminio pulido, barra de reforzo electrificable en forma de canal, con faldón en chapa de aceiro de espesor , pintado en apoxi ral 9006 e a auxiliar a xogo. Dimensións 160*80*73 cms.
Caixoneira	1	Caixoneira rodante 3 caixóns ou caixón arquivo, estrutura metálica, así como caixóns dotados de pechadura central. Dimensións 42*55*55 cms.

Cadeira ergonómica	1	Cadeira xiratoria ergonómica, con sietam bloqueo respaldo, regulación en altura por pistón de gas, brazos 3D. Respaldo e asento tapizado en tecido ignífugo M-1. Rodas para pavimentos duros. Regulación de tensión respaldo base en fibra negra
Cadeira confidente	1	Cadeira confidente con brazos, estrutura de tubo redondo de aceiro 25 mm. Asento e respaldo tapizado a xogo
Librería modular	1	Librería modular baixa, formada por dous módulos, un deles de 80*45*85 cms. de alto e o outro de 30*45*85 cms de alto, ambos con portas dotadas con pechadura e estante interior, todo o conxunto construído en taboleiro melaminado a xogo, cor a elixir. Dimensión totais 110*45*85 cms alto
Percheiro	1	Percheiro de pé metálico tipo árbore con base protexida antihumidade
BIBLIOTECA-SALA DE XUNTAS		
Mesa de reunións	1	Mesa de reunións ovalada de 240x120x73 cms. de alto, 2 pes centrais metálicos con niveladores, tapa en taboleiro melaminado de 25 mm., canos frontais de 2 mm., acabado a elixir
Cadeira	8	Cadeira apilable con brazos, estrutura metálica, asento e respaldo tapizado en tecido a elixir
Librería modular	1	Librería modular, formada por tres módulos de 90x45x200 cms. zona inferior con portas con pechadura e estante, zona superior todo estantes graduables en altura. Construída en taboleiro melaminado de 19 mm. Color a elixir. Dimensións 270x40x200 cms. Alto
Percheiro	1	Percheiro de pé metálico tipo árbore con base protexida antihumidade
SALA NOVAS TECNOLOXÍAS-SALA DE INFORMÁTICA		
Mesa adaptada	1	Formación de mesa adaptada en forma de L con tramos libres de 160 e 230, patas comúns retranqueadas regulables en altura, encimeira en taboleiro melaminado, color a elixir e de 25 mm., ancho mesa 65 cms.
Percheiro	1	Percheiro de pé metálico tipo árbore con base protexida antihumidade
SALA DE FISIOTERAPIA		
Mesa despacho	1	Mesa despacho encimeira en taboleiro melaminado de 25 mm.., con traveseiros metálicos en tuo de 60*40*2 mm., acabados en pintura epoxi, unión entre montante e traveseiro en aluminio pulido, barra de reforzo electrificable en forma de canal, con faldón en chapa de aceiro de 1,5 mm. de espesor, pintado en epoxi ral 9006 e a auxiliar a xogo. Dimensións 160*80*73 cms.
Caixoneira	1	Caixoneira rodante 3 caixóns ou caixón arquivo , estrutura metálica, así como caixóns dotados de pechadura central. Dimensións 160*80*73 cms.
Cadeira ergonómica	1	Cadeira xiratoria ergonómica, con sistema bloqueo respaldo, regulación de altura por pistón de gas, brazos 3D. Respaldo e asento tapizado en tecido ignífugo M-1. Rodas para pavimentos duros. Regulación de tensión respaldo base en fibra negra
Cadeira confidente	1	Cadeira confidente con brazos, estrutura de tubo redondo de aceiro 25 mm.Asento e respaldo tapizado a xogo
Librería modular	1	Librería modular baixa, con zona de arquivo telescópico e porta con estante inferior graduable en taboleiro melaminado, tanto a porta como o arquivo dotados con pechaduras. Todo o conxunto a xogo mobiliario anterior. Dimensións: 105x45x85 cms. Alto
Percheiro	1	Percheiro de pé metálico tipo árbore con base protexida antihumidade
AULAS (8 UNIDADES)		
Mesa monitor	8	Mesa monitor, encimeira en taboleiro melaminado de 25 mm., estrutura metálica 4 patas, con niveladores. Dimensións 140x80x73 cms.
Cadeira ergonómica	8	Cadeira xiratoria ergonómica, con sistema bloqueo respaldo, regulación en altura por pistón de gas,brazos AD. Respaldo e asento tapizado en tecido ignífugo M-1. Rodas para pavimentos duros. Regulación de tensión respaldo base en fibra negra
Armario	8	Armario librería modular con portas e estante interior con pechadura, encimeira en taboleiro melaminado. Dimensión 90x45x85 cms. Alto
Colgadores murais	8	Colgadores murais (5 perchas) en madeira ondulada faia, 97x20 cms.
PATIO CUBERTO		

Mesa	6	Mesa 180x80x73-85 cms. Alto, regulable en altura, encimeira de 25 mm. canteada
Biombo	1	Biombo modular formado por 5 elementos e 62x152 cms. Alto, paneis de policarbonato enmarcados en aluminio con soportes pe con rodas

II.- ORZAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO OU BEN

Segundo o presuposto que achega a **ENTIDADE BENEFICIARIA**, o orzamento máximo para a adquisición do equipamento ou ben ascende a 31.150,24 euros, co seguinte detalle:

TIPO DE BEN	Nº DE UNIDADES	PRECIO UNITARIO	IMPORTE
DESPACHO MÉDICO			
Mesa despacho	1	428,00	428,00
Caixoneira	1	198,00	198,00
Cadeira xiratoria	1	270,00	270,00
Cadeira confidente	1	157,00	157,00
Librería modular	1	425,00	425,00
Percheiro	1	85,00	85,00
TOTAL DESPACHO MÉDICO			**1.563,00 €**
DESPACHO LOGOPEDIA			
Mesa despacho	1	630,00	630,00
Caixoneira	1	198,00	198,00
Cadeira xiratoria	1	270,00	270,00
Cadeira confidente	1	157,00	157,00
Librería modular	1	527,00	527,00
Percheiro	1	85,00	85,00
TOTAL DESPACHO LOGOPEDIA			**1.867,00 €**
RECEPCIÓN			
Mostrador	1	630,00	630,00
Caixoneira	1	198,00	198,00
Cadeira xiratoria	1	270,00	270,00
TOTAL RECEPCIÓN			**1.098,00 €**
SALA DE ESPERA			
Sofá 2 prazas	2	975,00	1.950,00
Sofá 1 praza	1	470,00	470,00
Mesa centro	1	187,00	187,00
Hidro-xardineira	1	295,00	295,00
TOTAL SALA DE ESPERA			**2.902,00 €**

DESPACHO DIRECCIÓN			
Mesa despacho	1	428,00	428,00
Caixoneira	1	198,00	198,00
Cadeira xiratoria	1	425,00	425,00
Cadeira confidente	1	173,00	173,00
Librería modular	1	415,00	415,00
Librería modular	1	210,00	210,00
TOTAL DESPACHO DIRECCIÓN			**1.849,00**
DESPACHO AUXILIAR			
Mesa despacho	1	428,00	428,00
Caixoneira rodante	1	198,00	198,00
Cadeira ergonómica	1	270,00	270,00
Cadeira confidente	1	157,00	157,00
Librería	1	415,00	415,00
Percheiro	1	85,00	85,00
TOTAL DESPACHO AUXILIAR			**1.553,00 €**
DESPACHO TRABALLADORA SOCIAL			
Mesa despacho	1	428,00	428,00
Caixoneira	1	198,00	198,00
Cadeira ergonómica	1	270,00	270,00
Cadeira confidente	1	157,00	157,00
Librería modular	1	415,00	415,00
Percheiro	1	85,00	85,00
TOTAL DESPACHO TRABALLADORA SOCIAL			**1.553,00 €**
BIBLIOTECA-SALA DE XUNTAS			
Mesa de reunións	1	417,00	417,00
Cadeira	8	85,00	680,00
Librería modular	1	670,00	670,00
Percheiro	1	85,00	85,00
TOTAL BIBLIOTECA-SALA DE XUNTAS			**1.852,00 €**
SALA NOVAS TECNOLOXÍAS-SALA DE INFORMÁTICA			
Mesa adaptada	1	715,00	715,00
Percheiro	1	85,00	85,00
TOTAL SALA NOVAS TECNOLOXÍAS-SALA DE INFORMÁTICA			**800,00 €**
SALA DE FISIOTERAPIA			
Mesa despacho	1	428,00	428,00
Caixoneira	1	198,00	198,00
Cadeira ergonómica	1	270,00	270,00
Cadeira confidente	1	157,00	157,00
Librería modular	1	527,00	527,00
Percheiro	1	85,00	85,00
TOTAL SALA DE FISIOTERAPIA			**1.665,00 €**
AULAS (8 UNIDADES)			

Mesa monitor	8	207,00	1.656,00
Cadeira ergonómica	8	270,00	2.160,00
Armario	8	195,00	1.560,00
Colgadores murais	8	120,00	960,00
TOTAL AULAS (8 UNIDADES)			**6.336,00 €**
PATIO CUBERTO			
Mesa	6	295,00	1.770,00
TOTAL PATIO CUBERTO			
VARIOS			
Biombo	1	936,00	936,00
TOTAL VARIOS			936,00 €
IMPORTE TOTAL			**25.774,00 €**
IVE			**5.406,24 €**
IMPORTE TOTAL (IVE engadido)			**31.150,24 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 24.000 €, o que representa unha porcentaxe de 77,05 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,05 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben ou equipamento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de transporte, nin os posibles honorarios derivados de informes periciais de valoración ou de carácter notarial ou rexistral.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á **ENTIDADE BENEFICIARIA**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe da adquisición **supera os 18.000 euros**, con carácter previo á contratación, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.
A achega da Deputación seralle aboada á **ENTIDADE BENEFICIARIA** unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
- Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da **ENTIDADE BENEFICIARIA** e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de cinco anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- **A ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.2 de publicidade.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben ou equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que

se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á **ENTIDADE BENEFICIARIA** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **ENTIDADE BENEFICIARIA** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. **A ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. **A ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben ou equipamento dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración, para os efectos de imputación dos gastos, abranguerá os devengados desde o día 1 de setembro de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de maio do ano 2014.**
2. Para o caso de que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter adquirido o ben **antes do 28 de febreiro de 2014** e presentada a xustificación **antes do 30 de marzo de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ núm._____do_____de _____de 201_

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O
PROVINCIAL DA CORUÑA

Diego Calvo Pouso ”

4.-APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA E DO TEXTO DO CONVENIO CO CONCELLO DE PADERNE, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE OBRADOIROS DE MEMORIA "PENSANDO EN TI" EN 2012.

"Primeiro.-Tendo en conta os motivos excepcionais indicados na solicitude da concesión da subvención, para financiar un proxecto pioneiro realizado en 2012 nas parroquias do concello, para a terceira idade, e as dificultades de financiamento deste, aprobar a concesión da subvención que se formalizará mediante un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de PADERNE CIF G-1506500-F, para o financiamento do programa OBRADOIROS DE MEMORIA " PENSANDO EN TI" ANO 2012 , cunha achega máxima da Deputación de 10.000,00 euros, que supón o 100.% do gasto a subvencionar subvención que se aboará de conformidade co disposto nas cláusulas VI e VII do convenio, e con cargo a partida 0701/.231E/462.01
Segundo.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que ten o contido seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADERNE PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS DO PROGRAMA DE OBRADOIROS DE MEMORIA "PENSANDO EN TI" NO 2012

A Coruña, ... de.....de..... na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. César Longo Queijo, alcalde presidente do Concello de PADERNE

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Que a Deputación provincial é competente para proporcionar apoio técnico económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, ao abeiro do disposto na Lei de bases de réxime Local, 7/85, art. 36, na Lei de administración local de Galicia 5/97 arts 109 a 119, así como na Lei de servizos socias de Galicia 13/2008 , art 63 a cal establece que as Deputacións proporcionaranlles asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles con menos de vinte mil habitantes.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de PADERNE, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de PADERNE CIF P-1506500F para o financiamento dos gastos do programa pioneiro no concello, de obradoiros de memoria " Pensando en ti", para mellora da calidade de vida no sector da terceira idade.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		**Salario e seg. social anual**	**IMPORTE subvención**
Psicóloga ½ xornada	1	7.332,23 € 2.503,85 €	
Material oficina, e obradoiros		163,92 €	
Total gasto programa		10.000,00 €	
TOTAL.....10.000,00 €			

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 10.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 100% do orzamento subvencionado que ascende a 10.000,00 euros. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231/E/462.01 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito
Para a anualidade 2012 existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con

respecto ás anualidades futuras, advírteselle o Concello de PADERNE de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao Concello de PADERNE o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2.No procedemento de contratación, o Concello de PADERNE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.No caso de que o Concello de PADERNE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do concello de PADERNE**.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1 - Rematada completamente a realización da actividade, pagamento a prol da **CONCELLO DE PADERNE** pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación: (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONCELLO DE PADERNE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente se procede.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- O CONCELLO DE PADERNE estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.

2. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **CONCELLO DE PADERNE** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE PADERNE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A EXECUCIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2012..
2. Unha vez realizada a actividade o concello de PADERNE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA , DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de PADERNE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de PADERNE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de PADERNE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de PADERNE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. **O CONCELLO DE PADERNE** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE PADERNE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O CONCELLO DE PADERNE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, O CONCELLO DE PADERNE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a

sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de PADERNE serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o Concello de PADERNE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño 2014, todo iso condicionado a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.
2.Para o caso de que o Concello de PADERNE non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación **antes do día 1 abril 2014** deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Paderne respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----------

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PADERNE
Diego Calvo Pouso.	César Longo Queijo”

5.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONCELLO DE VIMIANZO PARA FINANCIAR A *XX MOSTRA DE ARTESANÍA EN VIVO* E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Conceder ao Concello de Vimianzo unha subvención nominativa por importe de **69.000 €,** para financiar a *XX Mostra de Artesanía en Vivo,* cun orzamento subvencionado de 86.250 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo para a realización da XX Mostra de Artesanía en Vivo.**

A Coruña,

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude da facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde do Concello de Vimianzo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Deputación provincial e o Concello de Vimianzo exercen competencias en materia de actividades culturais e de promoción, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento das fins dispostas na normativa vixente.

2.- No Castelo de Vimianzo vense celebrando dende o ano 1994 a Mostra de Artesanía en Vivo, que neste ano acada a súa XX edición.

3.- Que a finalidade da mostra é a de expoñer a realidade das diversas artesanías que teñan gran tradición en toda a comarca e, ao mesmo tempo, facer do castelo un lugar vivo e activo, de acordo con criterios museolóxicos actuais, no que os visitantes poidan coñecer as variadas técnicas artesanais e participar directamente nas actividades relativas a estas artesanías, co obxectivo de promocionar estes produtos

e a súa comercialización, así como contribuír ao coñecemento da comarca desde o punto de vista do turismo.

4.- Atendendo á finalidade da actuación pretendida e tratándose dun evento cultural e turístico que, ademais, promociona en diversos ámbitos ao concello e, polo tanto, susceptible de recibir axudas da Deputación, a través do seu Orzamento de Gastos, é polo que ambas as dúas administracións acordan formalizar o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLAUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vimianzo (CIF: P1509300H) para a realización da XX Mostra de Artesanía en Vivo que se está a realizar no Concello de Vimianzo desde o 1 de xaneiro do ano 2013 e que finalizará o 31 de decembro.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Vimianzo

A Mostra de Artesanía ademais da presenza das artesanías que, a continuación se relacionan, inclúe a participación dunha empresa de teatro que realiza funcións de dinamización da mostra, mediante a posta en escena dunha visita teatralizada para os visitantes que se achegan ao castelo.

Artesanías presentes na Mostra
Encaixe de Vimianzo
Artesanía do Liño
Maquetería de Barcos
Artesanía do Vidro
Cestería
Artesanía da pel
Alfarería

Orzamento

Recursos humanos	
Conserxe e técnicos	23.000,00€
Guía	800,00€
Atención ao público	2.750,00€
Subministracións e gastos de mantemento	
Enerxía	12.000,00€
Limpeza e outros	700,00€
Exposición, animación e promoción	
Exposición artesanías en vivo	41.500,00€
Teatralización	3.250,00€
Coaching para artesáns e posta en valor da artesanía	1.000,00€
Comunicación	1.250,00€

Total gastos **86.250 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega de **69.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe correspondente á aplicación da porcentaxe aprobado do 80% á cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/462.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución

1.- Corresponderalle ao Concello de Vimianzo o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Vimianzo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- O Concello de Vimianzo incluirá en toda a publicidade que realice con motivo da XX Mostra de Artesanía en Vivo na súa páxina web á Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Vimianzo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- A achega seralle aboada pola Deputación ao Concello de Vimianzo cando finalicen os traballos realizados polo concello logo da presentación da seguinte documentación:

*** Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

*** Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

2.- Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Vimianzo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto do financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2013.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Vimianzo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de dous meses contados dende a data da finalización das actividades, establecida no apartado anterior.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un

requirimento ao Concello de Vimianzo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Vimianzo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello de Vimianzo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Vimianzo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Vimianzo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Vimianzo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Vimianzo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Vimianzo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 de marzo de 2014, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude do Concello de Vimianzo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Vimianzo, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -------

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONCELLO DE MUXÍA PARA FINANCIAR O *I TORNEO INTERNACIONAL DE XADREZ "ENTRE FAROS"* E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Conceder ao Concello de Muxía unha subvención nominativa por importe de **30.000 €,** para financiar o *I Torneo Internacional de xadrez "Entre Faros",* cun orzamento subvencionado de 40.600 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muxía para financiar *a realización do I Torneo Internacional de Xadrez "Entre faros".***

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

D. Félix Porto Serantes, alcalde-presidente do Concello de Muxía, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen, coa capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Deputación Provincial e o Concello de Muxía exercen competencias en materia de promoción de actividades deportivas e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

2.- O Concello de Muxía vén de celebrar o *I Torneo Internacional de Xadrez "Entre faros" entre os días* 5 e 14 de outubro de 2013.

3.- Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar cos concellos ou entidades da provincia que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

4.- En función das consideracións anteriores, o Concello de Muxía e a Deputación da Coruña acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muxía (CIF: P1505300B) para financiar a ***realización do I Torneo Internacional de Xadrez "Entre faros"*** celebrado entre os días 5 e 14 de outubro de 2013.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Muxía

O Concello de Muxía desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Concepto	**Importe**
Cartelería e publicidade	1.000.-
Arbitraxes (principal e auxiliar)	1.600.-
Material funxible de adecuación de locais	3.000.-
Material de xogo	2.000.-
Retransmisión de partidas por internet	4.000.-
Paxina web	1.000.-
Taxas federativas	600.-
Premios -fixo participación-	10.000.-
Aloxamento e manutención dos participantes	7.200.-
Outros premios	5.000.-
Transporte, locomoción e viaxes	4.200.-
Actividades paralelas (conferencias e outros)	1.000.-
Total	***40.600 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **73,892 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 73,892 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/341A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Muxía obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución

1.- Corresponderalle ao Concello de Muxía o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Muxía axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.-O Concello de Muxía comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades da realización do *I Torneo Internacional de Xadrez "Entre faros" , e* na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Muxía.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Muxía do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (73,892%) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

*** Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

*** Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas no ano 2013, dende o 1 de setembro de 2013.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Muxía terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Muxía deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da sinatura do convenio e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Muxía para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Muxía da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello de Muxía deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Muxía destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Muxía poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se

o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Muxía serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Muxía será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de marzo de 2014 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de setembro de 2013.

2.- Logo da solicitude previa do Concello de Muxía, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Muxía

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

7.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS *XI JORNADAS NACIONALES DE COMISIONES DEONTOLÓGICAS* E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Conceder ao Colexio Oficial de Médicos da Coruña unha subvención nominativa por importe de **12.980 €,** para financiar as *XI Jornadas Nacionales de Comisiones Deontológicas,* cun orzamento subvencionado de 32.700 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Colegio Oficial de Médicos de A Coruña para financiar *as "XI Jornadas de comisiones deontológicas de colegios médicos de España".***

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Luís Enrique Vicente Sánchez, en representación do *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña*

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- O *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* ten unha longa historia dende 1898, ano da súa fundación ata a actualidade, de xeito que a súa historia é a de España, a de Galicia e a da provincia, e exerce entre outras, importantes funcións de profundización no melloramento da práctica da ciencia médica en todos os seus campos, e a súa divulgación entre a poboación.

2.- Incidindo no aspecto recollido no parágrafo anterior o *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* realizou unhas xornadas que, baixo a denominación *"XI Jornadas de comisiones deontológicas de colegios médicos de España" ,* tiveron lugar na Coruña do 13 ao 15 de xuño pasados, e nas que participaron profesionais de toda España.

3.- A Deputación Provincial da Coruña, concede unha grande importancia á profundización no coñecemento de aspectos tales como a ética, a deontoloxía e a responsabilidade dos facultativos no exercicio diario dunha profesión que ten unha incidencia tan fundamental na totalidade da nosa poboación.

4.- De acordo co anterior, a Deputación da Coruña, coñecedora da necesidade social de fomentar a extensión deste tipo de actividades, e considerando a súa complementariedade coa política de apoio á divulgación científica que vén desenvolvendo dende hai anos este organismo, está interesada en colaborar na organización das xornadas mencionadas.

Polo tanto, e en función das consideracións expostas, a Deputación Provincial da Coruña e o *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña*, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a definición das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Colexio Oficial de Médicos da Coruña (CIF: Q1566001B) para financiar a actividade denominada ***XI Jornadas de comisiones deontológicas de colegios médicos de España***, que tiveron lugar na Coruña nas datas comprendidas entre o 13 e o 15 do pasado mes de xuño.

As xornadas, que estiveron orientadas ao estudo da responsabilidade da profesión médica, á sostibilidade do sistema nacional de saúde e á información sanitaria nos medios de comunicación, desenvolvéronse segundo o seguinte programa:

Día 13 de xuño

Conferencia inaugural: Pasado, presente e futuro dos principios básicos da bioética.
Relator: Tom Beauchamp
Profesor del Kennedy Institute of Ethics da Universidade de Georgetown.

Coloquio

Mesa redonda: A responsabilidade da profesión médica

Mesa redonda: A sostibilidade do sistema nacional de saúde

Mesa redonda: Luces e sombras na información médica

Día 15 de xuño

Exposición de pósters

Reunión das comisións deontolóxicas dos colexios médicos de España

Mesa redonda: Deontoloxía no final da vida

Conferencia de clausura: A virtude da compaixón na práctica clínica.
Relatora: Adela Cortina Orts
Catedrática de Ética e Filosofía Política da Universidade de Valencia

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

O *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Honorarios, estadías e desprazamentos dos relatores	18.600,00.-
Desprazamentos dos congresistas e acompañantes	1.100,00.-
Organización	12.000,00.-
Outros gastos (asistencia técnica, imprenta, agasallos)	1.000,00.-
Total	***32.700,00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **12.980 €,** o que representa unha porcentaxe do **39,68%.**

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **39,68 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Colegio Oficial de Médicos de A Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Colegio Oficial de Médicos de A Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 €, con carácter previo á contratación o Colegio Oficial de Médicos de A Coruña, deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Colegio Oficial de Médicos de A Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña*, despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña*, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, desenvolvéronse nas datas sinaladas.

2.- Unha vez rematadas as actividades, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da sinatura do convenio e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- O *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención

outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña* será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de marzo de 2014 , e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poden realizarse dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude do *Colegio Oficial de Médicos de A Coruña,* realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIAL NATURAL PARA FINANCIAR A *MONTAXE DUN RORCUAL COMÚN (BALAENOPTERA PHYSALUS)* PARA O MUSEO DE HISTORIA NATURAL DA SGHN E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Conceder á Sociedade Galega de Historia Natural unha subvención nominativa por importe de **15.600 €,** para financiar a *Montaxe dun rorcual común (balaenoptera physalus) para o Museo de Historia Natural da SGHN,* cun orzamento subvencionado de 19.500 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Galega de Historia Natural para financiar a *montaxe dun rorcual común (balaenoptera physalus) para o Museo de Historia Natural da SGHN.***

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Paulino Gasalla Aller, secretario xeral da Sociedade Galega de Historia Natural, en nome e representación desta, de acordo co nomeamento efectuado por acordo da Xunta Directiva Xeral da entidade, na súa reunión do 9 de febreiro de 2013.

Actuando ambos no exercicio dos seus respectivos cargos, recoñecéndose mutuamente competencia para actuar na representación que teñen,

EXPOÑEN

1.- A Sociedade Galega de Historia Natural é unha asociación sen ánimo de lucro con sede en Santiago de Compostela e ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia, dedicada ao estudo, divulgación, conservación e defensa da natureza e do medio.

De acordo co artigo 5 dos seus estatutos, ten entre os seus obxectivos: fomentar e difundir o interese e a preocupación polos temas relacionados co coñecemento, conservación e defensa da natureza, para o que pode colaborar coas entidades que considere conveniente; organizar promover e apoiar todas as accións que se consideren para a defensa da natureza e do medio.

2.- Que no mes de marzo de 2004, varou na praia de Niñóns, Ponteceso, un exemplar dunha femia dun rorcual común (balaenoptera physalus) que, logo dos trámites para a

súa retirada, quedou baixo a custodia da Sociedade Galega de Historia Natural, coa previsión de ser preparado para un proxecto expositivo no Museo da Asociación.

3.- A *Lei 14/2011, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación* ten entre os seus obxectivos promover a participación activa dos cidadáns en materia de investigación, desenvolvemento e innovación, e o recoñecemento social da ciencia a través da formación científica da sociedade e da divulgación científica, e recoñece como axentes de financiamento ás administracións públicas que acheguen os recursos económicos necesarios para a realización de actividades de investigación científica.

4.- Os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura.

5.- Ambas as dúas partes recoñecen o interese do coñecemento e divulgación da ciencia e, coa finalidade de establecer as condicións da súa colaboración, acordan subscribir o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Galega de Historia Natural (G15037211) para financiar a ***montaxe dun rorcual común (balaenoptera physalus) para o Museo de Historia Natural da SGHN.***

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Sociedade Galega de Historia Natural desenvolverá o proxecto definido na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Limpeza dos ósos	1.000.-
Desengraxado	1.000.-
Desinfección e branqueado	1.000.-
Restauración dos ósos	2.000.-
Ensamblaxe do esqueleto	2.000.-
Complementos expositivos	2.000.-
Outros traballos (ferralla, pintura, imprenta)	500.-
Aluguer de maquinaria	2.000.-
Contratación de persoal	8.000.-
Total	***19.500 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.600 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Sociedade Galega de Historia Natural obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Sociedade Galega de Historia Natural.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Sociedade Galega de Historia Natural, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Sociedade Galega de Historia Natural deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Sociedade Galega de Historia Natural.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Sociedade Galega de Historia Natural, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Sociedade Galega de Historia Natural, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Sociedade Galega de Historia Natural deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous

meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Sociedade Galega de Historia Natural para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Sociedade Galega de Historia Natural da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Sociedade Galega de Historia Natural na documentación subministrada; e se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Sociedade Galega de Historia Natural terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Sociedade Galega de Historia Natural deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Sociedade Galega de Historia Natural destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Sociedade Galega de Historia Natural deberá contar polo menos cun

rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Sociedade Galega de Historia Natural poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Sociedade Galega de Historia Natural queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Sociedade Galega de Historia Natural serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Sociedade Galega de Historia Natural será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude previa da Sociedade Galega de Historia Natural, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL TELÓN E APARTE PARA FINANCIAR O *FESTIVAL INTERNACIONAL OUTONO DE TEATRO (FIOT)* E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Conceder á Asociación Cultural Telón e Aparte unha subvención nominativa por importe de **25.000 €,** para financiar o *Festival Internacional "Outono de Teatro " (FIOT),* cun orzamento subvencionado de 92.000 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Telón e Aparte para financiar o XXII Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT).**

A Coruña,

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, e

D. Alberto Sueiro Pastoriza, presidente da Asociación Cultural Telón e Aparte.

EXPOÑEN

1.- Que o 26.01.1993, foi inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións a Asociación Cultural Telón e Aparte, sendo aprobada a modificación dos seus estatutos o 1.02.2006, para a súa adaptación ao disposto na Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, cultural e sen ánimo de lucro, e tendo como fins, entre outros, a potenciación e incentivación do teatro e das artes escénicas.

Incidindo no anterior, e para o cumprimento das fins dispostas, os estatutos da mencionada entidade establecen, como unha das súas actividades principais, a realización do Festival Internacional Outono de Teatro que ten lugar no Concello de Carballo

2.- Que, de conformidade co artigo 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.
3.- Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento do XXII Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT), que terá lugar no Concello de Carballo.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Telón e Aparte (CIF: G15417165) para financiar o XXII Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, que terá lugar no mencionado concello nas datas comprendidas entre o 3 de outubro e o 3 de novembro do presente ano e cuxo programa é o seguinte:

Outubro: **Día 3** XV Rúa dos Contos **Día 4:** Unha noite de Farándula XV Rúa dos contos **Día 5:** XV Rúa dos contos **Día 6:** XV Rúa dos contos **Día 10:** Obradoiro do espectador XV Rúa dos contos **Día 11:** Kulunka Teatro XV Rúa dos contos **Día 12:** Grupo Chévere	XV Rúa dos contos **Día 13:** Animación teatral de rúa Diego Anido CO Symon Pedicri **Día 18:** Cía Triatreros Hamster **Día 19:** Teatro da Rúa Ron Lalá Siglo de Oro Siglo de Ahora **Día 20:** Producción Cristina Rota e Teatro Español **Día 24:** Cía. Prisamata **Día 25:** Titzina Teatro	**Día 26:** Teatro do Aquí Entrega do Xograr de Outono **Día 27.** La Mona Ilustre **Día 29:** Teatro de la Abadía **Día 31:** Prod. Teatrales C. Emilia **Novembro:** **Día 3:** Entrega premios XIII Concurso Teatro Lido “Xosé Manuel Eirís”

II.- Orzamento de gastos da actividade

A Asociación Cultural Telón e Aparte desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Difusión e publicidade:	20.500.-
(Deseño, impresión, merchandising, anuncios, gabinete prensa, bandeirolas)	
Alugamentos, servizos e equipamentos técnicos:	16.000.-
(Servizo técnico, carga e descarga, aluguer equipos)	
Cachés de compañías e grupos	55.000.-
Viaxes, axudas de custe e aloxamentos	500.-
Total de gastos	***92.000,00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **25.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **27,17 %.**

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **27,17 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Telón e Aparte obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Telón e Aparte.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Cultural Telón e Aparte, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Telón e Aparte deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Telón e Aparte.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural Telón e Aparte unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Telón e Aparte.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2013**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Telón e Aparte deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da sinatura do presente convenio.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Cultural Telón e Aparte para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Cultural Telón e Aparte da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Telón e Aparte na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Telón e Aparte terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación Cultural Telón e Aparte deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación Cultural Telón e Aparte destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Telón e Aparte deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Telón e Aparte poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Telón e Aparte queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Telón e Aparte serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto

á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Telón e Aparte será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de marzo de 2014, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Asociación Cultural Telón e Aparte, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CLUB O PARRULO FÚTBOL SALA PARA FINANCIAR A *ESTABILIZACIÓN DO EQUIPO DE 2ª DIVISIÓN B* E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Conceder ao club O Parrulo Fútbol Sala unha subvención nominativa por importe de **20.000 €,** para financiar a *Estabilización do equipo de 2ª división B,* cun orzamento subvencionado de 63.020 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e O Parrulo F.S. para financiar *as actividades realizadas durante o ano 2013***

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Julio Martínez Martínez, Presidente de O Parrulo F.S.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

Que O Parrulo F.S**.** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas entidades acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e O Parrulo F.S. (CIF: G 15302136) para financiar ***as actividades realizadas durante o ano 2013***

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o club

O Parrulo F.S. desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Material deportivo	1.750,00 €
Gastos médicos	500,00 €
Cotas e dereitos de participación	6.000,00 €
Dereitos de arbitraxes	11.540,00 €
Mutualidade deportiva	3.170,00 €
Licenzas deportivas	1.760,00 €
Seguridade en eventos deportivos	500,00 €
Desprazamentos equipos	28.500,00 €
Axudas de custe dos xogadores	7.000,00 €
Retribucións técnicos	2.000,00 €
Primas de seguro	300,00 €
Total	**63.020,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 31,74%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 31,74% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/341A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que O Parrulo F.S. obteña para a mesma finalidade,

sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao club O Parrulo F.S.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas co club O Parrulo F.S., nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, O Parrulo F.S. deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do clubs O Parrulo F.S.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao club O Parrulo F.S. unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do club O Parrulo F.S., xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia

sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, O Parrulo F.S. deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao club O Parrulo F.S. para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao club O Parrulo F.S. da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo club O Parrulo F.S.

Se transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, O Parrulo

F.S. terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- O Parrulo F.S. deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Parrulo F.S. destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, O Parrulo F.S. deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o club O Parrulo F.S. poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o club O Parrulo F.S. queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do club O Parrulo F.S. serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao club O Parrulo F.S. será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo de 2014.

2.- Logo da solicitude previa do club O Parrulo F.S. realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---
E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

11.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CLUB PRAIA DE PANTÍN PARA FINANCIAR O *CAMPIONATO DE SURF PANTÍN CLASIC PRO 2013* E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Conceder ao Club Praia de Pantín unha subvención nominativa por importe de **50.000 €,** para financiar o *Campionato de surf Pantín Clasic Pro 2013,* cun orzamento subvencionado de 62.500 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Praia de Pantín para financiar o *Campionato de surf Pantín Clasic Pro 2013.***

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Miguel Ángel Galeiras Piñón, presidente do Club Praia de Pantín

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o Club Praia de Pantín é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte náutico na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Club Praia de Pantín, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Praia de Pantín (CIF:G70177910) para financiar o ***Campionato de surf Pantín Clasic Pro 2013.***

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

O Club Praia de Pantín desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Retransmisión live do evento	6.000,00 €
Canon ASP WQS e pro-junior	5.500,00 €
Gastos de xuíces	18.000,00 €
Pagos en premios	33.000,00 €
Total	***62.500,00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/341A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Club Praia de Pantín obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Club Praia de Pantín.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas co Club Praia de Pantín, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Club Praia de Pantín deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Club Praia de Pantín.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao Club Praia de Pantín unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Club Praia de Pantín, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Club Praia de Pantín deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Club Praia de Pantín para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Club Praia de Pantín da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Club Praia de Pantín.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Club Praia de Pantín terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- O Club Praia de Pantín deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no

cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Club Praia de Pantín destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Club Praia de Pantín deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Club Praia de Pantín poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Club Praia de Pantín queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Club Praia de Pantín serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Club Praia de Pantín será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O presente convenio terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo de 2014.

2.- Logo da solicitude do Club Praia de Pantín realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da

Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---
E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

12.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA A FIEITEIRA PARA FINANCIAR A *ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA ESCOLAS DEPORTIVAS* E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Conceder á Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira unha subvención nominativa por importe de **45.000 €,** para financiar a *Adquisición de material para escolas deportivas,* cun orzamento subvencionado de 62.600 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira para *financiar a adquisición de material para a realización de escolas deportivas***

A Coruña,

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

Don Juan Carlos Brión Lema, Presidente da Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

Que a Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira** (CIF:G15512858) para financiar ***a adquisición de material para a realización de escolas deportivas.***

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Concepto	**Importe**
Carpa 3x3	1.200,00 €
Carpa 6x3	1.600,00 €
Escenario (tarimas modulares)	4.500,00 €
Valos	4.500,00 €
Petos	1.000,00 €
Xogos conos	600,00 €
Bicicletas	5.000,00 €
Bateis	6.500,00 €
Traiñeiras	3.500,00 €
Balóns Iniciación	600,00 €
Balóns	600,00 €
Bancos	5.500,00 €
Bancos fútbol	4.500,00 €
Colchóns	2.000,00 €
Tatami	5.000,00 €
Aros	200,00 €
Pelotas	200,00 €
Cintas	200,00 €
Mazas	200,00 €
Cordas	100,00 €
Fitness Ball	300,00 €
Saltómetro Pértega	4.500,00 €
Cinta de sectores	1.200,00 €
Táboa batida	1.000,00 €

Martelos diferentes categorías	700,00 €
Pesos diferentes categorías	500,00 €
Discos	250,00 €
Xogo kit lanzamentos	2.000,00 €
Set de testemuños	150,00 €
Cinta aceiro	250,00 €
Soporte para xavelinas	250,00 €
Pares aletas	500,00 €
Carros material	1.200,00 €
Pares manguiños	1.500,00 €
Burbullas para natación	800,00 €
Total	***62.600,00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **45.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **71,88,%.**

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 71,88%, da cantidade efectivamente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición dos bens ou equipamentos e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de transporte, nin os posibles honorarios derivados de informes periciais de valoración ou de carácter notarial ou rexistral.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/341A/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- . Na súa condición de adquirente, corresponderalle á Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe da adquisición supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Nos acordos que se tomen para a adquisición do ben ou equipamento farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben ou equipamento, a Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira deberá colocar un cartel no taboleiro de anuncios do local social ou en calquera outro lugar visible no que figure o anagrama provincial e no que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira, unha vez que se presente a seguinte documentación:

***** Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.

* Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.

* Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de

inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de cinco anos.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- A adquisición dos bens e equipamentos, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas, polo menos, **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez realizada a adquisición, a Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira, na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira**,** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- A Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira, deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 € Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 € E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira, serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo de 2014.**

2.- Logo da solicitude da Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Asociación Cultural e Deportiva A Fieiteira, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

13.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CULTURAL ORQUESTA GAOS CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE CONCERTOS DO ANO 2013 NA CORUÑA E SANTIAGO DE COMPOSTELA.

1.- Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación Cultural Orquesta Gaos correspondente á subvención nominativa, por importe de **10.000 €**, concedida para financiar o *Programa de concertos do ano 2013 na Coruña e Santiago de Compostela,* cun orzamento subvencionado de 32.999,85 €, de acordo co texto que se achega ao final do presente acordo.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquesta Gaos para financiar o *Programa de concertos do ano 2013 na Coruña e Santiago de Compostela.***

A Coruña,

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, e

D. Marcos Seoane Vilariño, presidente da Asociación Cultural Orquesta Gaos.

EXPONEN

1.- Que o 20 de xaneiro de 2010 e, ao amparo do disposto na Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, foi constituída a Asociación Cultural Orquesta Gaos como unha asociación de carácter cultural musical, sen ánimo de lucro, cuxos fins principais son: a cultura musical e as súas relacións coas demais artes e ser o impulsor principal da Orquesta Gaos e dos seus principios.

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar concertos, cursos, conferencias, exposicións ou seminarios.

2.- Que, de conformidade co artigo 118.d) da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.- Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio da realización dun ciclo de concertos da Orquesta Gaos nas cidades da Coruña e Santiago de Compostela, co obxectivo de apoiar aos artistas autóctonos e estimular a produción feita en Galicia.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquesta Gaos (CIF: G70233424) para financiar o ***Programa de concertos do ano 2013 na Coruña e Santiago de Compostela.***

Estes concertos tiveron lugar nos meses de febreiro e maio, de acordo co seguinte:

* 10 de febreiro, no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela: Orquesta Gaos con Mateo Arnaiz (guitarra). Obras de Joaquín Rodrigo, Bizet e Rimsky-Korsakov.

* 12 de febreiro, no Teatro Colón, na Coruña: Orquesta Gaos con Mateo Arnaiz (guitarra). Obras de Joaquín Rodrigo, Bizet e Rimsky-Korsakov.

* 11 de maio, no Pazo da Ópera da Coruña: Orquesta Gaos con David Fernández (trompa). Obras de Weber e Beethoven.

* 12 de maio, no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela: Orquesta Gaos con David Fernández (trompa). Obras de Weber e Beethoven.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago

A Asociación Cultural Orquesta Gaos desenvolveu as actividades segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Aluguer partituras J. Rodrigo	474,15.-
Compra partituras Weber	250,00.-
Fotocopias	1.000,00.-
Transporte autobús a Santiago	783,20.-
Transporte materiais	1.000,00.-
Axudas de custe programa 1	9.450,00.-
Desprazamentos programa 1	4.485,00.-
Axudas de custe programa 2	10.325,00.-
Desprazamentos programa 2	5.232,50.-
Total de gastos	***32.999,85 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **30,30 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 30,30 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Orquesta Gaos obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural Orquesta Gaos.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Cultural Orquesta Gaos, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Orquesta Gaos.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural Orquesta Gaos unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Orquesta Gaos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente aos concertos sinalados na cláusula primeira.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da sinatura do convenio.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Cultural Orquesta Gaos para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Cultural Orquesta Gaos da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Orquesta Gaos na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Orquesta Gaos terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación Cultural Orquesta Gaos destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Orquesta Gaos poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Orquesta Gaos queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Orquesta Gaos serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto

á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Orquesta Gaos será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Asociación Cultural Orquesta Gaos, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

14.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE PARA FINANCIAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA POSTA EN MARCHA DA LONXA.

"1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE, CIF G15338593, para financiar os "Gastos de funcionamento: posta en marcha da lonxa".

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 14.005,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 43,028 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/415A/481.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE
A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. , con DNI núm. , en representación da CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE consideran de grande interese para a provincia a importante repercusión socioeconómica da pesca de baixura na comunidade galega e, especialmente nos municipios costeiros, polo que na zona da Costa da Morte ademais dunha dependencia directa da pesca artesanal existe todo un armazón socioeconómico indirecto que está sustentado por esta actividade.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE**, **CIF G15338593**, para o financiamento dos "Gastos de funcionamento: posta en marcha da lonxa".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1. GASTOS DE PERSOAL	
Soldos e Seguridade Social Secretaria e administrativo	24.960,00 €
2. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	
Concesión Lonxa ano 2013	2.200,00 €
Seguro Responsabilidade Civil Lonxa ano 2013	670,00 €
Adquisición material de oficina (Consumibles) Non inventariables	1.500,00 €
Electricidade	2.000,00 €
Teléfono	1.000,00 €
Realización control de APPC e desratización	218,00 €
TOTAL	**32.548,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 14.005,00 €, o que representa unha porcentaxe do 43,028%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 43,028% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/415A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á CONFRARÍA DE PESCADORES DE

CAMELLE, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento deas ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só

excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2014**, sempre e cando exista crédito para tal fin no exercicio 2014.
2. Para o caso de que a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE

DON DIEGO CALVO POUSO

15.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PLAN DE REFORZO DE ACTUACIÓN DE PROMOCIÓN TURÍSTICA E DO PLAN DE MEDIOS.

"1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, CIF P1507900G, para financiar as actividades no "*Plan de reforzo de actuacións de promoción turística e plan de medios*".

2.- A achega provincial establecida no convenio ascende a un total de 150.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

A achega poderase facer efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/432A/46201.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, D/Dª , en representación do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, **CIF P1507900G**,que actuará na súa xestión a través da empresa municipal

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA) para o financiamento do "*Plan de reforzo de actuacións de promoción turística e plan de medios*".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
A.- Área Santiago. Promoción e posta en valor dos recursos turísticos e económicos da Área de Santiago	35.000,00 €
B.1.- Promoción. Accións de promoción con motivo da celebración do Ano Dual España-Xapón	16.000,00 €
B.2.- Promoción. Outras accións de promoción	26.000,00 €
C.- Publicacións e portal web	18.000,00 €
D.1.- Turismo Gastronómico. Santiago (é) tapas	18.000,00 €
D.2.- Turismo Gastronómico. Outros eventos gastronómicos	12.000,00 €
E.- Turismo Deportivo. Apoio á organización de eventos deportivos	8.000,00 €
F.- SCFC. Presentación da SCFC no Festival Cine de San Sebastián	6.000,00 €
G.- Comunicación. Campaña publicitaria en medios nacionais	48.500,00 €
TOTAL	**187.500,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 150.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/432A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

> 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
> 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
> 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
> 4.- O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

> 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
> 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu

caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado,

coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2014**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O alcalde do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DON DIEGO CALVO POUSO

16.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES QUE SE HAN REALIZAR NO FUNCIONAMENTO DA AULA DE NATUREZA NO MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DE VALGA.

"1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DE MESÍA**, CIF P1504800B, para financiar as "*Actividades que se han realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga*".

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 45.074,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/333A/46201.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE MESÍA
A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,
E doutra parte, D. Mariano Iglesias Castro, en representación do CONCELLO DE MESÍA
Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MESÍA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE MESÍA**, **CIF P1504800B**, para o financiamento das "*Actividades que se han realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga*"".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE MESÍA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1. Gastos de persoal	**43.578,08 €**
Peón de xardinería	17.860,56 €
Peón de xardinería	14.883,80 €
Monitor de tempo libre	10.833,72 €

2. Gastos correntes en bens e servizos	**12.764,42 €**
Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, talleres, xornadas, etc.	1.000,00 €
Material para obradoiros, talleres, etc.	1.500,00 €
Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro, etc.	1.500,00 €
Conferencias e charlas	300,00 €
Produtos de limpeza	800,00 €
Electricidade e teléfono	2.000,00 €
Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables)	1.500,00 €
Aboamentos, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes	500,00 €
Alimentación e repoboación da fauna existente	1.000,00 €
Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais equipamento (pintado aulas, traballos de albanelería en vieiros, canalización acuíferas, etc.)	1.664,42 €
Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade…	1.000,00 €
TOTAL	**56.342,50 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN EN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 45.074,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/333A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MESÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE MESÍA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MESÍA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE MESÍA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MESÍA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE MESÍA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4.- O CONCELLO DE MESÍA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MESÍA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MESÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MESÍA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MESÍA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE MESÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MESÍA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MESÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de decembro do ano 2013 ata o 31 de outubro de 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de novembro do ano 2014,** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MESÍA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de novembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MESÍA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MESÍA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O alcalde do CONCELLO DE MESÍA

DON DIEGO CALVO POUSO

17.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DTC 93-UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.

1º) Aprobar as bases reguladoras do PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS, cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas bases á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 0501/459G/76201, tanto no orzamento inicial do exercicio 2014 como nos expedientes de modificación de créditos que a deputación poida aprobar ao longo do ano 2014 ou 2015 para o financiamento do Plan DTC 93.

BASES REGULADORAS

DO PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente "Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos" é un Plan da Deputación Provincial da Coruña destinado aos 93 concellos da provincia que previsiblemente vaise financiar cunha achega provincial por importe de 18.000.000,00 € e ademais coas achegas que voluntariamente realicen os concellos para completar o financiamento dos investimentos.

Achega provincial disposta	18.000.000,00 €

En principio, pártese de que nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo dos anos 2014 ou 2015 poida consignarse na partida 0501/459G/76201 do presuposto provincial a cantidade de 18.000.000,00 € para o financiamento do plan.

Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o DTC 93 concíbese co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o plan que poida aprobar a deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte co criterio de prioridade disposto na base 6.

Por iso, a aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente nos expedientes de modificación de créditos que a deputación poida aprobar ao longo do ano 2014 ou 2015 para o financiamento do DTC 93. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia presupostaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións presupostarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

Por iso, especialmente neste momento de crise económica, a finalidade deste plan é axudar aos concellos da provincia para garantir a adecuada prestación dos servizos públicos municipais esenciais mediante o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles e dos gastos municipais que deseguido se detallan:

A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

Obras de reparación ou mantemento dos edificios ou das instalacións municipais, actuacións de reparación ou mantemento dos camiños municipais e do alumeado público e as reparacións ou mantementos da subministración de auga potable e da rede de sumidoiros.

En todo caso, deben ser obras para as que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, conten con elas xa no momento da solicitude, o que deberá acreditarse documentalmente como se indica na base 5.

Tamén poderá solicitarse a inclusión de adquisición de maquinaria, material técnico especial, ou vehículos directamente destinados ao funcionamento dos servizos públicos.

B) HONORARIOS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS DE OBRAS

Honorarios de redacción de proxectos de obras contratados externamente.

C) ACHEGAS MUNICIPAIS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS E CONVENIOS

Financiamento da achega municipal para participar noutros plans, programas ou convenios da deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento, ou as subministracións indicadas no apartado A.

As obras ou subministracións para cuxa achega municipal solicítase financiamento, deben estar adxudicadas no momento da solicitude.

D) PLAN COMPLEMENTARIO

Por outra banda, o concello poderá solicitar actuacións dos tipos A), B) ou C) que desexe realizar para o caso de que se produzan remanentes por baixas na adxudicación dos contratos, ou por anulacións das actuacións. Non obstante, o concello poderá realizar, no seu momento, unha maior achega para completar o orzamento da actuación complementaria se fose necesario.

Deste modo, a deputación aprobarán o Plan DTC 93 base xunto cun Plan complementario para aplicar os remanentes que se poidan orixinar.

Se o concello inclúe varias obras ou subministracións no Plan complementario, poderá decidir no seu momento aquela á que vai aplicar os remanentes xerados con independencia da súa orde de relación no plan.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 93 concellos da provincia.

4.- FINANCIAMENTO

O presente plan anual financiarase entre a deputación e os concellos que voluntariamente realicen achegas para o financiamento das actuacións que se han realizar.

No suposto de que o concello realice achegas municipais voluntarias, deberá detallar para cada actuación a parte que financia a deputación e a que financia o concello.

Segundo se indica na base 1, en principio pártese de que nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo dos anos 2014 ou 2015 poida consignarse na partida 0501/459G/76201 do presuposto provincial a cantidade de 18.000.000,00 € para o financiamento do plan, e dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o DTC 93 concíbese co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento, e a reprogramacións de importes ou anualidades, consonte co criterio de prioridade disposto na base 6.

A cada concello asígnaselle unha cantidade de achega provincial calculada aplicando as variables ponderadas que deseguido se indican:

10%	Cota fixa
20%	Esforzo fiscal
10%	Número de parroquias
30%	Poboación total
30%	Superficie

No caso de concellos fusionados, calcularase o importe lle correspondería aos concellos separadamente antes da fusión, e o resultado incrementarase nun 30%.

Da aplicación destas porcentaxes aos datos dos 93 concellos destinatarios do Plan resulta a cantidade de achega provincial que se lles asigna a cada un deles, e que se transferirá aos concellos na forma establecida na base 8.

O presente plan ten carácter de parcialmente “prepagable” no sentido de que o 50% da achega provincial transferirase aos concellos unha vez que se reciba a documentación requirida na forma disposta para cada un dos tipos de actuacións descritas na base 8.

5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de **xeito telemático**, a través da páxina web da Deputación da Coruña. www.dicoruna.es. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica o secretario e o alcalde para asinar a documentación achegada, e tamén a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o 1 de marzo de 2014 e rematará ás 14.00 horas do día 30 de abril de 2014.

A documentación administrativa e técnica será revisada e supervisada pola Deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada.

A documentación que debe presentarse é a que deseguido se indica:

5.1. – Acordo plenario

Certificación do acordo do Pleno do concello segundo o modelo que figura como ANEXO I a estas bases, no que se acepten expresamente estas bases e se aprobe a solicitude que se ha realizar, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se financia con cargo á achega municipal voluntaria.

No caso de que o concello realice achegas municipais voluntarias, deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito de abondo para o financiamento da achega municipal disposta.

No caso de obras, no mesmo acordo indicarase expresamente que o concello conta cos terreos necesarios e coas autorizacións ou concesións administrativas precisas para a súa execución.

Se o concello decide destinar a cantidade que se lle asigna neste plan ao financiamento da achega municipal obrigatoria para participar noutros plans ou programas da deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento ou as subministracións indicadas nestas bases, deberá indicar os datos das actuacións ás que se destina e o plan no que se inclúen, detallando o seu financiamento entre todas as administracións cofinanciadoras.

Neste acordo incluirase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das actuacións, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións ou da propia deputación para a execución da obra, deberá facilitar o detalle de cada unha delas e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito acordo autorízase á deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. De non outorgar esta autorización, o concello deberá presentar as certificacións oportunas coa documentación da solicitude e coa documentación xustificativa requirida para o pago.

Non obstante, os municipios de gran poboación formalmente acollidos ao réxime establecido na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

5.2 Documentación específica

A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

- Documentación técnica

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, co contido establecido no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE nº 276 do 16 de novembro de 2011).

- Informe técnico

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, no que se indiquen expresamente as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta. Se se precisan autorizacións deberá achegarse o correspondente documento acreditativo de que o concello xa conta con elas.

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do citado Real decreto lexislativo 3/2011.

O orzamento mínimo de cada proxecto técnico de obra ou prego de prescricións técnicas das subministracións establécese en 30.000,00 euros.

B) HONORARIOS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS DE OBRAS

Deberá presentarse unha memoria técnica xustificativa da necesidade de contratar externamente a redacción dos proxectos, con indicación da denominación da obra, presuposto do proxecto e dos honorarios de redacción, así como a forma do

financiamento da obra indicando, no seu caso, o plan ou programa no que se vai incluír.

C) ACHEGAS MUNICIPAIS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS E CONVENIOS

Debe presentarse unha ficha resumo cos datos das obras cuxa achega municipal se vai incluír neste plan, detallando o seu financiamento detallado segundo o modelo que figura como anexo IV a estas bases.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación presentada, o Pleno da Deputación poderá aprobar un plan partindo das solicitudes presentadas polos concellos. O plan poderá aprobarse nunha ou varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da deputación e acreditada a dispoñibilidade presupostaria adecuada e suficiente.

O Plan que se aprobe poderá ser o resultado de axustes ou reprogramacións de importes ou anualidades, aplicándose como “criterio de prioridade” a poboación dos concellos, de xeito que terán prioridade as solicitudes presentadas polos concellos de menor poboación.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaren alegacións nin se emitira informe, poderanse proseguir os trámites.

A aprobación definitiva do Plan adicional que máis adiante se aprobe, financiado coas baixas de licitación ou anulacións de proxectos que se aprobe no marco do Plan complementario, realizarase mediante Resolución da Presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e en consecuencia se declare definitivamente aprobado o Plan adicional no que se incluirán as obras ou subministracións dispostas no Plan complementario daqueles concellos para os que exista crédito para o seu financiamento.

7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

Os concellos contratarán as obras de acordo co texto refundido da Lei de contratos do sector público, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración ou mediante procedemento negociado, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación. O concello debe cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato**.**

Excepcionalmente, as obras poderán executarse pola propia administración de acordo co establecido no artigo 24 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Non se poderá realizar a adxudicación mediante contrato menor.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do Plan, os concellos poderán adxudicar as actuación incluídas no Plan **ata o 1 de outubro de 2014.** Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

Non obstante, no caso de que a aprobación do Plan se produza por fases ao longo do ano 2014 ou 2015, a deputación poderá establecer outras datas para a contratación das obras.

As baixas que se produzan no plan destinaranse a minorar a achega municipal que se realice ata anular, se fora posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación.

Unha vez adxudicadas as obras deberá remitirse á esta deputación, de xeito telemático, a seguinte documentación:

- Listaxe das obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se enviará ao concello coa circular de contratación

- A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos

- Acta de comprobación do replanteo

- No caso de adxudicación mediante procedemento negociado, deberá presentarse a seguinte documentación:

    - xustificación da publicidade da licitación ou a consulta a 3 empresas,
    - a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
    - informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios da adxudicación dispostos na cláusula 15 en relación co anexo IV do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada as ofertas presentadas

- No caso de adxudicación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración-factor prezo, ou con multiplicidade de criterios de valoración deberá presentarse a seguinte documentación:

    - xustificación da publicidade da licitación
    - a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
    - informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación dispostos no prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada as ofertas presentadas

- No caso de que foran executadas pola propia administración, deberá presentarse o informe do secretario do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 do Real decreto lexislativo 3/2011 e a acta de inicio das obras.

8.- EXECUCIÓN DO PLAN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

A deputación transferirá ao concello o importe da achega provincial segundo se detalla a continuación para cada un dos tipos de actuacións incluídas neste plan. En todo caso ao realizarse o pagamento con carácter parcialmente prepagable, o concello deberá xustificar a efectiva aplicación da achega provincial recibida á finalidade para a que foron transferidos. A presentación da documentación será telemática.

No caso de que os importes das obras executadas polo concello incluídas dentro do plan así como do resto das actuacións realizadas, sexan inferiores ás cantidades transferidas ao concello, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda. O concello queda obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida pola deputación.

A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

- OBRAS:

O concello deberalle notificar á deputación cunha antelación mínima de 15 días a data disposta para realizar tanto a comprobación de replanteo da obra, como a súa recepción, para que poida asistir un representante da deputación se o considera conveniente. Non obstante, se no prazo de dez días contados desde o día seguinte ao de recepción desta comunicación, a deputación non comunica ao concello a designación do técnico da deputación que asistirá a ditos actos, o concello poderá realizalos sen a presenza de persoal da deputación.

Cando se reciba na deputación a acta de comprobación de replanteo da obra, a deputación transferirá ao concello, con carácter de prepagable, o 50% da achega da deputación calculada sobre o presuposto de adxudicación de cada actuación.

As obras executaranas os respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración. A dirección e a execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

As modificacións dos contratos tramitaranse, no seu caso, polo concello, de acordo co establecido no Real decreto lexislativo 3/2011 citado. De calquera xeito, requiririase a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

Calquera incremento que se derive da execución do proxecto deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

Á medida que se execute a obra, os concellos deben presentar na deputación as correspondentes certificacións de execución das obras ou as facturas, debidamente aprobadas polo órgano municipal competente, para a súa aprobación técnica pola deputación.

Xunto coa primeira certificación deberán presentarse dúas fotografías onde se reflicta a colocación do cartel na obra e no seu contorno, conforme ao modelo establecido.
Cando se presente a derradeira certificación de execución ou factura acompañada da "acta de recepción", así como a certificación acreditativa da aprobación da certificación ou factura polo órgano municipal competente e a acreditación de ter destinado o importe anticipado a realizar os pagos correspondentes, a deputación transferirá ao concello o 50% ou resto da achega provincial, calculada sobre o presuposto de adxudicación, correspondente ao investimento executado.
Todas as obras deberán estar rematadas o 1 de outubro de 2015. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia tras a solicitude motivada do concello.
- SUBMINISTRACIÓNS:
Cando se reciban na deputación os datos de adxudicación da subministración, a deputación transferiralle ao concello, con carácter de prepagable, o 50% da achega da deputación calculada sobre o presuposto de adxudicación.
Cando se reciba na deputación a factura aprobada polo órgano municipal competente acompañada da acta de recepción, a deputación transferirá ao concello o 50% ou resto da achega da deputación.
Todas as subministracións deberán estar realizadas o 1 de outubro de 2015. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia tras a solicitude motivada do concello.
B) HONORARIOS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS DE OBRAS

Cando se solicite a inclusión dentro do Plan dos honorarios da redacción dos proxectos de obras, que sexan contratados externamente, os concellos deberán remitir á Deputación copia do contrato asinado para a súa redacción, para poder transferir o pago do 50% da achega solicitada á deputación calculada sobre o importe do contrato de adxudicación.

A remisión da copia do contrato de redacción de proxectos deberá realizarse ata o 1 de outubro de 2014.
Con posterioridade, e ata o 1 de outubro de 2015, o concello deberá presentar a correspondente factura aprobada polo órgano municipal competente e a deputación transferirá o 50% ou resto da achega provincial.

C) ACHEGAS MUNICIPAIS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS E CONVENIOS
A deputación transferirá ao concello o 50% da achega provincial aplicada a esta finalidade logo da aprobación do plan polo Pleno con base nos datos que figuran no ANEXO II presentado coa solicitude de participación no plan.
Os concellos deberán presentar na deputación, ata o 1 de outubro de 2015, un informe asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello xustificativo da achega provincial, así como a acta de recepción do investimento ou informe técnico xustificativo da súa execución segundo o modelo que figura como ANEXO III ás bases.

Á vista da citada documentación anexa a deputación transferirá ao concello o 50% ou resto da achega provincial solicitada para esta finalidade.

Unha vez que o concello realice o pago da citada cantidade, enviarase á deputación o xustificante do pagamento.
O concello queda obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida pola deputación.

9.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO I

PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

MODELO DE ACORDO PLENARIO

1º) Participar no "Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e solicitar a aplicación da subvención asignada á seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
T O T A L			

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Honorarios de redacción de proxectos de obras

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL	OUTRAS ACHEGAS
T O T A L				

C) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	FINANCIAMENTO DESAGREGADO	ACHEGA PROVINCIAL APLICADA
T O T A L		

D) Resumo

	Deputación	**Concello**	**Outras achegas**	**Presuposto total**
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS				
SUBTOTAL HONORARIOS REDACCIÓN PROXECTOS				
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS				
TOTAL				

2º) Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as actuacións que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións das obras ou subministracións:

Denominación	**Presuposto**
TOTAIS	

3º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4º) (Só no caso de que exista achega municipal voluntaria)
Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito de abondo para o seu financiamento.

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. alcalde, en , de .

V. e pr.
O alcalde

ANEXO II

PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

CONCELLOS QUE DESTINAN A CANTIDADE ASIGNADA POLA DEPUTACIÓN AO FINANCIAMENTO DAS ACHEGAS MUNICIPAIS OBRIGATORIAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS DA DEPUTACIÓN OU DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello para o pago do primeiro 50% da achega provincial

CONCELLO DE	

DENOMINACIÓN E CÓDIGO DA OBRA	**DENOMINACIÓN DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE**	**DETALLE POR ADMINISTRACIÓNS**	**IMPORTES SOBRE CONTRATA**	**IMPORTES SOBRE ADXUDICACIÓN**
		T o t a l		

Para os efectos do pagamento do 50% da achega provincial, informo que o concello adquiriu o compromiso de realizar unha achega municipal pola cantidade que se indica, ou que a administración que xestiona o plan ou programa realizou o requirimento de ingreso do citado importe:

Achega municipal comprometida ou requirida	

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO III

PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

CONCELLOS QUE DESTINAN A CANTIDADE ASIGNADA POLA DEPUTACIÓN AO FINANCIAMENTO DAS ACHEGAS MUNICIPAIS OBRIGATORIAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS DA DEPUTACIÓN OU DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

CONCELLO DE	

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello para o pago do segundo 50% ou resto da achega provincial

DENOMINACIÓN E CÓDIGO DA OBRA	DENOMINACIÓN PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	DETALLE POR ADMINISTRACIÓNS	IMPORTES SOBRE CONTRATA	IMPORTES SOBRE ADXUDICACIÓN	IMPORTES SOBRE EXECUCIÓN
		Total			

Para os efectos da xustificación e pagamento do 50% ou resto da achega provincial solicitada, xúntase a acta de recepción do investimento ou informe técnico xustificativo da súa execución.

Unha vez que o concello realice o pago da citada cantidade, enviarase á deputación o xustificante do pagamento.

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

Deputación DA CORUÑA

18.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "SENDA PEONIL NA VÍA PÚBLICA R-5-III-B, POLÍGONO DO TAMBRE-SON DE ABAIXO", DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011. CÓDIGO: 11.2100.0210.0.

Aprobar o proxecto reformado da obra "Senda peonil na vía pública R-5-III-B, Polígono Tambre-Son de Abaixo" do Concello de Santiago de Compostela, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, co código: 11.2100.0210.0, que implica un incremento no seu orzamento de adxudicación, tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da Deputación.

Senda peonil na vía pública R-5-III-B, Polígono Tambre-Son de Abaixo (Concello de Santiago de Compostela) Código: 11.2100.0210.0							
Axentes cofinanciadores	**DATOS CO 18 % IVE**					**DIFERENZA ADXUDICACIÓN**	
	CONTRATA Proxecto inicial	**CONTRATA Proxecto Reformado**	**DIFERENZA CONTRATA**	**ADXUDICACIÓN Proxecto inicial**	**ADXUDICACIÓN Proxecto Reformado**	**IVE 18%**	**IVE 21%**
Deputación	269.529,38	269.529,38	0,00	187.913,53	187.913,53	**0,00**	**0,00**
Concello	27.294,92	55.527,98	28.233,06	9.890,19	28.704,70	**18.814,51**	**19.292,84**
TOTAL	296.824,30	325.057,36	28.333,06	197.803,72	216.618,23	**18.814,51**	**19.292,84**

19.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MURO DE CONTENCIÓN NO LUGAR DA MADALENA DA PARROQUIA DE LAMPÓN.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Boiro para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Boiro
DENOMINACIÓN DA OBRA	Muro de contención no lugar da Madalena da parroquia de Lampón
ORZAMENTO DO PROXECTO	169.958,39 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	135.966,71 €
ACHEGA DO CONCELLO	33.991,68 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MURO DE CONTENCIÓN NO LUGAR DA MADALENA DA PARROQUIA DE LAMPÓN

A Coruña, de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Don Juan José Dieste Ortigueira, alcalde-presidente do Concello de Boiro.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Boiro ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro con CIF P1501100J, para o financiamento da obra de " MURO DE CONTENCIÓN NO LUGAR DA MADALENA DA PARROQUIA DE LAMPÓN, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto D. J. EMILIO PIÑA ORDIZ

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. : 118.034,86
GASTOS XERAIS : 15.344,53
BENEFICIO INDUSTRIAL : 7.082,09
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 29.496,91
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 169.958,39

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 135.966,71 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta

inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201. A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de

adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES

contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.
4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá

solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada á devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria do de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO
Diego Calvo Pouso	Juan José Dieste Ortigueira

20.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CAMIÑO AC-960 Á PONTE (POR ABELLEIRA) E OUTROS.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Boqueixón para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Boqueixón
DENOMINACIÓN DA OBRA	Camiño AC-960 a Ponte (por Abelleira) e outros
ORZAMENTO DO PROXECTO	156.521,51 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	125.217,21 €
ACHEGA DO CONCELLO	31.304,30 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DO CAMIÑO AC-960 (POR ABELLEIRA) E OUTROS

En de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Don Jesús Sanjuás Mera, alcalde presidente do Concello de Boqueixón.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Boqueixón ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boqueixón con CIF P1501200H, para o financiamento da obra de " OBRAS DELCAMIÑO AC-960 (POR ABELLEIRA) E OUTROS : RECTA DE VILA A NOENTE, RECTA DÁ VILA A CRUZAMENTO DÁ IGREXA, CAMIÑO DE REGUEIRA A CRUZAMENTO DE ROSARIO, CAMIÑO ENTRADA A IGREXA, CAMIÑO DE SENANDE A CRUZAMENTO LEIS…", tal como aparece definida a mesma no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños D. XULLO C. VERMELLO MARTÍNEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. Devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. : 108.703,04
GASTOS XERAIS : 14.131,40
BENEFICIO INDUSTRIAL : 6.522,18
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 27.164,89
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 156.521,51

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 125.217,21 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da

cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201. A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de

adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES

contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento a ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.
4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA Ou MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá

solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada á devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria do de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Diego Calvo Pouso	Jesús Sanjuás Mera

21.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE SEGURIDADE VIAL EN LONGRAS.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Coirós para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Coirós
DENOMINACIÓN DA OBRA	Seguridade viaria en Longras
ORZAMENTO DO PROXECTO	29.815,15 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	29.815,15 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00€
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/151B/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE SEGURIDADE VIARIA EN LONGRAS

En de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Don Francisco Quintela Requeijo, alcalde presidente do Concello de Coirós.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ames ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Coirós con CIF P1502700F, para o financiamento da obra de " SEGURIDADE VIARIA EN LONGRAS, QUEIRIS E A SÚA ÁREA DE INFLUENCIA", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de montes D. JUAN CARLOS LLAMAZARES DÍAZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. : 20.706,40
GASTOS XERAIS : 2.691,83
BENEFICIO INDUSTRIAL : 1.242,38
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 5.174,53
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 29.815,15

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 29.815,15 €, o que representa unha porcentaxe de 100 %.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos por a obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/151B/76201. A aprobación definitiva deste Convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste Convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VIN.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de xubvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que

se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de res meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.
4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN Ao REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo

prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada á devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria do de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COIRÓS
Diego Calvo Pouso	Francisco Requeijo Quintela

22.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE DODRO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE DODRO-SALA MULTIUSOS.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Dodro para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Dodro
DENOMINACIÓN DA OBRA	Ampliación Pavillón Polideportivo Municipal de Dodro-Sala Multiusos
ORZAMENTO DO PROXECTO	199.419,10 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	159.535,28 €
ACHEGA DO CONCELLO	39.883,82 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/342A/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE DODRO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE DODRO-SALA MULTIUSOS

de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Don Valentín Alfonsín Somoza, alcalde presidente do Concello de Dodro.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Dodro ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Dodro con CIF P1503300D, para o financiamento da obra de " AMPLIACIÓN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE DODRO-SALA MULTIUSOS" tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto ÓSCAR PIDRE MOSQUERA

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto Refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. : 138.495,10
GASTOS XERAIS : 18.004,36
BENEFICIO INDUSTRIAL : 8.309,71
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 34.609,93
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 199.419,10

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 159.535,28 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que

a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.
3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/342A/76201, unha vez que entre en vigor o expediente de modificación de créditos 4/2013, no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento a ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso..

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que

se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo

prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria do de de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE DODRO
Diego Calvo Pouso	Valentín Alfonsín Somoza

23.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DO PAVIMENTO NO VIAL DENDE O CRUCE DE CASTIÑEIRAS ATA GANDARELA.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Lousame para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Lousame
DENOMINACIÓN DA OBRA	Mellora do pavimento no viario dende o cruzamento de Castiñeiras ata Gandarela
ORZAMENTO DO PROXECTO	49.802,09 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	39.841,67 €
ACHEGA DO CONCELLO	9.960,42 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS MELLORA DO PAVIMENTO NO VIARIO DENDE O CRUZAMENTO DE CASTIÑEIRAS ATA GANDARELA

En de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte a Sra. Dona Mª Teresa Villaverde País, alcaldesa presidenta do Concello de Lousame.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Lousame ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Lousame con CIF P1504300C, para o financiamento da obra de "MELLORA DO PAVIMENTO NO VIARIO DENDE O CRUZAMENTO DE CASTIÑEIRAS ATA GANDARELA**"**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños DON JULIO C. ROJO MARTÍNEZ.
2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase co seguinte detalle:
P.E.M. : 34.587,19
GASTOS XERAIS : 4.496,33
BENEFICIO INDUSTRIAL : 2.075,23
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 8.643,34
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 49.802,09

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 39.841,67 €, o que representa unha

porcentaxe do 80 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201. A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A súa ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria do de de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOUSAME
Diego Calvo Pouso	Mª Teresa Villaverde País

24.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E PAVIMENTACIÓN DE VIAL INTERIOR EN MERELLE E MELLORA DO PAVIMENTO NO VIAL DE ACCESO A ALDARÍS.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Lousame para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Lousame
DENOMINACIÓN DA OBRA	Ampliación e pavimentación de viario interior en Merelle e mellora do pavimento no viario de acceso a Aldaris
ORZAMENTO DO PROXECTO	39.596,56 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	31.677,25 €
ACHEGA DO CONCELLO	7.919,31 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E PAVIMENTACIÓN DE VIARIO INTERIOR EN MERELLE E MELLORA DO PAVIMENTO NO VIARIO DE ACCESO A ALDARIS

En de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte a Sra. Dona Mª Teresa Villaverde País, alcaldesa presidenta do Concello de Lousame.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Lousame ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Lousame con CIF P1504300C, para o financiamento da obra de " AMPLIACIÓN E PAVIMENTACIÓN DE VIARIO INTERIOR EN MERELLE E MELLORA DO PAVIMENTO NO VIARIO DE ACCESO A ALDARIS", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños DON JULIO C. ROJO MARTÍNEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. : 27.499,52
GASTOS XERAIS : 3.574,94
BENEFICIO INDUSTRIAL : 1.649,97
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 6.872,13
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 39.596,56

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 31.677,25 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza .

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201. A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma

que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria do de de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOUSAME
Diego Calvo Pouso	Mª Teresa Villaverde País

25.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DO PAVIMENTO E AMPLIACIÓN DO VIAL DE ACCESO A QUINTÁNS DE LESENDE DENDE SAMPAIO E AMPLIACIÓN DO VIAL DE HORTA A CAIRO.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Lousame para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Lousame
DENOMINACIÓN DA OBRA	Mellora do pavimento e ampliación do de acceso a Quintáns de Lesende dende Sampaio e ampliación do viario de Horta a Cairo
ORZAMENTO DO PROXECTO	32.205,44 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	25.764,35 €
ACHEGA DO CONCELLO	6.441,09 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DO PAVIMENTO E AMPLIACIÓN DO VIARIA DE ACCESO A QUINTANS DE LESENDE DENDE SAMPAIO E AMPLIACIÓN DO VIARIO DE HORTA A CAIRO

En de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte a Sra. Dona Mª Teresa Villaverde País, alcaldesa presidenta do Concello de Lousame.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Lousame ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Lousame con CIF P1504300C, para o financiamento da obra de **"**MELLORA DO PAVIMENTO E AMPLIACIÓN DO VIARIA DE ACCESO A QUINTANS DE LESENDE DENDE SAMPAIO E AMPLIACIÓN DO VIARIO DE HORTA A CAIRO", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños DON JULIO C. ROJO MARTÍNEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. : 22.366,44
GASTOS XERAIS : 2.907,64
BENEFICIO INDUSTRIAL : 1.341,99
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 5.589,37
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 32.205,44

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 25.764,35 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.
3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201. A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma

que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de res meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso prodúcese no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.e

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada á devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria do de de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOUSAME
Diego Calvo Pouso	Mª Teresa Villaverde País

26.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO DE VÍAS MUNICIPAIS: CERQUEDA, BUÑO, BEO, MENS, BARIZO, CAMBRE E OUTRAS.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Malpica para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Malpica
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento e mantemento de vías municipais: Cerqueda, Buño, Beo, Mens, Barizo, Cambre e outras
ORZAMENTO DO PROXECTO	226.578,80 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	226.578,80 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO DE VIARIOS MUNICIPAIS : CERQUEDA, BUÑO, BEO, MENS, BARIZO, CAMBRE E OUTRAS

En de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso
E doutra parte o Sr Don Eduardo J. Pardo Veiga, alcalde presidente do Concello de Malpica

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Malpica ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Malpica con CIF P1504400A, para o financiamento das obras de "ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO DE VIARIOS MUNICIPAIS : CERQUEDA, BUÑO, BEO, MENS, BARIZO, CAMBRE E OUTRAS", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto D. GONZALO GARCÍA MARTÍNEZ

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto Refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. : 157.357,32
GASTOS XERAIS : 20.456,45
BENEFICIO INDUSTRIAL : 9.441,44
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 39.323,59
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 226.578,80

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 226.578,80 €, o que representa unha porcentaxe de 100 %.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201. A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso..

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÜA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, deo 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que

se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € si o atraso non excede de tres meses. Si o atraso na realización das obras excede de res meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.
4.- E se o atraso prodúcese no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E si a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo

prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO MALPICA
Diego Calvo Pouso	Eduardo J. Pardo Veiga

27.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MAZARICOS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA NO AFIRMADO DE VARIAS VÍAS MUNICIPAIS: BEBA, CORZÓN, MAROÑAS, CORVEIRA.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Mazaricos para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Mazaricos
DENOMINACIÓN DA OBRA	Mellora no afirmado de varias vías municipais : Beba, Corzón, Maroñas, Corveira
ORZAMENTO DO PROXECTO	200.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	160.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	40.000,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MAZARICOS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORAS NO AFIRMADO DE VARIAS VIAS MUNICIPAIS: BEBA, CORZÓN, MAROÑAS, CORVEIRA

En de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Don José Manuel Santos Maneiro, alcalde presidente do Concello de Mazaricos.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Mazaricos ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mazaricos con CIF P1504600F, para o financiamento das obras de " MELLORAS NO ASINATURADO DE VARIAS VIAS MUNICIPAIS : BEBA, CORZÓN, MAROÑAS, CORVEIRA", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Don LUÍS ORLANDO GONZÁLEZ VILLARINO

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. : 138.898,54
GASTOS XERAIS : 18.056,81
BENEFICIO INDUSTRIAL : 8.333,91
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 34.710,74
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 200.000,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 160.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.
3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pora obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201. A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma

que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso..
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de res meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria do de de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MAZARICOS
Diego Calvo Pouso	José Manuel Santos Maneiro

28.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE OUTES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA CAPA DE RODAXE TRAVESÍA NO VILAR (CANDO) E OUTROS.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Outes para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Outes
DENOMINACIÓN DA OBRA	Mellora capa de rodaxe Travesía en Vilar (Cando) e Outros
ORZAMENTO DO PROXECTO	229.036,41€
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	229.036,41€
ACHEGA DO CONCELLO	00,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OUTES PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODAXE NATRAVESÍA DO VILAR (CANDO) E OUTROS

Na Coruña, na sede da Deputación provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Carlos Enrique López Crespo, alcalde do Concello Outes.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Outes ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Outes, para o financiamento das obras de "**CAPA DE RODAXE TRAVESÍA NO VILAR (CANDO) E OUTROS"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños D. JULIO C. ROJO MARTÍNEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, indícase do seguinte xeito:

P.E.M : 159.064,11
GASTOS XERAIS: 20.678,33
BENEFICIO INDUSTRIAL: 9.543,85
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 39.750,12
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 229.036,41

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 229.036,41 €, o que representa unha porcentaxe de 100 %.A entidade beneficiaria ha emitido informe responsable de Intervención acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201, unha vez que entre en vigor o expediente de modificación de créditos 4/2013, no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento a ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso..

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.
4.- E se o atraso prodúcese no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por data _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE DE OUTES

Diego Calvo Pouso

Carlos Enrique López Crespo

29.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ROIS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE PISTAS NAS PARROQUIAS DE AUGASANTAS E SEIRA.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Rois para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Rois
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento de pistas nas parroquias de Augasantas e Seira
ORZAMENTO DO PROXECTO	170.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	136.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	34.000,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ROIS PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE PISTAS NAS PARROQUIAS DE AUGASANTAS E SEIRA

A Coruña, na sede da Deputación provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Don Ramón Tojo Lens, alcalde do Concello Rois.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Rois ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rois, para o financiamento das obras de **"ACONDICIONAMENTO DE PISTAS NAS PARROQUIAS DE AUGASANTAS E SEIRA"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. GILBERTO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, indícase do seguinte xeito:

P.E.M : 118.063,75
GASTOS XERAIS: 15.348,29
BENEFICIO INDUSTRIAL: 7.083,83
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 29.504,13
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 170.000,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 136.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201, unha vez que entre en vigor o expediente de modificación de créditos 4/2013, no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento a ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15

DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso..
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A súa ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de res meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.
4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio

quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por de data _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE DE ROIS

Diego Calvo Pouso

Ramón Tojo Lens

30.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE TOURO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ARRANXO DO CAMIÑO DE AC-960 A PORCARIZA (VILAR) E OUTROS.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Touro para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	TOURO
DENOMINACIÓN DA OBRA	Arranxo camiño de AC-960 a Porcariza (Vilar) e outros
ORZAMENTO DO PROXECTO	94.204,11 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	75.363,29 €
ACHEGA DO CONCELLO	18.840,82 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TOURO PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA ARRANXO CAMIÑO DE AC-960 A PORCARIZA (VILAR) E OUTROS

A Coruña na sede da Deputación provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Ignacio Codesido Barreiro, alcalde do Concello Touro

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Touro ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Touro, para o financiamento das obras de **"ARRANXO CAMIÑO DE AC-960 A PORCARIZA (VILAR) E OUTROS"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños D. JULIO C. ROJO MARTÍNEZ

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, indícase do seguinte xeito:

P.E.M : 65.424,07
GASTOS XERAIS: 8.505,13
BENEFICIO INDUSTRIAL: 3.925,44
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 16.349,47
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 94.204,11

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 75.363,29 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %.A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201, unha vez que entre en vigor o expediente de modificación de créditos 4/2013, no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento a ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente en o prazo improrrogable de 15

DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso..
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A súa ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de res meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.
4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN Ao REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio

quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por de data _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE DE TOURO

Diego Calvo Pouso

Ignacio Codesido Barreiro

31.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE TRAZO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CAMPO DE FÚTBOL 11 DE CÉSPEDE ARTIFICIAL EN CAMPO.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Trazo para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Trazo
DENOMINACIÓN DA OBRA	Campo de fútbol 11 de céspede artificial en Campo.
ORZAMENTO DO PROXECTO	351.055,78 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	280.844,62 €
ACHEGA DO CONCELLO	70.211,16 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/342A/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TRAZO PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA CAMPO DE FÚTBOL 11 DE CÉSPEDE ARTIFICIAL EN CAMPO

A Coruña, na sede da Deputación provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Don José Dafonte Varela, alcalde do Concello Trazo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Trazo ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Trazo, para o financiamento das obras de **"CAMPO DE FÚTBOL 11 DE CÉSPEDE ARTIFICIAL EN CAMPO"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños D. JAVIER LÓPEZ PITA.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, indícase do seguinte xeito:

P.E.M : 243.805,66
GASTOS XERAIS: 31.694,74
BENEFICIO INDUSTRIAL: 14.628,34
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 60.927,04
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 351.055,78

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 280.844,62 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %.A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, si a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/342A/76201, unha vez que entre en vigor o expediente de modificación de créditos 4/2013, no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo

improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso..
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de res meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.
4.- E se o atraso prodúcese no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio

quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por de data _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE DE TRAZO

Diego Calvo Pouso

José Dafonte Varela

32.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CENTRO MULTIUSOS EN RORÍS, ARMENTÓN.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Arteixo para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Arteixo
DENOMINACIÓN DA OBRA	Centro Multiusos Rorís, Armentón
ORZAMENTO DO PROXECTO	492.076,83 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	240.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	252.076,83 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	48,77 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/169A/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 5/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014 e no seu caso 2015, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS CENTRO DE MULTIUSOS EN RORIS, ARMENTÓN

En de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Don José Carlos Calvelo Martínez, alcalde presidente do Concello de Arteixo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Arteixo ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo con CIF P1500500B, para o financiamento das obras de " CENTRO MULTIUSOS EN RORIS, ARMENTÓN", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Don ISRAEL DELGADO LAMAS

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. : 341.743,75
GASTOS XERAIS : 44.426,69
BENEFICIO INDUSTRIAL : 20.504,63
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 85.401,76
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 492.076,83

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 240.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 48,77 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 48,77 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á cobranza da mesma.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/169A/76201. A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 5/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014 e no seu caso 2015, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da bra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento a ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente en o prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso..

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A súa ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que

se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de res meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E si a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo

prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO
Diego Calvo Pouso	José Carlos Calvelo Martínez

33.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARNOTA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN E SANEAMENTO NO ALTO DO VILAR DE CARNOTA.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Carnota para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Carnota
DENOMINACIÓN DA OBRA	Pavimentación e saneamento no Alto de Vilar de Carnota
ORZAMENTO DO PROXECTO	60.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	60.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARNOTA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN E SANEAMENTO NO ALTO DE VILAR DE CARNOTA

En de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Don Ramón Noceda Caamaño, alcalde presidente do Concello de Carnota.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Carnota ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carnota con CIF P1502000A, para o financiamento da obra de " PAVIMENTACIÓN E SANEAMENTO NON ALTO DE VILAR DE CARNOTA", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Don JOSÉ CARLOS LEIS CARUNCHO

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto Refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito :

P.E.M. : 41.669,57
GASTOS XERAIS : 5.417,04
BENEFICIO INDUSTRIAL : 2.500,17
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 10.413,22
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 60.000,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 60.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 100 %..

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201. A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento a ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente en o prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que

se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de res meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo

prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA
Diego Calvo Pouso	Ramón Noceda Caamaño

34.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARRAL PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA DE LOCAL PARA A CASA DA XUVENTUDE.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Carral para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Carral
DENOMINACIÓN DA OBRA	Reforma de local para Casa da Xuventude
ORZAMENTO DO PROXECTO	124.999,99 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	124.999,99 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/169A/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014 e no seu caso 2015, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARRAL PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA DE LOCAL SOCIAL PARA CASA DÁ XUVENTUDE

En de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Don José Luis Fernández Mouriño, alcalde presidente do Concello de Carral.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Carral ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carral con CIF P1502100I, para o financiamento das obras de " REFORMA DE LOCAL SOCIAL PARA CASA DÁ XUVENTUDE", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Don MANUEL MARTÍNEZ LÓPEZ

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. : 86.811,58
GASTOS XERAIS : 11.285,51
BENEFICIO INDUSTRIAL : 5.208,69
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 21.694,21
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 124.999,99

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 124.999,99 €, o que representa unha porcentaxe de 100%.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios

por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/169A/76201. A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014 e no seu caso 2015, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento a ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente en o prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a

perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de res meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.
4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA

perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.
3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARRAL
Diego Calvo Pouso	José Luis Fernández Mouriño

35.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE BASE LOXÍSTICA GES COMARCA DA MONTAÑA "CURTIS".

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Curtis para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Curtis
DENOMINACIÓN DA OBRA	Base Loxística GES Comarca da Montaña "Curtis", 2ª Fase
ORZAMENTO DO PROXECTO	45.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	36.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	9.000,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/169A/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE BASE LOXÍSTICA GES COMARCA DA MONTAÑA "CURTIS". 2ª FASE

En de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Don Javier Francisco Cainzos Vázquez, alcalde presidente do Concello de Curtis.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Curtis ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Curtis con CIF P1503200F, para o financiamento das obras de " BASE LOXÍSTICA GES COMARA DA MONTAÑA CURTIS. 2ª FASE", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Don ALFREDO VARELA NOGUEIRA

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. : 31.252,17
GASTOS XERAIS : 4.062,78
BENEFICIO INDUSTRIAL : 1.875,13
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 7.809,92
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 45.000,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 36.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/169A/76201. A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento a ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente en o prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que

se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de res meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo

prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CURTIS
Diego Calvo Pouso	Javier Francisco Cainzos Vázquez

36.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUGARDOS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE VIAIS MUNICIPAIS EN ROIBEIRAS-LAGOAS, ACCESO NAVE MUNICIPAL, O MONTE, CASÁS, BAIXADA BEIRAMAR, MAÍA-PONTELLAS, O GALIÑEIRO, CAMPO DE FÚTBOL E TELLEIRAS AO VILAR.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Mugardos para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Mugardos
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento de viais municipais en Robieiras-Lagoas, acceso a nave municipal, O Monte, Casás, Baixada Beiramar, Maía-Pontellas, O Galiñeiro, Campo de fútbol e Telleiras ao Vilar
ORZAMENTO DO PROXECTO	78.049,48 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	60.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	18.049,48 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	76,87%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUGARDOS PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE VIAIS MUNICIPAIS EN ROBIEIRAS-LAGOAS, ACCESO NAVE MUNICIPAL, O MONTE, CASÁS, BAIXADA BEIRAMAR, MAÍA-PONTELLAS, O GALIÑEIRO, CAMPO DE FUTBOL E TELLEIRAS AO VILAR

Na Coruña, na sede da Deputación provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Xosé Fernández Barcia, alcalde do Concello Mugardos

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Mugardos ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mugardos, para o financiamento das obras de "**ACONDICIONAMENTO DE VIAIS MUNICIPAIS EN ROBIEIRAS-LAGOAS, ACCESO NAVE MUNICIPAL, O MONTE, CASÁS, BAIXADA BEIRAMAR, MAÍA-PONTELLAS, O GALIÑEIRO, CAMPO DE FUTBOL E TELLEIRAS AO VILAR"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños MIGUEL NETO MATAMOROS

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, indícase do seguinte xeito:

P.E.M : 54.204,79
GASTOS XERAIS: 7.046,62
BENEFICIO INDUSTRIAL: 3.252,29
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 13.545,78
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 78.049,48

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 60.000 €, o que representa unha porcentaxe de 76,87 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a

entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,87 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.
3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201, unha vez que entre en vigor o expediente de modificación de créditos 4/2013, no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo

menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento a ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente en o prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.
3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por de data _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE DE MUGARDOS

Diego Calvo Pouso

Xosé Fernández Barcia

37.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MONFERO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DE CAMIÑOS DO TERMO MUNICIPAL: VAL XESTOSO-ALTO XESTOSO-VILACHÁ-QUEIXEIRO-TABOADA-SAN FIZ.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Monfero para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Monfero
DENOMINACIÓN DA OBRA	Reparación e mantemento de camiños do termo municipal: Val Xestoso-AltoXestoso-Vilacha-Queixeiro-Taboada-San Fiz.
ORZAMENTO DO PROXECTO	88.494,28 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	88.494,28 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MONFERO PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA REPARACIÓN E MANTEMENTO DE CAMIÑOS DO TERMO MUNICIPAL: VAL XESTOSO-ALTO XESTOSO-VILACHA-QUEIXEIRO-TABOADA-SAN FIZ

Na Coruña, na sede da Deputación provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Benjamín Modesto Rodríguez Abad, alcalde do Concello Monfero.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Monfero ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Monfero, para o financiamento das obras de **"REPARACIÓN E MANTEMENTO DE CAMIÑOS DO TERMO MUNICIPAL: VAL XESTOSO-ALTO XESTOSO-VILACHA-QUEIXEIRO-TABOADA-SAN FIZ"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico D. ANTONIO LÓPEZ PANETE.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, indícase do seguinte xeito:

P.E.M : 61.458,63
GASTOS XERAIS: 7.989,62
BENEFICIO INDUSTRIAL: 3.687,52
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 15.358,51
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 88.494,28

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 88.494,28 €, o que representa unha porcentaxe de 100 %.A entidade beneficiaria emitiu informe responsable acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta

inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.
3.- A Deputaciónprovincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201, unha vez que entre en vigor o expediente de modificación de créditos 4/2013, no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que

se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo

prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por de data _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE DE MONFERO

Diego Calvo Pouso

Benjamín Modesto Rodríguez Abad

38.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS REPARACIÓN DO CAMIÑO DE CERNADAS A SESMONDE POR BARBEITO E ALVITE.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Vilasantar para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Vilasantar
DENOMINACIÓN DA OBRA	Reparación do camiño de Cernadas a Sesmonde por Barbeito e Alvite
ORZAMENTO DO PROXECTO	29.818,48 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	29.818,48 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor dos expedientes de modificación de créditos 4/2013 e 5/2013 onde se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DE ÓBRAA REPARACIÓN DO CAMIÑO DE CERNADAS A SESMONDE POR BARBEITO E ALVITE

Na Coruña, na sede da Deputación provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello Vilasantar.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Vilasantar ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar, para o financiamento das obras de "**REPARACIÓN DO CAMIÑO DE CERNADAS A SESMONDE POR BARBEITO E ALVITE"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo técnico municipal do concello D. EMILIO FERNÁNDEZ PÉREZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, indícase do seguinte xeito:

P.E.M : 20.708,72
GASTOS XERAIS: 2.692,13
BENEFICIO INDUSTRIAL: 1.242,52
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 5.175,11
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 29.818,48

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 29.818,48 €, o que representa unha porcentaxe de 100 %.A entidade beneficiaria ha emitido informe responsable acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201, unha vez que entren en vigor os expedientes de modificación de créditos 4/2013 e 5/2013, onde se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Acreditará aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente en o prazo

improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de res meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.
4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio

quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por de data _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE DE VILASANTAR

Diego Calvo Pouso

Fernando Pérez Fernández

39.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PORTO DO SON PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DO PROXECTO DE CONSERVACIÓN ARQUEOLÓXICA E POSTA EN VALOR DO CASTRO DE BAROÑA FASES I E II PARA PASAR AO FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DO PROXECTO DE CONSERVACIÓN ARQUEOLÓXICA E POSTA EN VALOR DO CASTRO DE BAROÑA FASE III.

Aprobar a modificación do convenio de colaboración nº 113/2013 do 30 de maio entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Porto do Son, cuxo obxecto consistía en financiar o proxecto de CONSERVACION ARQUEOLÓXICA PARA A POSTA EN VALOR DO CASTRO DE BAROÑA cun orzamento de 59.236 EUROS e unha achega provincial de 29.618,38 euros, o que representaba unha porcentaxe de financiamento do 50% , con cargo á aplicación 0202/334B/462.01

Co fin de financiar o proxecto de CONSERVACION ARQUEOLÓXICA PARA POSTA EN VALOR DO CASTRO DE BAROÑA. FASE III cun orzamento de 29.618,38 euros e unha achega provincial de 29.618,38 euros, (o que representa unha porcentaxe total de financiamento de 100%, con cargo á partida 0202/334B/462.01, coa consecuente modificación das cláusulas que a continuación se relacionan:

- **I.- OBXECTO**
- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de PORTO DO SON CIF; P-1507200B para o financiamento do **PROXECTO DE CONSERVACION ARQUEOLÓXICA PARA POSTA EN VALOR DO CASTRO DE BAROÑA. FASE III**
- **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.**

O orzamento máximo para a adquisición ascende a **29.618,38 euros** .

- **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .**

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **29.618,38 €,** o que representa unha porcentaxe do **100%** No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **100%,** da cantidade efectivamente xustificada.

……..

- **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro do 2014** ……

MODIFICACION DO OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PORTO DO SON PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DO PROXECTO DE CONSERVACION ARQUEOLÓXICA E POSTA EN VALOR DO CASTRO DE BAROÑA FASES I E II PARA PASAR AO FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DO PROXECTO DE CONSERVACION ARQUEOLÓXICA E POSTA EN VALOR DO CASTRO DE BAROÑA FASE III

Porto do Son _____ de _____ de 2013

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr José Luis Oujo Pouso, alcalde presidente do Concello de PORTO DO SON

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de PORTO DO SON ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de PORTO DO SON CIF; P-1507200B para o financiamento do **PROXECTO DE CONSERVACION ARQUEOLÓXICA E POSTA EN VALOR DO CASTRO DE BAROÑA.FASE III**

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR O CONCELLO DE PORTO DO SON.

O orzamento máximo para a adquisición ascende a 29.618,38 EUROS.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 29.618,38 €, o que representa unha porcentaxe de 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100%, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/334B/762.01 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle o **CONCELLO DE PORTO DO SON** de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE PORTO DO SON obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle o **CONCELLO DE PORTO DO SON** o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.No procedemento de contratación, o **CONCELLO DE PORTO DO SON** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.No caso de que o CONCELLO DE PORTO DO SON tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **CONCELLO DE PORTO DO SON.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade disposta no disposto na Base 56º das de execución do Orzamento para o ano 2013 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do **CONCELLO DE PORTO DO SON.**pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- § Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- § Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- § Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- § O **CONCELLO DE PORTO DO SON** estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- § Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **CONCELLO DE PORTO DO SON,** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- § Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- § Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- § Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **CONCELLO DE PORTO DO SON** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **CONCELLO DE PORTO DO SON** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describre na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO DE PORTO DO SON deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento o CONCELLO DE PORTO DO SON para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o CONCELLO DE PORTO DO SON da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE PORTO DO SON na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE PORTO DO SON terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O **CONCELLO DE PORTO DO SON** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O **CONCELLO DE PORTO DO SON** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **CONCELLO DE PORTO DO SON** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **CONCELLO DE PORTO DO SON** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE PORTO DO SON serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o **CONCELLO DE PORTO DO SON** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro do 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.
2.Para o caso de que o **CONCELLO DE PORTO DO SON** non poida ter rematadas as **ACTIVIDADES** e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o **CONCELLO DE PORTO DO SON** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeadas polo presidente da Deputación e o do **CONCELLO DE PORTO DO SON**, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____ de _____ do 2013.

E en proba de conformidade, asinan en cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON
Diego Calvo Pouso	José Luis Oujo Pouso,

40.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PROXECTO DO XARDÍN BOTÁNICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (ETAPA 1 E ETAPA 2).

1º.- APROBAR o texto do convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para financiar o proxecto do Xardín Botánico da Universidade de Santiago de Compostela (etapa 1 e etapa 2) cun orzamento de 165.931,50 € e cunha achega de 165.931,50 € o que supón unha porcentaxe de financiamento do 100% con cargo á aplicación orzamentaria 0202/171A/781.

2º.- Condicionar a formalización do citado convenio á acreditación pola Universidade de Santiago de Compostela das autorizacións e licenzas necesarias para a execución das obras obxecto do presente convenio.

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PROXECTO DE XARDÍN BOTANICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (ETAPAS I e II)

A Coruña

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Juan J. Casares Long, Reitor da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para o financiamento do **PROXECTO DE XARDÍN BOTANICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (ETAPAS I e II)** tal como aparece definida esta no proxecto, redactado por dona Noa González Carrera (enxeñeiro técnico forestal da empresa TRAGSA)

2- A **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras e as autorizacións administrativas preceptivas achegadas con data_____. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- O **PROXECTO DE XARDÍN BOTANICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** está perfectamente definido nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado, Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta..

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ó que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:_____	137.133,47 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO_____	28.798,03 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA_____	165.931,50 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 165.931,50 €, o que representa unha porcentaxe do 100%

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/171A/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.No caso de que a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato

adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, A **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.

1. A achega da Deputación seralle aboada á **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- § Copia do contrato e do expediente de contratación
- § Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
- § Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- § Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- § Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- § Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- § Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA financeira.

2. Así mesmo, coa derradeira certificación de obra, deberase subministrar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da Propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase o mediante ingreso na conta da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA indicada na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE**

COMPOSTELA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura, e no seu caso, outorgarase efectos retroactivos dende a data da concesión das preceptivas licenzas e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do 2014, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente**

2.Para o caso de que a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro do 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Deputación DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
DIEGO CALVO POUSO	JUAN J. CASARES LONG

41.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN LO QUE LA VERDAD IMPORTA PARA O COFINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DOS VALORES HUMANOS, ÉTICOS E MORAIS NA CIDADE DA CORUÑA.

APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E FUNDACIÓN LO QUE DE VERDAD IMPORTA con C.I.F.:G-86083227 PARA COFINANCIAR OCONGRESO "LO QUE DE VERDAD IMPORTA" cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 9.000,00 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 75,33% con respecto a un orzamento de 11.947,18 €) que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481.

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A "FUNDACIÓN LO QUE DE VERDAD IMPORTA", PARA O COFINANCIAMENTO DE DÚAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DOS VALORES HUMANOS, ÉTICOS E MORAIS, NA CIDADE DA CORUÑA

A Coruña, ... de ..... de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando en calidade de presidente e conforme as competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dna. María Franco Méndez, DNI núm. 02716363K, que intervén neste acto en nome e representación da "Fundación Lo Que De verdad Importa", CIF G86083227, con domicilio na rúa Castillo de Jarandilla, 2 bloque A Baixo K – 28230 – Las Rozas (Madrid).

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lle están atribuídas, e

EXPOÑEN

A "Fundación Lo que de verdad importa", CIF G86083227, é unha fundación constituída o 23.11.2010, ao abeiro da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións, inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Cultura, con domicilio nas Rozas, CP 28230 – Madrid, Rúa Castillo de Jarandilla, 2, cuxo fin social, segundo os seus estatutos, é promover o desenvolvemento e a difusión dos valores humanos, éticos e morais universais do público en xeral, fundamentalmente mediante actividades culturais.

A "Fundación Lo que de verdad importa" solicita a colaboración da Deputación para o cofinanciamento do Congreso "Lo que de verdad importa", que tivo lugar na cidade da Coruña o pasado 5.04.2013, nas instalacións do Palacio de Congresos e Exposicións da Coruña (Palexco), evento dirixido especialmente aos mozos e aos centros educativos universitarios e preuniversitarios coa finalidade de mostrarlles os valores da solidariedade, a superación e o compromiso.

A participación da Deputación da Coruña neste proxecto enmárcase no ámbito das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde lograr un desenvolvemento humano global a través da educación para o desenvolvemento e a sensibilización social dispostos na Lei 23/1998, do cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, do cooperación ao desenvolvemento.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Fundación Lo Que De verdad Importa (FLQDVI), ambas as partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto da colaboración entre ambas as partes consiste no cofinanciamento da realización do Congreso "Lo que de verdad importa", que tivo lugar na cidade da Coruña o pasado 5.04.2013, nas instalacións do Pazo de Congresos e Exposicións da Coruña (Palexco). Trátase dun evento para o fomento dos valores humanos, éticos e morais, dirixido especialmente aos mozos e aos centros educativos universitarios e preuniversitarios, coa finalidade de mostrarlles os valores da solidariedade, a superación e o compromiso, ao longo dunha xornada diaria.

II. ORZAMENTO. As partidas subvencionables do orzamento de execución ascenden a 11.947,18 €, e son as seguintes:

ORZAMENTO	
CONCEPTO	**IMPORTE**
Audiovisuais	10.923,28 €
Instalacións	1.023,90 €
TOTAL	**11.947,18 €**

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de NOVE MIL EUROS (9.000,00 €), o que representa unha porcentaxe do 75,33 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só subvencionará o importe que represente o 75,33% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou o documento contable AD, núm. de operación ……., do orzamento xeral para 2013.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. Non caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa entregaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria despois da xustificación da realización das actividades programadas, mediante a presentación da seguinte documentación:

a. Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, indicando a actividade á que se refire, as actividades realizadas e os resultados obtidos. Xunto coa memoria deberá acompañarse unha reportaxe fotográfica ou recortes de prensa alusivo ás actividades relacionadas co obxecto do convenio.

b. Relación clasificada de todos os gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes totais e, se fose o caso, a porcentaxe de imputación ao proxecto. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

c. Coa relación anterior achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias cotexadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para a cobranza dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

d. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

e. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

f. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

g. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMOS PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial foron realizadas o 5.04.2013, estando completamente finalizadas á data de sinatura do presente convenio.

2. A beneficiaria deberá presentar a xustificación no prazo dun mes desde o remate da execución das actividades, e, en todo caso, dous meses antes da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación algunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que o presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa Lei xeral de subvencións e coas Bases de Execución do Orzamento Provincial.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. De transcorrer máis de catro meses desde a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibise o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciban desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pago.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súa obrigas tributarios coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida e autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados. A sinatura do presente convenio comporta a autorización á Deputación da Coruña para que obteña a dita información telematicamente.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinarao esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, cartóns de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobranzas e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a orixe do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións dispostas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades comportará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20%, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00€.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín oficial da provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA Ou MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e comprenderá os percibidos desde o día 1.01.2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos percibidos con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2014.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 31.04.2014, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2014. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido,

de forma que a entidade beneficiaria perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención dá Deputación, ou convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.

3. Correspóndelles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do ..... de ..... do 2013

En proba de conformidade, asinan o presente convenio en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación provincial da Coruña,

A Presidenta da Fundación Lo que de Verdad Importa,

D. Diego Calvo Pouso

María Franco Méndez

42.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN CENTRO INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA PARA FINANCIAR CURSOS, EXPOSICIÓNS E VISITAS. ANO 2013.

1.- Aprobar o convenio coa Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea correspondente á subvención nominativa, por importe de 100.000 €, concedida para financiar o *Programa de cursos, exposicións e visitas no ano 2013,* cun orzamento subvencionado de 126.819 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente presuposto.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para financiar o *Programa de cursos, exposicións e visitas no ano 2013*

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Jesús Núñez Fernández, presidente da Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea (CIEC), en representación dela

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

MANIFESTAN

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.
2.- Que a Fundación CIEC constituíuse na cidade de Betanzos o día 7 de abril de 1997, sendo un dos seus membros fundadores o Concello de Betanzos.
3.- Que a Fundación CIEC ten por obxecto a promoción e difusión das artes plásticas en xeral, e a arte gráfica, en particular.
4.- Que a Deputación ten entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia e, entre estes, o apoio a bibliotecas, exposicións e calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura.
Neste senso, dende o ano 2001, a colaboración da Deputación da Coruña permite programar cada ano unha ampla programación de actividades no campo da gráfica, con dúas liñas principais: a formativa e a expositiva.
5.- Que a Fundación CIEC pretende realizar no presente ano un programa de actividades dirixidas á formación de artistas e á difusión das artes plásticas considerado de grande interese pola Deputación.

6.- Que, consonte co sinalado anteriormente e, de conformidade co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír á realización das actividades e, neste senso, no Orzamento para o Exercicio do ano 2013 figura unha subvención nominativa para a Fundación CIEC, destinada a transferencias correntes a institucións sen fins de lucro, dentro do programa de apoio a entidades culturais.
7.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación CIEC, acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.
O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea (NIF: G15600976) para financiar o ***Programa de cursos, exposicións e visitas no ano 2013*****,** co seguinte contido:

Actividade formativa:
* IX Máster en obra gráfica- Cursos de Inverno: cursos de litografía, xilografía, serigrafía e gravado calcográfico, e novas tecnoloxías aplicadas á estampa.
* XIX Cursos de Verán "Gráfica 2013": cursos monográficos sobre unha técnica gráfica en particular.
* Talleres libres nas fins de semana nos que o CIEC pon as súas instalacións a disposición dos artistas.
*Asistencia a feiras de arte gráfico: Estampa, en Madrid; Festival Internacional de Gravado, en Bilbao; Arco, en Madrid.
*Programa de colaboración con outros centros formativos nacionais ou do estranxeiro. Para estes efectos, no órgano da fundación que conceda bolsas con cargo a este programa, deberá participar un representante da Deputación, e os bolseiros terán que ser seleccionados de acordo con criterios que teñan carácter obxectivo.
* Outras actividades: conferencias, xornadas, presentacións de libros, concertos...
* Actualización da páxina web.
Actividade expositiva:
* A Colección, integrada por máis de tres mil estampas das que se mostra unha selección que rota de xeito que se expoñan as novas obras.
* Exposicións temporais individuais ou colectivas.

Programa de visitas didácticas: dirixido fundamentalmente a escolares.

Premio Internacional de arte gráfica "Jesús Núñez" a Fundación colabora coa Deputación de Coruña, convocante do Premio, na xestión, na exposición itinerante que é inaugurada na sede da Fundación e na concesión de bolsas de formación as persoas que obteñen os dous accésits.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación CIEC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Talleres e cursos monográficos de gravado

Profesorado cursos	19.000.-
Profesorado informático	9.502.-
Traslados: gasolina e gastos	1.079.-
Mantemento de talleres e espazos	3.030.-
Xefe de taller	9.836.-
Dirección, coordinación e promoción actividades	21.000.-
Secretariado	11.000.-
Xestión ordinaria da Fundación	10.970.-
Material didáctico cursos e talleres	9.510.-
Bolsas de formación alumnos, material didáctico	22.990.-
Difusión (publicidade, folletos, correo)	2.302.-
Importe	***120.219.-***
Exposicións	
Asistencia feiras: stand, traslados, viaxes...	1.000.-
Exposicións do CIEC	1.300.-
Importe	***2.300.-***
Visitas didácticas	
Material funxible	1.300.-
Importe	***1.300.-***

VIII Premio de arte gráfica Jesús Núñez

* Organización, coordinación e secretariado	
* Recepción, inventariado, almacenaxe e embalaxe e devolución de obras	
* Preparación reunión xurado	
* Exposición	0.-
* Bolsas correspondentes a 2 accésit	3.000.-
Importe	***3.000.-***
Total de gastos	***126.819 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **78,853 %.**
A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a Fundación que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.
No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,853 % da cantidade efectivamente xustificada.
2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/480, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación CIEC obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.
1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación CIEC.
Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación CIEC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación CIEC deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.
1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación CIEC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.
A achega da Deputación seralle aboada á Fundación CIEC nun máximo de tres prazos, unha vez que se presente a seguinte documentación:
* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.
* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
* Certificación dos ingresos obtidos por matrículas.
* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
Para o cobro do último prazo, ademais, presentarase a seguinte documentación:
* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación CIEC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.
1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.
2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación CIEC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación CIEC para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**
A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación CIEC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación CIEC na documentación subministrada; e se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación CIEC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
1.- A Fundación CIEC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.
1.- A Fundación CIEC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación CIEC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.
1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación CIEC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación CIEC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.
1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.
3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.
4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a

sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación CIEC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación CIEC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Fundación CIEC, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

43.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN ESCOLA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL (EOI) PARA IMPULSAR A INNOVACIÓN E A COMPETITIVIDADE DAS PEME VINCULADAS AO SECTOR TURÍSTICO, PRINCIPALMENTE TURISMO INDUSTRIAL, NA PROVINCIA DA CORUÑA.

APROBAR a formalización e o texto dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Escola de Organización Industrial (EOI) para impulsar a innovación e a competitividade das Peme vinculadas ao sector turístico, principalmente turismo industrial, na provincia da Coruña, cun orzamento de 200.000,00 euros e unha achega provincial de 10.000,00 euros o que representa unha porcentaxe de financiamento do 5%, con cargo á aplicación orzamentaria 0305/433A/22699, condicionado a que o Orzamento xeral para o exercicio 2014 quede definitivamente aprobado e entre en vigor.

ANEXO 1

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN ESCOLA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL (EOI) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA IMPULSAR A INNOVACION E A COMPETITIVIDADE DAS PEME VINCULADAS AO SECTOR TURISTICO, PRINCIPALMENTE TURISMO INDUSTRIAL, NA PROVINCIA DA CORUÑA.

A Coruña, 17 de decembro de 2013

REUNIDOS

Dunha parte, Don Fernando Bayón Mariné, director xeral da Fundación EOI, actuando, en nome e representación da Fundación EOI (en diante EOI), con CIF G-81718249 e domicilio social en avenida Gregorio del Amo 6, 28040 Madrid.

Doutra parte, Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando, en exercicio das facultades conferidas, en nome e representación da DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (en diante DEPUTACIÓN DA CORUÑA), con CIF:P1500000C, e domicilio social en Avda. Alférez Provisional, 2 A, CP: 15006, A Coruña

Os asinantes, na representación que teñen, declaran ter a capacidade legal necesaria para formalizar este documento e, para o efecto,

EXPOÑEN

I. EOI é unha fundación do sector público estatal dedicada a formar profesionais, producir e difundir coñecemento e ofrecer servizos de valor a empresas, emprendedores e administracións, nos valores dunha economía aberta, social, verde e dixital.

II. EOI desenvolve o Programa RISC (Redes de Innovación ao Servizo da Competitividade), que comprende actividades para favorecer a implantación e desenvolvemento de iniciativas de I+D+i e transferencia tecnolóxica nas empresas, especialmente nas pequenas e medianas empresas, co fin de mellorar a súa competitividade. O Programa RISC de EOI atópase incluído dentro do Programa Operativo CCI2007ES16UPO001, de Investigación, Desenvolvemento e Innovación por e para o beneficio das Empresas - Fondo Tecnolóxico do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, aprobado por Decisión da Comisión da Unión Europea de 7 de decembro de 2007, no cal actúa EOI como Organismo

Intermedio e Beneficiario. As actividades de EOI neste ámbito contan con financiamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

III. A Deputación da Coruña é unha institución pública de carácter local de ámbito provincial, que ten a súa sede na cidade da Coruña, na Comunidade Autónoma de Galicia. A súa definición recóllese no artigo 31 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e este mesmo artigo establece como fins propios e específicos da entidade provincial, garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social. Así mesmo, no artigo 36 da mencionada lei inclúense entre as competencias propias das Deputacións, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións públicas neste ámbito; e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

IV. Ambas as partes consideran necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso á I+D+i co fin de mellorar a competitividade do tecido empresarial español.

V. Por iso, tendo en conta a coincidencia de obxectivos das dúas entidades, no marco dos seus respectivos fins e competencias, consideran de interese establecer unha colaboración para o desenvolvemento de accións dirixidas a mellorar a competitividade das empresas españolas a través de I+D+i, no marco das accións que executa EOI como beneficiario do Programa RISC.

Por canto antecede, é vontade de ambas as partes subscribir un convenio específico de colaboración para actuacións concretas, a cuxo efecto, recoñecéndose mutuamente a capacidade legal necesaria, outorgan o presente documento en cuxa virtude

ACORDAN

1. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é desenvolver os termos da colaboración entre EOI e a DEPUTACIÓN DA CORUÑA para o desenvolvemento conxunto do proxecto “Mellora da competitividade das Peme vinculadas ao sector turístico, preferentemente ao turismo industrial, na provincia da Coruña” (en diante Proxecto).

O obxecto do Proxecto é favorecer a implantación e desenvolvemento de iniciativas de I+D+i e innovación nas Peme do sector turístico, preferentemente o turismo industrial da provincia da Coruña para a mellora da súa competitividade.

No Proxecto realizaranse distintas actuacións como son un diagnostico da situación actual das Peme, unha actualización do inventario dos recursos turísticos das Peme deste sector así como a implementación e aplicación de solucións tecnolóxicas como elemento innovador nelas. Co desenvolvemento deste Proxecto conseguirase unha mellora da competitividade do tecido empresarial canalizando a oferta e a demanda de servizos turísticos, especialmente os vinculados a turismo industrial, xerando unha experiencia de visita á provincia, onde a oferta personalízase de maneira intelixente en función do visitante, de maneira que se vertebren e activen os diferentes sectores económicos dunha forma innovadora. No Proxecto poderíase contemplar o desenvolvemento de aplicacións móbiles Apps que porán en valor os servizos das Peme vinculadas ao sector turístico con especial fincapé ao turismo industrial desta provincia. Este Proxecto executarase no Marco que executa EOI dentro do Programa RISC.

No proxecto realizaranse as seguintes fases:

Ø Fase I: Realización do diagnóstico da situación actual respecto ao turismo, en especial turismo Industrial, e captación das Peme.

Nesta fase identificaranse os puntos chave sobre os que se quere actuar a nivel de recursos e servizos existentes. Para iso será necesario realizar un diagnóstico destes identificando ao mesmo tempo as Peme que serán as posibles beneficiarias e sobre as que se implementará as actuacións innovadoras recollidas no Proxecto.

Nesta fase desenvolveranse entre outras, accións de sensibilización e información destinadas a profundar na importancia do sector turístico, con especial incidencia no turismo industrial, promovendo solucións cos axentes implicados para a súa dinamización.

Ø Fase II: Compilación e Inventario da información das empresas participantes e colaboración con outras empresas e institucións.

Nesta levarán a cabo as tarefas de asesoramento ás empresas involucradas no Proxecto co fin de recoller a súa información, identificar as pautas que e han seguir no desenvolvemento da plataforma na que se integrará toda a súa información.

Ø Fase III: Deseño, Desenvolvemento e posta en marcha dunha plataforma multiidioma de Comercialización Turística

Nesta fase realizarase o deseño e desenvolvemento dunha plataforma de comercialización turística, especializada en turismo industrial, que teña o carácter provincial, de fácil manexo, multiidioma, que dea cobertura aos produtos e recursos turísticos obxecto de dinamización. No caso de que fose recomendable puidesen desenvolverse Aplicacións móbiles para a mellora da competitividade das Peme vinculadas ao sector turístico industrial.

Ø Fase IV: Consultoría para a incorporación dos Tics nas Peme vinculadas ao sector Turístico Industrial que permita mellorar o seu posicionamento.

Porase ao dispor das Peme vinculadas ao sector turístico, unha rede de consultores que analicen o estado de situación de cada unha das Peme beneficiarias orientándoas á súa incorporación á plataforma desenvolvida. levarán a cabo actuacións para a implantación dos Tics dirixidas a converter a innovación nun proceso sistemático dentro das Peme do sector turístico, en especial as orientadas ao turismo industrial.

Ø Fase V: Difusión do Proxecto

Ao longo de todo o proxecto desenvolveranse accións de comunicación, apoio á comercialización, promoción dirixidas a converter esta plataforma nunha ferramenta de referencia do turismo da provincia da Coruña en xeral, así como a favorecer a súa participación en distintas redes colaborativas empresariais especializadas en turismo industrial, por exemplo a Rede Española de Turismo Industrial (RETI).

Preténdese facer esta difusión entre 200-300 empresas da provincia.

O Proxecto desenvolverase integramente na Comunidade Autónoma de Galicia, preferentemente na provincia da Coruña. Estímase que nel participen un número de 45 Peme.

2. ACHEGAS DAS PARTES

a) EOI contribuirá á execución do convenio mediante o desenvolvemento das seguintes tarefas:

- O deseño das actividades.

- A dirección e execución das actividades.
- As relacións coa autoridade de xestión do Programa Operativo (Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Subdirección Xeral de Administración do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, dependente da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios).
- A selección de participantes ou destinatarios das accións.
- A contratación necesaria para a prestación dos servizos que integran as actividades programadas neste convenio.

b) A DEPUTACIÓN DA CORUÑA contribuirá á execución do Convenio mediante o desenvolvemento das seguintes tarefas:

- Achegar o espazo físico onde se sitúen técnicos asignados ao Proxecto e se desenvolvan as distintas actividades deste.
- Colaboración con EOI na captación de empresas beneficiarias.
- Colaboración no deseño das actividades.
- A colaboración na promoción e difusión, de acordo cos criterios e directrices de EOI, á que incumbirá a decisión última e supervisión de todas as accións de difusión, comunicación, e publicitarias relativas ás accións programadas, que se realizarán en todo caso con estrito cumprimento da normativa comunitaria e nacional aplicable.
- Participar na Comisión de seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio
- A DEPUTACIÓN DA CORUÑA proporcionaralles os servidores onde se aloxarán as aplicacións que se desenvolvan no proxecto.
- A DEPUTACIÓN DA CORUÑA, realizará sen custo ningún para EOI o mantemento destes servidores durante 5 anos.
- A DEPUTACIÓN DA CORUÑA comprométese a non obter beneficios con os desenvolvementos que se realicen no Proxecto.

Ambas as partes contribuirán ao financiamento do Proxecto de acordo ao especificado neste convenio.

A execución do convenio está condicionada ao aboamento a EOI dos importes certificados por parte da Unión Europea, dentro do Programa operativo referenciado nos expositivos.

Este convenio non supón ningunha asociación ou dependencia entre as partes asinantes, que actuarán de forma absolutamente independente e autónoma, sendo obrigación específica e exclusiva de cada parte cumprir con cantas obrigacións legais lle correspondan en desenvolvemento da súa actividade de acordo coa normativa que lles resulte de aplicación.

3. FINANCIAMENTO

O orzamento estimado do Proxecto será de DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000,00€), ao que contribuirán ambas as partes.

O financiamento do Proxecto realizarase por EOI e a DEPUTACIÓN DA CORUÑA nos seguintes termos:

a) A DEPUTACIÓN DA CORUÑA realizará unha achega de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €), o dito financiamento achegarase mediante transferencia bancaria á conta indicada pola Fundación EOI, da seguinte forma:
   - Un 40%, é dicir, 4.000,00€ da achega, tras a presentación ante a Deputación da Memoria deseño das actuacións a realizar no Proxecto, Contratación da fase do Diagnóstico e da compilación do inventario e información e da captación de empresas.

- Un 40%, é dicir, 4.000,00€ da achega, tras a presentación ante a Deputación da xustificación dos contratos de Deseño, Desenvolvemento e posta en marcha dunha plataforma multiidioma de Comercialización Turística e Consultoría para a incorporación dos Tic nas Peme vinculadas ao sector Turístico que permita mellorar o seu posicionamento.
- Un 20%, é dicir, 2.000,00€ da achega á finalización do Proxecto, tras a presentación ante a Deputación dos seguintes documentos:
  - Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
  - Certificación clasificada de todos os gastos realizados na que se indiquen os acredores co seu NIF, documentos xustificativos, importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento inicial.
  - Certificación da aprobación polo órgano competente das facturas e demais documentos xustificativos.
  - Financiamento provincial e declaración doutros ingresos que se obtiveron ou estean comprometidos para a mesma finalidade.
  - Documentación gráfica, debidamente dilixenciada pola Secretaría da Fundación EOI, coa que quede acreditado que na publicidade do proxecto se deu a coñecer a colaboración da Deputación Provincial da Coruña.

A DEPUTACIÓN DA CORUÑA comprométese de maneira expresa a non facer a súa achega con cargo a fondos comunitarios e a entregar a EOI certificación para o efecto. O certificado debe entregarse a EOI, tras realizar a achega, detallando as cantidades achegadas á realización do convenio, segundo modelo adxunto como anexo 1.

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na presente cláusula, cunha achega máxima de 10.000,00€, o que representa unha porcentaxe do 5%. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto no convenio de 200.000,00€, a Deputación só achegará o 5% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata alcanzar o orzamento total da actividade, está financiada con cargo a recursos (propios ou alleos) de E.O.I. acreditando que conta con crédito adecuado e suficiente para financiar a totalidade do gasto imputablea a esta.

b) EOI achegará o resto do custo do Proxecto, CENTO NOVENTA MIL EUROS (190.000,00€), con cargo ao Programa RISC, que conta con financiamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Ministerio de Industria Enerxía e Turismo.

4. Comisión de Seguimento

Constituirase unha Comisión de Seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio.

A Comisión de Seguimento estará formada por dous representantes de cada parte: por parte de EOI don Fernando Bayón Mariné, Director Xeral, e don Miguel Sánchez Galindo, director da área de Innovación, Emprendedor e Peme; e por parte da DEPUTACIÓN DA CORUÑA, don Diego Calvo Pouso, presidente, e don Antonio Cañás Varela, vicepresidente 2º, ou persoas en quen eles deleguen.

Corresponden á Comisión de Seguimento, entre outras, as seguintes funcións:

- Realizar un seguimento das actividades.
- Establecer as medidas correctoras oportunas para conseguir o cumprimento do obxectivo do Proxecto.

- Aclarar as dúbidas e controversias que poidan orixinarse na interpretación e execución deste convenio.
- Propor ás entidades asinantes a incorporación de novas entidades que queden adheridas ao proxecto sempre e canto se respecte a normativa aplicable aos proxectos financiados con fondos FEDER".

A Comisión reunirase cantas veces considere necesario, a convocatoria de calquera das partes.

Actuará de presidente da Comisión de Seguimento o director xeral e como secretario o director do Instituto de Competitividade e Emprendemento.

Para a válida constitución da Comisión de Seguimento, para efectos da celebración de reunións e adopción de acordos, requirirase a presenza da metade máis un dos seus membros entre os que deberán estar o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. Os acordos serán adoptados por maioría simple. O presidente da Comisión de Seguimento terá a facultade de voto dirimente en caso de empate, para efectos da adopción de acordos.

A Comisión de Seguimento reunirase polo menos cada tres meses en sesión ordinaria. A primeira sesión celebrarase dentro do primeiro mes tras a sinatura do convenio.

5. DIFUSIÓN

En todas as accións contempladas neste convenio farase mención expresa da colaboración das partes e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, figurando de forma destacada o nome e logo das dúas entidades e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional en todos os elementos de promoción e difusión (inserciónns en prensa, folletos, comunicacións, etc.) e en canta documentación se xere. De conformidade coa normativa comunitaria:

- Cada unha das accións e actividades que se desenvolvan contará cunha adecuada difusión aos destinatarios potenciais destas, tanto en medios de comunicación como en canles máis restrinxidas.
- En toda a publicidade, así como en calquera información que se difunda sobre o Proxecto en calquera medio, en todo o material de apoio que se utilice nas actuacións (carteis, documentación, folletos, contornas web, etc.) e nas publicacións, destacarase a participación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional incluíndo os elementos seguintes:
  a) O emblema da Unión Europea, de conformidade coas normas gráficas establecidas no anexo I do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro de 2006, así como a referencia á Unión Europea;
  b) A referencia expresa "Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional";
  c) A declaración "Una manera de hacer Europa", elixida pola autoridade de xestión para destacar o valor engadido da intervención da Comunidade.

6. CONFIDENCIALIDADE

Ambas as partes comprométense a non difundir, baixo ningún concepto, calquera información referente a aspectos científicos, técnicos, económicos ou de organización interna pertencente á outra parte, á que poida ter acceso na execución deste convenio, salvo que esas informacións sexan de dominio público.

As disposicións desta cláusula continuarán vixentes durante un período de cinco anos a partir da data de sinatura deste documento, salvo consentimento expreso da parte propietaria da devandita información.

7. PROPIEDADE INTELECTUAL

Os resultados obtidos como consecuencia da colaboración no Proxecto (en diante Resultados) serán propiedade conxunta de EOI e da DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
Na medida en que os Resultados sexan susceptibles de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, seralles de aplicación o disposto no Art. 7 do Texto refundido da propiedade intelectual, relativo á obra en colaboración.
A titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual inherentes aos Resultados será de EOI e a DEPUTACIÓN DA CORUÑA por ámbito mundial e polo prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual, de acordo coa normativa nacional e comunitaria aplicable e conforme coas obrigacións derivadas do cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional en relación co cumprimento da normativa europea que regula as axudas, en concreto no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006.
Os Resultados licenciaranse baixo a licenza Recoñecemento Attribution-NonCommercial-ShareAlike 3.0 Unported (CC BY-NC-SA 3.0) de Creative Commons. Permítese a reprodución, distribución e comunicación pública a condición de que non se faga un uso comercial e se citen os autores da obra e titulares dos dereitos. Pódese alterar ou transformar a obra, ou xerar unha obra derivada, sempre que se distribúa a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta. A licenza completa pódese consultar en: http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/
En todos e cada un dos produtos finais do Proxecto deberán constar os autores da obra (EOI e a DEPUTACIÓN DA CORUÑA), o símbolo da licenza indicada conforme a lexislación vixente e o logo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

8. Protección de datos de carácter persoal

De acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), se a DEPUTACIÓN DA CORUÑA accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de EOI, adquire a condición de encargado do tratamento e comprométese a:

- non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución do convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación, e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivese acceso a DEPUTACIÓN DA CORUÑA deben ser destruídos ou devoltos a EOI, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigacións fai responder a DEPUTACIÓN DA CORUÑA das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.
A DEPUTACIÓN DA CORUÑA responde fronte a EOI do cumprimento destas obrigacións polas persoas da DEPUTACIÓN DA CORUÑA que participen de calquera modo na execución do convenio.

9. VIXENCIA E EXTINCIÓN

O prazo de vixencia deste convenio será desde a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2014.
Este convenio poderá prorrogarse por acordo expreso das partes que deberá ser formalizado por escrito. O convenio poderá extinguirse polas seguintes causas:
O convenio poderá extinguirse polas seguintes causas:

a) Cumprimento do obxecto.
b) Cumprimento do prazo de vixencia.
c) Imposibilidade sobrevinda para o seu cumprimento.

d) Acordo das partes asinantes.
e) Comunicación por escrito de calquera das partes cun mínimo de seis meses de antelación á data de resolución.
f) Incumprimento das obrigacións dunha das partes, comunicado de forma motivada por escrito con trinta días de antelación, con omisión de emenda.

En calquera suposto de resolución anticipada, as partes comprométense a finalizar as actividades en curso e a manter a proporcionalidade das súas achegas.

10. RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable.

Este convenio está excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, en virtude do artigo 4.1. C.

Ambas as partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.

En caso de conflito ambas as partes acordan o sometemento á xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento e os seus anexos, por triplicado, no lugar e data indicados.

Por FUNDACIÓN EOI Por DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Don Fernando Bayón Mariné Don Diego Calvo Pouso

ANEXO 1
MODELO DE CERTIFICADO DE ACHEGA DE FONDOS

D. /Dna. _____, con DNI _____, na súa condición de representante legal de _____ (NOME DA ENTIDADE, CIF E DOMICILIO SOCIAL),

CERTIFICO:

A achega económica de _____ € realizada pola DEPUTACIÓN DA CORUÑA para contribuír ao financiamento do Proxecto_____(NOME e CÓDIGO DO PROXECTO), de acordo ao disposto mediante o convenio de colaboración de data _____ subscrito coa Fundación EOI non foi realizada con cargo a fondos comunitarios.

E para que así conste, para os efectos que procedan, a pedimento da Fundación EOI, expido este certificado en _____ (LUGAR E DATA)

Asdo.: _____
(Sinatura e Selo de DEPUTACIÓN DA CORUÑA)

ANEXO 2
ORZAMENTO DETALLADO DA ACTIVIDADE

1. Realización da diagnose da situación actual respecto ao Turismo, en especial turismo Industrial, e captación das Peme …….…… 30.000,00€

Nesta fase identificaranse os puntos chave sobre os que se quere actuar a nivel de recursos e servizos existentes. Para iso será necesario realizar un diagnóstico destes identificando ao mesmo tempo as Peme que serán as posibles beneficiarias e sobre as que se implementará as actuacións innovadoras recollidas no Proxecto. Nesta fase desenvolveranse entre outras, accións de sensibilización e información destinadas a profundar na importancia do sector turístico, con especial incidencia no turismo industrial, promovendo solucións cos axentes implicados para a súa dinamización.

2. Compilación e inventario da información das empresas participantes e colaboración con outras empresas e institucións. …….…….. 30.000,00€

Nesta levarán a cabo as tarefas de asesoramento ás empresas involucradas no Proxecto co fin de recoller a súa información, identificar as pautas a seguir no desenvolvemento da plataforma na que se integrará toda a súa información.

3. Deseño, Desenvolvemento e posta en marcha dunha plataforma multiidioma de Comercialización Turística ……..…….. 60.000,00€

Nesta fase realizarase o deseño e desenvolvemento dunha plataforma de comercialización turística, especializada en turismo industrial, que teña o carácter provincial, de fácil manexo, multiidioma, que dea cobertura aos produtos e recursos turísticos obxecto de dinamización. No caso de que fose recomendable puidesen desenvolverse aplicacións móbiles para a mellora da competitividade das Peme vinculadas ao sector turístico industrial.

4. Consultoría para a incorporación dos Tic nas Peme vinculadas ao sector Turístico Industrial que permita mellorar o seu posicionamento ... 50.0000,00€

Porase ao dispor das Peme vinculadas ao sector turístico, unha rede de consultores que analicen o estado de situación de cada unha das Peme beneficiarias orientándoas á súa incorporación á plataforma desenvolvida. Levarán a cabo actuacións para a implantación das Tic dirixidas a converter a innovación nun proceso sistemático dentro das Peme do sector turístico, en especial as orientadas ao turismo industrial.

5. Difusión do Proxecto …….……..….. 30.000,00€

Ao longo de todo o proxecto desenvolveranse accións de comunicación, apoio á comercialización, promoción…, dirixidas a converter esta plataforma nunha ferramenta de referencia do turismo da provincia da Coruña en xeral, así como a favorecer a súa participación en distintas redes colaborativas empresariais especializadas en turismo industrial, por exemplo a Rede Española de Turismo Industrial (RETI).

44.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN ESCUELA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL (EOI) PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DUNHA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA CURSAR CURSOS FORMATIVOS DE EOI.

Aprobar a formalización e o texto dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Fundación Escola de Organización Industrial (EOI) para a realización conxunta dunha convocatoria de bolsas para cursar cursos formativos de EOI, cun orzamento de 21.818,18.-€ e unha achega provincial de 12.000,00.-€ o que representa unha porcentaxe de financiamento do 55%, con cargo á aplicación orzamentaria 0305/433A/22699, condicionado a que o Orzamento xeral para o exercicio 2014 quede definitivamente aprobado e entre en vigor.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN ESCOLA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL (EOI) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DUNHA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA CURSAR CURSOS FORMATIVOS DE EOI.

A Coruña, de decembro de 2013

REUNIDOS

Dunha parte, Don Fernando Bayón Mariné, director xeral da Fundación EOI, actuando, en virtude dos poderes conferidos polo Padroado, en nome e representación da Fundación EOI (en diante EOI), con CIF G-81718249 e domicilio social en Avenida Gregorio del Amo 6, 28040 Madrid.

Doutra parte, Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando, en exercicio das facultades conferidas, en nome e representación da DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (en diante DEPUTACIÓN DA CORUÑA), con CIF:P1500000C, e domicilio social en Avda. Alférez Provisional 2, CP: 15006, A Coruña

Os asinantes, na representación que teñen, declaran ter a capacidade legal necesaria para formalizar este documento e, para o efecto,

EXPOÑEN

I. EOI é unha fundación do sector público estatal dedicada a formar profesionais, producir e difundir coñecemento e ofrecer servizos de valor a empresas, emprendedores e administracións, nos valores dunha economía aberta, social, verde e dixital.

II. A Deputación da Coruña é unha institución pública de carácter local de ámbito provincial, que ten a súa sede na cidade da Coruña, na Comunidade Autónoma de Galicia. A súa definición recóllese no artigo 31 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e este mesmo artigo establece como fins propios e específicos da entidade provincial garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social. Así mesmo, no

artigo 36 da mencionada lei inclúense, entre as competencias propias das Deputacións, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións públicas neste ámbito; e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

III. Por iso, tendo en conta a coincidencia de obxectivos das dúas entidades, e que a colaboración mutua potenciará o intercambio de información e experiencias docentes e investigadoras, é vontade de ambas as dúas partes convocar conxuntamente un programa de bolsas de estudo repartidas entre Máster presenciais de posgrao e Máster Executive en liña que ofrece EOI.

Por canto antecede, as partes asinantes consideran de interese subscribir un convenio que regule os termos da colaboración entre ambas para o desenvolvemento da actividade proxectada, que formalizan mediante este documento, en cuxa virtude,

ACORDAN

1. OBXECTO

O obxecto deste convenio é desenvolver os termos da colaboración entre a EOI e a DEPUTACION DA Coruña para a realización conxunta dunha convocatoria de bolsas para cursar Programas Formativos de EOI no ano lectivo 2013/2014 dirixidos a persoas da provincia da Coruña.

A finalidade do programa de bolsas de estudo é a de facilitar a persoas da provincia da Coruña obter unha formación complementaria en áreas con gran demanda laboral e de futuro, como innovación, medio ambiente, xestión empresarial, etc. que esixen uns excelentes coñecementos técnicos.

No **Anexo 1** recóllese a listaxe dos Programas Formativos de EOI que poden ser obxecto de bolsa, de acordo ás condicións enunciadas.

A convocatoria de bolsas realizarase de acordo coas seguintes condicións:

- Poderán ser beneficiarios das bolsas os titulados universitarios nados ou residentes na provincia da Coruña preferentemente en situación de desemprego que finalizando os seus estudos universitarios como máximo nos últimos sete anos, presenten a súa solicitude de acordo ao procedemento establecido pola EOI/ e a DEPUTACION DA Coruña.
- Os solicitantes deberán cumprir cos requisitos de admisión definidos por EOI para cada Programa Formativo (que figuran en Anexo **2** a este convenio e serán publicados na páxina electrónica das partes asinantes deste convenio)
- Cada unha das bolsas conta cunha dotación do 55% do prezo total de matrícula do Programa Formativo.
- EOI fará un desconto dun 30% do prezo total de matrícula do Programa Formativo.
- O alumno deberá aboar o 15% do prezo do Programa Formativo de acordo coas condicións de pago establecidas por EOI para cada Programa.
- O alumno que obteña bolsa para un Máster presencial asumirá os gastos de desprazamento e estancia (transporte, aloxamento, manutención, libros, seguro médico e calquera outro gasto adicional) durante o período de realización do Programa Máster Presencial.
- O alumno que obteña unha bolsa en Máster Executive en liña terá que aboar o desprazamento para asistir ao período residencial presencial. O aloxamento

pagarao o EOI na residencia que facilite e réxime de aloxamento que estea proposto polo EOI para o programa formativo.

- O incumprimento por parte do alumno das responsabilidades económicas indicadas facultará ao EOI para reter as súas cualificacións e o título académico correspondente.
- EOI resérvase o dereito de suspender a aqueles alumnos que non cumpran coa normativa interna de EOI (publicada na súa páxina electrónica).
- As bolsas concedidas só poderán aplicarse no curso académico correspondente e nun Programa Máster completo, non podendo realizarse cambios de Programa para aplicar a bolsa con posterioridade á súa concesión, salvo que o programa non chegase a celebrarse.
- As bolsas distribuiranse nos Programas Formativos enumerados no **Anexo 1.**

2. ACHEGAS DAS PARTES

Para cada unha das bolsas concedidas, EOI comprométese a asumir o 30% do prezo do Programa Formativo, a DEPUTACIÓN DA Coruña comprométese a asumir un 55% do prezo do Programa Formativo e o participante asumirá o 15% restante.

A DEPUTACIÓN DA Coruña financiará o programa de bolsas por importe dun total de DOCE MIL EUROS (12.000,00€) mediante transferencia bancaria á conta indicada pola Fundación EOI, no prazo máximo dun mes desde a data de emisión da nota de cargo.

A nota de cargo emitida por EOI constará, polo menos, da seguinte documentación xustificativa:

- Memoria da actividade, subscrita polo representante legal da entidade, na que se reflictan todas as actuacións realizadas pola EOI e a Deputación para levar a cabo o programa de bolsas de estudo.
- Certificación de gastos, na que conste a relación de persoas beneficiarias, e o seu correspondente aboamento do prezo do programa formativo inscrito.
- Financiamento provincial e declaración doutros ingresos que obteñan ou estean comprometidos para a mesma finalidade.

Das bolsas concedidas con cargo a este programa conxunto EOI-DEPUTACIÓN, a achega máxima da DEPUTACIÓN será de 12.000,00€, o que supón un 55% do custo total da actividade, 21.818,18€. Da cantidade resultante, un 30% será financiado con cargo a fondos propios de EOI e un 15% será financiado con cargo aos beneficiarios das bolsas. En todo caso, a Deputación da Coruña só achegará o 55% do importe dos programas formativos para os que se concederon as bolsas.

3. CONCESIÓN DE BOLSAS

EOI e DEPUTACIÓN DA CORUÑA colaborarán para garantir a publicidade desta convocatoria.

A DEPUTACIÓN DA Coruña desenvolverá polos medios que considere oportuno e pola súa conta os labores de difusión e promoción desta convocatoria de bolsas entre os titulados aos que se dirixen os programas formativos na provincia EOI realizará accións de difusión publicitando esta iniciativa.

EOI será responsable de recoller a documentación necesaria para a solicitude da bolsa e realizar unha selección previa de solicitudes que deberá remitir á DEPUTACIÓN DA Coruña nos prazos e na forma que establezan ambas as partes.

A DEPUTACIÓN DA Coruña colaborará con EOI na realización do proceso selección e admisión de solicitudes.

EOI adxudicará as bolsas utilizando como criterios preferentes, a situación de desemprego, o nivel de ingresos e situación económica da unidade familiar e a adecuación do curriculum vitae do solicitante ao Programa Formativo correspondente, en coherencia, coas directrices e finalidades de EOI.
EOI e a DEPUTACIÓN DA Coruña poderán asinar de mutuo acordo anexos a este convenio de colaboración entre as dúas institucións cando o consideren oportuno.

4. CONFIDENCIALIDADE

As partes acordan non utilizar nin divulgar con fins distintos aos derivados da colaboración que establecen en virtude deste convenio ningún documento nin calquera outra información intercambiada entre elas durante a realización das actividades, presentacións e reunións que teñan lugar con obxecto do convido neste documento, así como técnicas, procesos, ou calquera resultado, estudo ou análise obtida como consecuencia da citada relación.
As obrigacións contidas na presente estipulación subsistirán mesmo unha vez terminada a colaboración, salvo consentimento expreso da parte propietaria da devandita información.

5. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase unha Comisión de Seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio.
A Comisión de Seguimento estará formada por dous representantes de cada parte: por parte de EOI, don Fernando Bayón Mariné, director xeral e dona Ana Álvarez Castro, e por parte de DEPUTACION DA Coruña, don Diego Calvo Pouso, Presidente, e Don Antonio Cañás Varela, vicepresidente 2º, ou persoas en quen eles deleguen.
Corresponden á Comisión de Seguimento, entre outras, as seguintes funcións:

- Realizar un seguimento das actividades.
- Establecer as medidas correctoras oportunas para conseguir o cumprimento do obxectivo do proxecto.
- Aclarar as dúbidas e controversias que poidan orixinarse na interpretación e execución deste convenio.

A Comisión reunirase cantas veces considere necesario, a convocatoria de calquera das partes.
Actuará de presidente da Comisión de Seguimento Don Fernando Bayón Mariné e de secretaria Dona Ana Álvarez Castro. Para a válida constitución da Comisión de Seguimento, para efectos da celebración de reunións e adopción de acordos, requirirase a presenza da metade máis un dos seus membros entre os que deberán estar o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. Os acordos serán adoptados por maioría simple. O presidente da Comisión de Seguimento terá a facultade de voto dirimente en caso de empate, para os efectos da adopción de acordos.
A Comisión de Seguimento reunirase, polo menos, cada tres meses en sesión ordinaria. A primeira sesión celebrarase dentro do primeiro mes tras a sinatura do convenio.
A Comisión de Seguimento, constituída en virtude deste convenio de colaboración, non debe de ter natureza orgánica e por tanto non constituirá o réxime competencial vixente atribuído pola lei aos órganos de goberno e decisión. É dicir, os seus acordos non poden ser máis que propósitos, non podendo asumir obrigacións ou dereitos en

nome da DEPUTACIÓN DA Coruña para a execución dos programas formativos que se executen en virtude do presente convenio.

6. DIFUSIÓN DAS ACCIÓNS

En todas as accións de desenvolvemento deste convenio farase mención expresa da colaboración das partes, figurando de forma destacada o seu nome e logo nos elementos de difusión e en canta documentación se xere. Para tales efectos, as partes facilitarán os elementos gráficos e de imaxe correspondentes á súa identidade corporativa, que só poderán ser utilizados con esta exclusiva finalidade.

7. VIXENCIA E EXTINCIÓN

O prazo de vixencia deste convenio será desde a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2014.

Este convenio poderá tamén prorrogarse por acordo expreso de ambas as partes que deberá ser formalizado por escrito.

O convenio poderá extinguirse polas seguintes causas:

a) Cumprimento do obxecto.
b) Cumprimento do prazo de vixencia.
c) Imposibilidade sobrevinda para o seu cumprimento.
d) Acordo das partes asinantes.
e) Comunicación por escrito de calquera das partes cun mínimo de seis meses de antelación á data de resolución.
f) Incumprimento das obrigacións dunha das partes, comunicado de forma motivada por escrito con trinta días de antelación, con omisión de emenda.

En calquera suposto de resolución anticipada, as partes comprométense a finalizar as actividades en curso.

8. RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable.

Este convenio esta excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, en virtude do artigo 4.1C.

Ambas as partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.

En caso de conflito ambas as partes acordan o sometemento á xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento e os seus anexos, por duplicado, no lugar e data indicados.

Por FUNDACIÓN EOI	Por DEPUTACION DA Coruña
Don Fernando Bayón Mariné	Don Diego Calvo Pouso

Deputación
DA CORUÑA

Deputación DA CORUÑA

ANEXO 1
LISTAXE DE PROGRAMAS FORMATIVOS

*Importante: O número de bolsas por programa pecharase de común acordo entre as partes tendo en conta a oferta da EOI e a demanda da DEPUTACION DA Coruña

Programa	Data de Inicio	Prezo total Programa	Importe bolseiro por EOI	Importe bolseiro polo a Deputación da Coruña	Importe a pagar polo alumno
		100%	30%	55%	15%
Máster Executive en liña					
Máster Executive en liña en Enerxías Renovables	Febreiro 2014	9.000 €	2.700 €	4.950 €	1.350 €
Máster Executive en liña en Lean Startup	marzo 2014	9.000 €	2.700 €	4.950 €	1.350 €
Máster Executive en liña en Dirección de Empresas Turísticas	abril 2014	9.000 €	2.700 €	4.950 €	1.350 €
Máster Executive en liña en Xestión de Negocios Internacionais	Abril/ Nov. 2014	9.000 €	2.700 €	4.950 €	1.350 €
Máster Executive en liña en Administración e Dirección de Empresas	Abril / Nov. 2014	9.000 €	2.700 €	4.950 €	1.350 €
Máster Executive en liña en Xestión Hospitalaria	Outubro 2014	9.000 €	2.700 €	4.950 €	1.350 €
Máster Executive en liña en Xestión das Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información	Outubro 2014	9.000 €	2.700 €	4.950 €	1.350 €
Máster Executive en liña en Desenvolvemento Sustentable e Responsabilidade Corporativa	Novembro 2014	9.000 €	2.700 €	4.950 €	1.350 €
Máster Executive en liña en Global Entrepreneurship	Novembro 2014	9.000 €	2.700 €	4.950 €	1.350 €
Máster Executive en liña en Xestión Agroalimentaria	Novembro 2014	9.000 €	2.700 €	4.950 €	1.350 €
Máster Executive en Dirección de Empresas Industriais e Tecnolóxicas	Novembro 2014	9.000 €	2.700 €	4.950 €	1.350 €
Curso Superior en Dirección de Proxectos (en liña)	Novembro 2014	3.600 €	1.080 €	1.980 €	540 €
Executive MBA en liña	Novembro 2014	16.000 €	4.800 €	8.800 €	2.400 €

Programa	Data de Inicio	Prezo total Programa	Importe bolseiro por EOI	Importe bolseiro pola Deputación da Coruña	Importe a pagar polo alumno
		100%	30%	55%	15%
Máster Presenciais					
Executive MBA (Sevilla)	xaneiro 2014	18.830 €	5.649 €	10.357 €	2.825 €
Executive MBA quincenal (Madrid)	febreiro 2014	24.500 €	7.350 €	13.475 €	3.675 €
Executive MBA semanal (Madrid)	Outubro 2014	24.500 €	7.350 €	13.475 €	3.675 €
MBA full time (Madrid ou Sevilla)	Outubro 2014	15.750 €	4.725 €	8.663 €	2.363 €
MBA part time (Madrid)	Outubro 2014	18.900 €	5.670 €	10.395 €	2.835 €
Máster en Enxeñería e Xestión Ambiental (Madrid)	Outubro 2014	14.070 €	4.221 €	7.739 €	2.111 €
Máster en Enxeñería e Xestión da auga (Madrid)	Outubro 2014	14.070 €	4.221 €	7.739 €	2.111 €
Máster en Enerxías Renovables e Mercado Enerxético (Madrid)	Outubro 2014	14.070 €	4.221 €	7.739 €	2.111 €
Máster en Xestión do Medio na Empresa (Sevilla)	Outubro 2014	12.060 €	3.618 €	6.633 €	1.809 €
Programa Superior en Big Data & Business Analytics (Madrid)	Outubro 2014	6.500 €	1.950 €	3.575 €	975,00 €

ANEXO 2
REQUISITOS PARA SOLICITAR A BOLSA

Poderán solicitar a bolsa todas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser natural ou residente en calquera dos municipios da provincia da Coruña, con anterioridade á data de solicitude da bolsa.
b) Estar en posesión dun título universitario ou en condicións de obtelo antes da data de inicio do programa para o que solicita a bolsa.
c) Finalizar os estudos universitarios nos 7 anos inmediatamente anteriores á data da solicitude.
d) Preferentemente desempregados. Deberase especificar se no momento da solicitude da bolsa se está en situación de desemprego.
e) Cumprir cos requisitos específicos de cada programa formativo que se atopan publicados na páxina web de EOI.
f) Non ter circunstancias económicas nin de calquera outra índole que impidan ao bolseiro terminar o curso completo.
g) Non posuír débedas coa EOI nin coa Deputación da Coruña.
h) Ter un alto nivel de coñecemento falado e escrito da lingua en que se imparta o curso (castelán).
i) Superar o proceso de admisión en EOI Escola de Organización Industrial con anterioridade á data de solicitude da bolsa.

ANEXO 3

PROCEDEMENTO E CONDICIÓNS DE ADXUDICACIÓN E CONSERVACIÓN DE BOLSAS

1. Publicidade da convocatoria e das súas bases e contido nas páxinas electrónicas de EOI e da DEPUTACIÓN DA Coruña
2. Solicitude da bolsa. Cada interesado só poderá solicitar unha bolsa por programa e só para un curso. Cada candidato redactará e asinará a súa solicitude, achegando as razóns académicas, profesionais e/ou persoais que motiven a súa solicitude. A solicitude deberá remitirse á sede EOI.
3. A documentación que se ha presentar xunto coa solicitude de bolsa será a seguinte:
   - Solicitude de bolsa coa xustificación, mencionada.
   - Fotocopia da admisión de EOI no Programa para o que se solicita a bolsa.
   - Fotocopia compulsada do DNI e certificado de empadroamento no seu caso.
   - Fotocopia da titulación universitaria superior ou certificado dos estudos que o solicitante posúa no momento de realizar a súa solicitude.
   - Fotocopia de documento que acredite a súa situación de desemprego no momento da solicitude.
   - Fotocopia da última declaración da renda do candidato. Os candidatos estranxeiros que acrediten que non poden achegar os documentos solicitados, poderán substituílos por unha declaración xurada da situación económica do participante.
   - Curriculum Vitae actualizado do/da solicitante en castelán.
   - Dirección de correo electrónico (e-mail).
   - Aquela documentación ou achegas que o/a candidato/a considere de interese para facilitar a súa admisión.
   - EOI valorará positivamente calquera comunicado de apoio ao candidato.
   - Declaración sobre non percepción doutras axudas ou ingresos adicionais para o desenvolvemento do programa.

   Toda a documentación que han achegar os candidatos deberá selo en castelán, excepto aquelas que na súa orixe veña redactadas en galego, e as datas de comunicacións axustaranse ao horario peninsular español.
   O expediente de solicitude de bolsa EOI-DEPUTACIÓN DA Coruña é independente e, posterior ao de admisión, por tanto, o solicitante deberá cubrir e achegar toda a documentación complementaria por duplicado (un exemplar para solicitar a bolsa e outro para a admisión).
4. A selección dos bolseiros realizarase con base ao rendemento académico, a traxectoria profesional e todos aqueles datos achegados que

o candidato considere de interese e que permitan avaliar a súa capacidade para aproveitar o programa.

5. Con anterioridade a 10 días previo á data de comezo do programa, a DEPUTACIÓN DA Coruña remitirá a EOI a listaxe de candidatos preseleccionados.
6. EOI valorará positivamente as recomendacións académicas e profesionais do candidato.
7. Os beneficiarios das bolsas deberán cumprir todos os puntos da Normativa de EOI.
8. Os beneficiarios das bolsas non poderán recibir axudas ou subvencións adicionais por parte de EOI.
9. Os beneficiarios das bolsas non poderán recibir axudas ou subvencións totais ou parciais doutras institucións, nacionais ou internacionais, para o desenvolvemento do Programa. As bolsas están destinadas a todas aquelas persoas que necesitan apoio para o seu desenvolvemento profesional.
10. No caso de que o/a candidato/a non comunicase a percepción de calquera outra axuda ou subvención para o desenvolvemento do programa por parte doutra Institución, e non se procedese á devolución do importe da bolsa á EOI ou á outra Institución que lle axude, expulsaráselle do programa sen posibilidade da devolución ningunha do diñeiro aboado. A bolsa provincial reintegrarase na proporción do 55% do seu importe.
11. De igual maneira ao disposto no punto anterior, procederase se o bolseiro incorrese nalgúns dos seguintes casos:
    - Falsidade de calquera dos datos facilitados ou da documentación achegada.
    - Non superación de todas as materias do Programa durante o curso.
    - Incumprimento dalgunha das Normas Xerais de Funcionamento do curso.
    - Incumprimento da lexislación vixente en España.
    - Incumprimento dalgún dos puntos reflectidos na Normativa Xeral de EOI.
    - Ser notificado por parte da Institución cun escrito de comunicación de falta grave.
    - Falta de pagamento de calquera das cantidades pendentes no prazo estipulado por EOI.

45.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE FERROL E COMARCA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN. ANO 2013.

APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE FERROL E COMARCA con C.I.F.:G-15092513 PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN. ANO 2013 cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 20.000,00 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 79,116 % con respecto a un orzamento de 25.279,21 €, que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0305/432A/481.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN ANO 2013

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. , con DNI núm. , en representación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS consideran de grande interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente a dedicada ao pequeno comercio.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS**, **CIF G15092513**, para o financiamento das "*Actividades de Formación. Ano 2013*".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSONAL	**13.602,12**
GASTOS CORRENTES DE MATERIAIS	**8.817,13**

GASTOS DA ASESORÍA DOS CURSOS	**1.596,00**
AVALIACIÓN DE CALIDADE	**1.263,96**
IMPORTE TOTAL	**25.279,21 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 79,116%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,116% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/432A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o 15 de xaneiro de 2014 ata o 31 de maio de 2014.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do

vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade

disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá efectos retroactivos desde o 1 de decembro de 2013 e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro de 2014**, condicionada á existencia de crédito para tal fin no exercicio 2014.
2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de agosto de 2014, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA FERROL E COMARCAS, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo adoptado na sesión plenaria do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN DE HOSTALARÍA DE FERROL

Don Diego Calvo Pouso

46.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013, NOVENA FASE, NA QUE SE INCLÚE A OBRA "REFORZO DO FIRME NAS ESTRADAS DP 1704 CAMBRE A CARRAL E DP 7504 CASTELO- CARNOEDO".

1) Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2013, novena fase, cun presuposto total de 106.575,70 euros, con cargo á aplicación 0401/453A/61900 que se detalla.

CODIGO	PROXECTO	CONCELLO	PRESUPOSTO
1311000046.0	REFORZO DO FIRME NAS ESTRADAS D.P. 1704 CAMBRE A CARRAL E D.P. 7504 CASTELO CARNOEDO	CAMBRE, CARRAL E SADA	106.575,70

2) Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3) Condicionar a licitación e adxudicación do proxecto obxecto da proposta á resolución e liquidación do contrato das obras MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 7504: SENDA PEATONAL EN CASTELO A CARNOEDO PK 1+510 AO PK 2+180 (101100005.0), e no suposto de que como resultado da liquidación constasen no proxecto que se está aprobando unidades de obra xa realizadas deberá procederse á modificación do proxecto que se aproba.

En todo caso deberá procederse á comprobación polo Servizo de Vías e Obras da idoneidade do proxecto unha vez resolto e liquidado o contrato das obras MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA EN D.P. 7504: SENDA PEATONAL EN CASTELO A CARNOEDO PK 1+510 AO PK 2+180 (1011000005.0), debendo emitirse informe ao respecto.

Deputación DA CORUÑA

47.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013, DÉCIMA FASE, NA QUE SE INCLÚE A OBRA "RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA E SINALIZACIÓN NA DP 1501 ACCESO Á PRAIA DE CABANAS".

1) Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2013, DECIMA FASE, cun presuposto total de 107.239,63 euros, con cargo á aplicación 0401/453A/61900 que se detalla.

CODIGO	PROXECTO	CONCELLO	PRESPOSTO
1311000047.0	RENOVACION DA CAPA DE RODADURA E SINALIZACION NA D.P. 1501 ACCESO Á PRAIA DE CABANAS	CABANAS	107.239,63

2) Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

48.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO INCLUÍDO NO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013, SEGUNDA FASE, RELATIVO Á OBRA "INTERSECCIÓN DA DP 3006 COAS RÚAS MARÍA ANA MOGAS E LISBOA (P.K. 1+320).

1.- Aprobar a modificación do proxecto incluído no PLAN DE VIAS PROVINCIAS 2013, 2ª FASE, integrado, entre outros, polo proxecto que a continuación se relaciona:

CODIGO	PRESUPOSTO	DENOMINACION	CONCELLO
1311100004.0	40.175,42	PROXECTO MODIFICADO DO DA OBRA INTERSECCION DA DP 3006 COAS RÚAS MARIA ANA MOGAS E LISBOA (P.K. 1+320)	A CORUÑA

2.- Expoñer ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.

49.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013, TERCEIRA FASE, NA QUE SE INCLÚE A OBRA "COMPLEMENTARIO Nº 1 DA AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA NA DP 1405 PAZOS A LEAS POR BERES DESDE O P.K. 8+820 AO P.K. 10+760".

1) Aprobar o Plan de VIAS PROVINCIAIS 2013, TERCEIRA FASE, cun presuposto total de 47.513,84 euros, con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que se detalla:

CODIGO	PROXECTO	CONCELLO	PRESUPOSTO
1311100005.0	COMPLEMENTARIO Nº 1 DA AMPLIACION DA PLATAFORMA NA D.P. 1405 PAZOS A LEAS POR BERES DESDE O P.K. 8+820 AO P.K. 10+760	CABANA DE BERGANTIÑOS	47.513,84

2) Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

50.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA AO 30.11.2013 E PROXECCIÓN AO 31.12.2013.

Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 30/11/2013 e proxección a 31/12/2013.

51.-RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA E APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 4 DO ANO 2013.

I.- ANTECEDENTES

Por acordo do Pleno da Deputación provincial aprobouse inicialmente o Expediente de modificación de créditos nº 4/2013, na sesión ordinaria que levou a cabo o día 25 de outubro de 2013.

O devandito acordo foi exposto ao público mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 209, do 4 de novembro de 2013, de conformidade co disposto na normativa de aplicación.

Durante o período de exposición pública presentouse unha única reclamación subscrita por D. Ángel García Seoane, na súa condición de alcalde-presidente do Concello de Oleiros (A Coruña).

Con motivo da reclamación presentada solicitáronse, e incorporáronse ao expediente diferentes informes dos Servizos provinciais.

II.- CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Á vista da documentación que integra o expediente procede efectuar as consideracións que a continuación se expoñen:

PRIMEIRA: a través do Expediente de modificación de créditos citado dáse aplicación parcial ao remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio 2012, por un importe de 13.579.016,47 €, que se destina a:

a) *Reducir o endebedamento neto, 2.900.000,00€, para dar cumprimento ao mandato imperativo contido no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que é do seguinte teor literal:*

   "No caso de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o endebedamento neto. No caso da Seguridade Social, o superávit aplicarase prioritariamente ao Fondo de Reserva, coa finalidade de atender ás necesidades futuras do sistema."

b) *A dotacións necesarias para atender a servizos públicos provinciais, 528.000€*

c) *A establecer os créditos orzamentarios que permitan tramitar subvencións correntes e de capital a concellos, consorcios ou outras entidades públicas ou privadas por importe de 724.263,70 € e 9.426.752,77 € respectivamente.*
   En todo caso estas dotacións non xeran compromiso ningún e debe procederse posteriormente á tramitación oportuna para a súa aplicación e

eficacia. Esta circunstancia é consecuencia de diferentes preceptos de xeral e ineludible aplicación entre os que hai que sinalar os artigos 173.1 e 184.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo:

> *"Artigo 173.1 Esixibilidade das obrigacións, prerrogativas e limitación dos compromisos de gasto*
>
> ***1.*** *As obrigacións de pago só serán esixibles da facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, cos límites sinalados no artigo anterior, ou de sentenza xudicial firme.*
>
> *Artigo 184 Fases do procedemento de xestión dos gastos*
>
> ***1.*** *A xestión do orzamento de gastos realizarase nas seguintes fases cuxo contido se establecerá regulamentariamente:*
>
> ***a)*** *Autorización de gasto.*
> ***b)*** *Disposición ou compromiso de gasto.*
> ***c)*** *Recoñecemento ou liquidación da obrigación.*
> ***d)*** *Ordenación de pago."*

SEGUNDA: No Expediente de modificación de créditos número 4/2013, como no orzamento inicial do exercicio e nos distintos expedientes tramitados con anterioridade, cúmprense todos os requisitos formais, respéctanse escrupulosamente todos os trámites procedementais establecidos nas normas vixentes e recóllense os informes, ditames e acordos preceptivos, adoptados estes por unanimidade de todos os Grupos Políticos provinciais.

TERCEIRA: Nas distintas Áreas de xestión administrativa da Deputación non consta que o alcalde-presidente do Concello de Oleiros presente ao longo do exercicio 2013 ningún proxecto de actividade ou investimento de interese público para o que solicite o financiamento provincial. Tampouco consta ningún compromiso adquirido co Concello de Oleiros que non conte coa suficiente e adecuada cobertura orzamentaria.

CUARTA: Durante o exercicio 2013 estanse tramitado as seguintes convocatorias públicas, dirixidas aos concellos da provincia:

Boletín Oficial da Provincia nº 207 do 30/10/2012

- *Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) ano 2013*

Boletín Oficial da Provincia nº 239 do 17/12/2012:

- *Programas de apoio á cultura e o deporte, dirixido a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos durante o ano 2013.*
- *Programas dirixidos a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2013.*

- *Convocatoria dirixida a concellos e outras entidades locais interesadas na realización de proxectos de envellecemento activo para persoas maiores. Ano 2013.*
- *Convocatoria de subvencións dirixidas a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2013.*
- *Convocatoria de subvencións dirixida a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais no ano 2013.*

Boletín Oficial da Provincia nº 7 do 11/1/2012:

- *Bases reguladoras do programa provincial de cooperación cos concellos da provincia da Coruña para a creación ou mantemento dos servizos lingüísticos.*

Boletín Oficial da Provincia nº 31 do 14/2/2013:

- *Programa de limpeza de praias dirixido aos concellos da provincia, anualidade 2013.*
- *Programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia, anualidade 2013.*

Boletín Oficial da Provincia nº 75 do 19/4/2013:

- *Bases reguladoras do Plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos para o exercicio 2013.*

QUINTA: Distintos concellos da provincia solicitaron unha achega provincial para financiar actividades ou investimentos de indubidable interese público, de carácter singular e excepcional. A tramitación destas solicitudes deberá adecuarse aos procedementos establecidos no artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, nas Bases de execución do orzamento e no acordo do Pleno da Corporación do 25 de xuño de 2012 publicado no Boletín Oficial da Provincia número 119, do 25/6/2012. En ningún caso o Expediente de modificación de créditos en tramitación pode determinar os destinos finais das dotacións nel recollidas sen a preceptiva tramitación dos oportunos expedientes administrativos. A tramitación de toda subvención, corrente ou de capital de concorrencia competitiva ou nominativa, a entidades públicas ou privadas, require a tramitación dun expediente administrativo consecuencia dunha solicitude motivada e adecuadamente documentada do interesado, que debe ser aprobado polo órgano competente, previos os informes preceptivos e conforme as condicións e trámites establecidas.

ACORDO

En virtude de canto se expuxo o Pleno acorda por unanimidade:

1º) Desestimar a reclamación presentada por D. Ángel García Seoane, alcalde-presidente do Concello de Oleiros (A Coruña), contra a aprobación inicial do Expediente de modificación de créditos número 4, do ano 2013, de competencia do Pleno, por non concorrer ningún dos supostos establecidos no artigo 170 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e no artigo 22 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do titulo sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

2º) Aprobar definitivamente o Expediente de modificación de créditos número 4 de 2013, de competencia do Pleno provincial.

3º) Dispor a publicación do resumo por capítulos do citado expediente no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, conforme co establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4º) Remitir copia do expediente definitivamente aprobado á Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do dispostos nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/190, do 20 de abril e nos artigos 169.34 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5º) Notificar fielmente os acordos adoptados ao alcalde-presidente do Concello de Oleiros para o seu coñecemento e efectos.

De conformidade co establecido nas normas de aplicación, contra a aprobación definitiva do Expediente de modificación de créditos número 4 de 2013, de competencia do Pleno, poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición."

52.-APROBACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL.

CONVENIO COLECTIVO.
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA-PERSOAL LABORAL

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O presente Convenio Colectivo, celebrado entre os representantes da Deputación Provincial da Coruña e o Comité de Empresa desta, ten como principal obxectivo establecer e regular as normas polas que se rexerán as condicións de traballo e retributivas das persoas empregadas públicas en réxime laboral da Deputación Provincial da Coruña, así como as normas sociais, económicas e sindicais que lles serán de aplicación.

En todo aquilo que non estea recollido no presente Convenio, aplicarase a normativa vixente en cada momento que dite o Estado ou a Comunidade Autónoma de Galicia, en razón das súas respectivas competencias.

A formalización do presente convenio en ningún caso implica para o seu ámbito a renuncia aos seus dereitos como persoal laboral das persoas empregadas públicas en réxime laboral da Deputación Provincial da Coruña.

Para o desenvolvemento futuro das condicións recollidas no presente Convenio a Deputación tenderá, no posible, á normativa vixente en cada momento para os funcionarios da Administración local, como referencia básica onde arribar e dende aí cumprir o xa contemplado nos principios da Planificación estratéxica 2013-2015.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1.- Ámbito persoal. Este convenio aplicarase a todo o persoal laboral que preste os seus servizos para a Deputación Provincial da Coruña. Para estes efectos, considerase persoal laboral ás persoas empregadas públicas suxeitas a calquera tipo de contrato laboral para desempeñar os postos de traballo e as funcións que respondan á actividade normal da Deputación.

Quedan excluídas, en consecuencia, do ámbito de aplicación deste Convenio:
- As persoas funcionarias públicas de carreira e interinas.
- O persoal eventual e/ou de confianza.
- As persoas que presten os seus servizos en Fundacións ou Organismos Autónomos con personalidade xurídica propia dependentes da Deputación.
- As persoas que presten os seus servizos en virtude de calquera das relacións laborais definidas no artigo 1.3 do Estatuto dos traballadores, así como as de carácter especial regulamentadas no seu artigo 2.
- As persoas profesionais cuxa relación de servizos coa Deputación da Coruña se derive dun contrato administrativo, civil ou mercantil, para a realización de traballos concretos ou específicos.

- As persoas traballadoras das empresas contratadas para a prestación de servizos.
- En xeral, todas aquelas persoas non incluídas no número 1 deste artigo.

2.- Ámbitos funcional e territorial. O presente Convenio Colectivo ten como ámbito funcional a Deputación Provincial da Coruña, como empresa única constituída por todos os centros de traballo que comprende e que dela dependen, e como ámbito territorial a provincia da Coruña.

Artigo 3. Ámbito temporal

O convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014 e estará vixente ata o 31 de decembro do mesmo ano, agás nas materias nas que no seu texto se estableza outro período de vixencia, e prorrogarase automaticamente, por períodos dun ano, a non ser que fora denunciado por calquera das partes lexitimadas cun mínimo de catro (4) meses de antelación a finalización da vixencia do seu período inicial ou de calquera das súas prórrogas.
En caso de denuncia, quedará vixente o presente convenio colectivo ata que as partes cheguen a un acordo na redacción dun novo convenio.

Artigo 4. Equiparación do persoal laboral co persoal funcionario

Sempre que sexa conforme co previsto no ordenamento xurídico, equipáranse as normas, condicións de traballo, sociais e as retribucións íntegras de todas as persoas empregadas públicas da Deputación da Coruña, sexan persoal laboral ou persoal funcionario, sempre que desempeñen postos de grupos, subgrupos, e/ou tipos de postos que resulten equiparados segundo as relacións de postos de traballo e nas táboas salariais que se acorden.

Artigo 5. Comisión paritaria

1. Creación. As partes acordan crear unha Comisión paritaria para a vixilancia, aplicación e interpretación deste Convenio Colectivo, que entenderá dos conflitos derivados da súa aplicación e interpretación, con carácter previo ao exercicio das accións que puideran corresponder ante a xurisdición competente ou autoridade laboral. A Comisión constituirase dentro dos quince (15) días seguintes á publicación do presente convenio no BOP.

2. Composición*.* A Comisión paritaria estará integrada por cinco (5) dos membros do Comité de Empresa, designados por este entre os seus integrantes e un número igual de representantes designados pola Corporación**.** A Comisión poderá estar asistida das persoas asesoras e/ou técnicas que se consideren necesarias para o informe e asesoramento dos asuntos que se han tratar.

3.- Funcións. As funcións específicas da Comisión Ppritaria serán as seguintes:
- Interpretación do Convenio Colectivo.
- Vixilancia do cumprimento do pactado
- Estudo das reclamacións e queixas que lle formulen os traballadores á propia Comisión paritaria.
- Emisión de informe e propostas para actualización dos pactos obxecto do convenio.

- Emisión de informe e propostas para a definición, asimilación e integración nos distintos niveis das categorías profesionais non recollidas neste convenio, que veñan aconselladas polas necesidades da propia organización.
- Estudar e propoñer, cando proceda, a creación, modificación ou supresión de grupos, especialidades ou niveis.
- Propoñer a mediación e/ou arbitraxe nas discrepancias que poidan xurdir na aplicación do convenio.
- Proposta de actividades que tendan a unha maior eficacia práctica do acordado no convenio.
- As demais funcións específicas ou temporais que se lle poidan atribuír no presente convenio.

Estas funcións non obstaculizarán en ningún caso as de carácter administrativo e contencioso, elevándose consulta, no caso de dúbida, á autoridade laboral competente.

4.- Reunións. A Comisión paritaria reunirase como mínimo unha vez ao trimestre. Tamén deberá reunirse, a iniciativa de unha das partes, no prazo máximo de quince (15) días naturais contados a partir do día seguinte ao da data da comunicación por escrito á outra parte, e a solicitude deberá ir acompañada pola documentación necesaria. A iniciativa deberá ser formulada mediante un escrito subscrito como mínimo pola maioría dos membros da parte solicitante. A secretaría da Comisión será desempeñada por un funcionario/a elixido/a por maioría. Igualmente poderán realizarse reunións con carácter de urxencia, cando ambas partes así o acorden.

A orde do día de cada reunión estará integrada polos asuntos propostos polos membros da Comisión, o primeiro punto será a lectura e aprobación da acta anterior, se procede, e o último será o apartado de rogos e preguntas.

5. Acordos. Os acordos da comisión paritaria adoptaranse por maioría de cada unha das partes. Redactarase acta de todos os acordos adoptados, que entrarán en vigor na data que se estableza. Cando os acordos supoñan unha modificación substancial do Convenio Colectivo, previo acordo na Comisión paritaria, incorporaranse ao seu texto, sen prexuízo dos trámites establecidos legalmente.

Capítulo II. Dereitos e deberes das persoas traballadoras

Todo o persoal laboral que preste os seus servizos para a Deputación Provincial da Coruña terá os dereitos e deberes que en cada momento resulten de aplicación na normativa legalmente aplicable, e na medida do legalmente posible estarán equiparados ao persoal funcionario, debendo observar os principios éticos e de conduta que igualmente estableza a lexislación vixente para todos os empregados públicos.

Igualmente o persoal laboral observará o cumprimento das políticas globais no ámbito dos recursos humanos da Deputación formalmente aprobadas polo Pleno desta, e o desenvolvemento dos procesos de planificación estratéxica e plans de emprego legalmente aprobados previa negociación coa representación de todos os traballadores e, en particular, o cumprimento dos plans para adecuar os diversos ámbitos internos de traballo da Deputación as súas propias necesidades e obxectivos, co fin de incrementar a súa eficacia e eficiencia na organización dos recursos humanos dispoñibles actualmente.

Artigo 6. Dereitos dos/das empregados/as

1. Dereitos individuais.

Os traballadores teñen os seguintes dereitos, de carácter individual, en correspondencia coa natureza xurídica da súa relación de servizo:

a) Ao desempeño efectivo das funcións ou tarefas propias da súa condición profesional e de acordo coa progresión alcanzada na súa carreira profesional.

b) Á progresión na carreira profesional e promoción interna segundo principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, mediante a implantación de sistemas obxectivos e transparentes de avaliación.

c) A percibir as retribucións e as indemnizacións por razón do servizo.

d) A participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde preste os seus servizos e a ser informado polos seus superiores das tarefas que han desenvolver.

e) Á defensa xurídica e protección da Administración pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdicional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

f) Á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente en horario laboral.

g) Ao respecto da súa intimidade, orientación sexual, propia imaxe e dignidade no traballo, especialmente fronte ao acoso sexual e por razón de sexo, moral e laboral.

h) Á non discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnico, xénero, sexo ou orientación sexual, relixión ou convicciónns, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

i) Á adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

j) Á liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico.

k) A recibir protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

l) Ás vacacións, descansos, permisos e licenzas que lle correspondan.

m) Á xubilación segundo os termos e condicións establecidas nas normas aplicables.

n) Ás prestacións da Seguridade Social correspondentes ao réxime que lles sexa de aplicación.

o) Á libre asociación profesional.

p) Á súa integridade física e a unha adecuada política de seguridade e hixiene no traballo.

Aos demais dereitos recoñecidos polo ordenamento xurídico.

2. Dereitos individuais exercidos colectivamente.

Os traballadores teñen os seguintes dereitos individuais que se exercen de forma colectiva:

– Á liberdade sindical.

– Á negociación colectiva e á participación na determinación das condicións de traballo.

– Ao exercicio da folga, coa garantía do mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

– Á formulación de conflitos colectivos de traballo, de acordo coa lexislación aplicable en cada caso.

– Ao de reunión, nos termos establecidos no presente convenio.

Artigo 7. Deberes dos/das empregados/as e principios éticos e de conduta.

Os/as empregados/as deberán desempeñar, con dilixencia, as tarefas que teñan asignadas, e velar polos intereses xerais, con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e deberán actuar conforme aos seguintes

principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental, e respecto á igualdade entre mulleres e homes, que inspiran o Código de Conduta dos empregados públicos configurado polos principios éticos e de conduta regulados no presente artigo.

1. Principios éticos:

a) Os traballadores respectarán a Constitución e o resto de normas que integran o ordenamento xurídico.

b) A súa actuación perseguirá a satisfacción dos intereses xerais dos cidadáns e fundamentarase en consideracións obxectivas orientadas cara á imparcialidade e o interese común, á marxe de calquera outro factor que exprese posicións persoais, familiares, corporativas, clientelares ou calquera outras que poidan chocar con este principio.

c) Axustarán a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración na que presten os seus servizos, e cos seus superiores, compañeiros, subordinados e cos cidadáns.

d) A súa conduta basearase no respecto dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, evitando toda actuación que poida producir discriminación algunha por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo, orientación sexual, relixión ou convicción, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

e) Absteranse naqueles asuntos nos que teñan un interese persoal, así como de toda actividade privada ou interese que poida supoñer un risco de conflito de intereses co seu posto público.

f) Non contraerán obrigacións económicas nin intervirán en operacións financeiras, obrigacións patrimoniais ou negocios xurídicos, con persoas ou entidades, cando poida supor un conflito de intereses coas abrigas do seu posto público.

g) Non aceptarán ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada, por parte de persoas físicas ou entidades privadas.

h) Actuarán de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia, e vixiarán a consecución do interese xeral e o cumprimento dos obxectivos da organización.

i) Non influirán na axilización ou resolución de trámite ou procedemento administrativo sen xusta causa e, en ningún caso, cando iso comporte un privilexio, en beneficio dos titulares dos cargos públicos ou a súa contorna familiar e social inmediato, ou cando supoña un menoscabo dos intereses de terceiros.

j) Cumprirán con dilixencia as tarefas que lles correspondan ou se lles encomenden e, no seu caso, resolverán dentro de prazo os procedementos ou expedientes da súa competencia.

k) Exercerán as súas atribucións segundo o principio de dedicación ao servizo público, absténdose non só de condutas contrarias a este, senón tamén de calquera outra que comprometa a neutralidade no exercicio dos servizos públicos.

l) Gardarán segredo das materias clasificadas ou outras cuxa difusión estea prohibida legalmente, e manterán a debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, sen que poidan facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo do interese público.

2. Principios de conduta:

a) Tratarán con atención e respecto aos cidadáns, aos seus superiores e aos restantes empregados públicos.

b) O desempeño das tarefas correspondentes ao seu posto de traballo realizarase de forma dilixente e cumprindo a xornada e o horario establecidos.
c) Obedecerán as instrucións e ordes profesionais dos superiores, salvo que constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico, nese caso poranas inmediatamente en coñecemento dos órganos de inspección procedentes.
d) Informarán aos cidadáns sobre aquelas materias ou asuntos que teñan dereito a coñecer, e facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
e) Administrarán os recursos e bens públicos con austeridade, e non os utilizarán en proveito propio ou de persoas achegadas. Terán, así mesmo, o deber de velar pola súa conservación.
f) Rexeitarase calquera agasallo, favor ou servizo en condicións vantaxosas que vaia máis aló dos usos habituais, sociais e de cortesía, sen prexuízo do establecido no Código Penal.
g) Garantirán a constancia e permanencia dos documentos para a súa transmisión e entrega aos seus posteriores responsables.
h) Manterán actualizada a súa formación e cualificación.
i) Observarán as normas sobre seguridade e saúde laboral.
j) Porán en coñecemento dos seus superiores ou dos órganos competentes as propostas que consideren adecuadas para mellorar o desenvolvemento das funcións da unidade na que estean destinados. Para estes efectos poderase prever a creación da instancia adecuada competente para centralizar a recepción das propostas dos empregados públicos ou administrados que sirvan para mellorar a eficacia no servizo.
k) Garantirán a atención ao cidadán en galego ou castelán, segundo este o solicite.

Capitulo III . Provisión de vacantes, contratación e ingreso

Artigo 8. Provisión de postos de traballo

A provisión de postos de traballo vacantes, sempre que cada un deles non estea declarado a extinguir ou amortizar, realizarase polo procedemento que para cada posto se estableza na correspondente relación de postos de traballo ou no correspondente cadro de persoal e con suxeición en todo caso ao disposto na lexislación vixente aplicable en cada momento para todo o persoal da Deputación da Coruña.

No caso do persoal laboral a Deputación Provincial da Coruña comunicará ao Comité de Empresa e aos Centros dependentes as vacantes que se produzan no cadro de persoal laboral que non sexan obxecto de amortización, para que todos os traballadores poidan optar a súa provisión conforme ao seguinte orde de preferencia:

1.- Traslados voluntarios.
2.- Reingreso de excedentes forzosos.
3.- Reingreso de excedentes voluntarios.
4.- Ascensos de categoría.
5.- Novo ingreso.
6.- Permutas.

Darase cumprida información ao Comité de Empresa de todos e cada un dos procesos de provisión de vacantes. Pedirase informe, entre outros, o Comité de Empresa nos procesos de provisión dos supostos 1, 2, 3 e 4.

1. Traslados voluntarios.
a.- Os concursos de traslados voluntarios realizaranse unha vez ao ano, mediante a correspondente convocatoria pública.
b.- O traslado voluntario poderase conceder a petición do traballador fixo do cadro, con antigüidade mínima de dous anos, se existira posto vacante do mesmo grupo, subgrupo e tipo de posto no mesmo ou outro centro.
c.- As solicitudes de traslado voluntario formularanse mediante petición escrita do interesado e precisamente nas datas que determine a convocatoria do concurso de traslado.
d.- O traballador trasladado poderá solicitar novos traslados sempre e cando no posto de orixe consolidara a antigüidade mínima de dous anos.

2. Reingreso de excedentes forzosos. Os traballadores en situación de excedencia forzosa poderán reingresar ao servizo activo sempre que exista posto vacante do mesmo grupo, subgrupo e tipo de posto.

3. Reingreso de excedentes voluntarios. Os traballadores en situación de excedencia voluntaria poderán reingresar ao servizo activo sempre que exista posto vacante do mesmo grupo, subgrupo e tipo de posto.

4. Ascensos de categoría. A promoción interna ou provisión de postos de traballo vacantes que supoña un cambio de grupo e/ou subgrupo profesional, rexerase polas mesmas normas de promoción interna vertical e horizontal legalmente aplicables en cada momento ao resto de persoal da Deputación da Coruña. O desempeño temporal de postos dun grupo e/ou subgrupo profesional de nivel superior non suporá en caso ningún causa para o acceso definitivo directo ao posto superior.

Dende a entrada en vigor do presente convenio (01/01/2014) e como máximo ata a data de finalización da vixencia do Plan de Emprego 2013-2015 (31/12/2015) aprobado polo acordo plenario da Deputación da Coruña do 31/05/2013, establecerase un período de tempo transitorio para a provisión dos citados postos laborais das áreas incluídas na execución do dito Plan de emprego, mediante un sistema temporal de promoción interna que aplicará as seguintes normas básicas de promoción interna vertical e horizontal aplicables ao persoal laboral:

a.- Unha vez cumpridas as quendas de provisión dos apartados precedentes, a provisión de vacantes será sacada a concurso interno para ser cubertas polos aspirantes ás mesmas dentro da mesma área funcional.

b.- Os aspirantes terán que ser traballadores fixos, con dous anos de antigüidade como mínimo, dispor da titulación legalmente esixida e pertencer a grupos e/ou subgrupos de igual ou inferior rango.

c.- A selección para os postos vacantes realizarase de conformidade co que sinalen as bases da convocatoria do concurso.

d.- O órgano selectivo será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home, non podendo formar parte del nin o persoal de elección nin o de designación política, nin o persoal temporal. As persoas que o

formen pertencerán a el sempre a título individual, non podendo desempeñarse esta pertenza nin en representación nin por conta de ninguén. O Comité de Empresa poderá propoñer a un (1) dos membros do órgano de selección.

e.- A proposta do órgano de selección, os nomeamentos resultantes serán efectuados pola Presidencia da Corporación.

5. Persoal de novo ingreso. O acceso á condición de persoal laboral fixo do cadro de persoal, rexerase polo previsto na lexislación e polos procedementos vixentes en cada momento para os empregados públicos e, en concreto, para os empregados públicos da Administración local. As normas básicas, para o caso en que fose imprescindible o dito novo persoal laboral fixo e a lexislación vixente así o permitise, serán as seguintes:

a.- Unha vez esgotadas as quendas de provisión dos apartados precedentes, procederase á convocatoria pública dos sistemas de selección que permitan cubrir as vacantes incluídas na oferta de emprego para o respectivo ano.

b.- Na convocatoria, bases e probas selectivas teranse en conta os principios de igualdade, capacidade, mérito e publicidade, axustándose o procedemento á normativa vixente en cada momento para o acceso ao emprego público.

c.- O órgano selectivo será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home, non podendo formar parte del nin o persoal de elección nin o de designación política, nin o persoal temporal. As persoas que o formen pertencerán a el sempre a título individual, non podendo desempeñarse esta pertenza nin en representación nin por conta de ninguén. O Comité de Empresa poderá propoñer a un (1) dos membros do órgano de selección.

d.- A proposta do órgano selectivo, os nomeamentos resultantes serán efectuados pola Presidencia da Corporación.

e.- O persoal laboral de novo ingreso estará sometido a un período de proba de tres (3) meses no caso do persoal titulado e de quince (15) días para o resto do persoal, durante o cal a relación laboral poderá resolverse a instancia de calquera das partes. En todo caso, mentres transcorre o dito período de proba o traballador causará alta no cadro de persoal e no réxime da Seguridade Social. As situacións de incapacidade temporal e os permisos de maternidade, paternidade, lactación acumulada e adopción ou acollemento que afecten ao traballador durante ese período de proba, interromperán o seu cómputo.

f.- As vacantes que se convoquen comunicaranse con antelación á súa publicación ao Comité de Empresa.

g.- Do fin das relacións laborais regulamentadas neste parágrafo informarase aos representantes dos traballadores.

6. Permutas. Con carácter excepcional poderán autorizarse permutas entre dous traballadores/as dun mesmo ou distintos centros de traballo dependentes da Deputación da Coruña cando concorran as seguintes circunstancias:
a.- Que sexan fixos/as do cadro de persoal e leven un ano, polo menos, ao servizo da Deputación.
b.- Solicitude de ambos/as interesados/as e informes favorables previos dos seus respectivos centros de traballo.
c.- Que desempeñen iguais postos de traballo de igual grupo, subgrupo e tipo de posto nos seus centros de traballo.

Capítulo IV. Clasificación profesional

Artigo 9. Sistemas de clasificación

Os sistemas de clasificación que se contemplan no presente convenio estrutúranse en grupos e subgrupos, e establécense co fin de ordenar os postos de traballo atendendo aos niveis de titulación legalmente esixible, formación e capacitación para exercer as tarefas e cometidos dos distintos niveis da prestación do servizo público, facilitar a mobilidade do persoal, poder favorecer a súa promoción e establecer para iso mecanismos de carreira dentro do sistema. O sistema 1 utilizarase unha vez articulado o proceso de funcionarización e o sistema 2 utilizarase ata que entre o 1.

SISTEMA 1 DE CLASIFICACIÓN. Establécense os diversos grupos profesionais, similares cos sinalados na normativa vixente para o persoal funcionario, e por tanto coincidentes cos do restante persoal da Deputación, e dentro destes establecesen os correspondentes subgrupos. A clasificación dos postos en cada grupo e subgrupo estará en función do nivel da titulación, da responsabilidade das funcións que se han desempeñar e das características das probas de acceso, de conformidade en todo caso co establecido na relación de postos de traballo vixente en cada momento, na que figurarán especificados igualmente, de ser o caso, os diferentes tipos de postos.

SISTEMA 2 DE CLASIFICACIÓN. Establécense os diversos grupos profesionais e dentro destes establecesen os correspondentes subgrupos. A clasificación dos postos en cada grupo e subgrupo estará en función do nivel da titulación, da responsabilidade das funcións que se han desempeñar e das características das probas de acceso, de conformidade en todo caso co establecido na relación de postos de traballo vixente en cada momento, na que figurarán especificados igualmente, de ser o caso, os diferentes tipos de postos. Ademais:

a) Este sistema de clasificación estrutúrase en grupos e subgrupos profesionais, e tipos de postos, e establécese co fin de ordenar os postos de traballo atendendo aos niveis de titulación, formación e capacitación para exercer as tarefas e cometidos dos distintos niveis da prestación do servizo público, facilitar a mobilidade do persoal e favorecer a súa promoción establecendo temporalmente mecanismos de carreira dentro do sistema.

b) O grupo profesional agrupa conxuntamente as aptitudes profesionais, as titulacións e o contido xeral da prestación laboral que se corresponde con estas. A pertenza a un grupo e/ou subgrupo capacitará para o desempeño de todas as tarefas e os seus cometidos propios, coas limitacións derivadas da esixencia das titulacións específicas

e dos demais requisitos de carácter profesional contemplados, no seu caso, nas relacións de postos de traballo. Só se poderá modificar o grupo profesional e/ou subgrupo e o seu contido a través da relación de postos de traballo. O tipo de posto definirase pola súa pertenza a un grupo profesional e/ou subgrupo e a súa especialización, recollendo de maneira non exhaustiva as súas actividades propias, de conformidade coa organización e ordenación dos procesos de traballo.

c) O ANEXO I recollerá: a) os tipos de postos deste convenio segundo a súa pertenza aos distintos grupos e subgrupos profesionais, b) as definicións precisas dos propios tipos de postos, e c) as táboas salariais nas que se realizará a equiparación entre os tipos de postos definidos e a estrutura indicada no indicado sistema 1.

Artigo 10. Criterios para determinar a pertenza aos grupos e/ou subgrupos profesionais

1. A determinación da pertenza a un grupo e/ou subgrupo profesional será o resultado da ponderación, entre outros, dos seguintes factores: titulación esixida pola relación de postos de traballo, coñecementos e experiencia, iniciativa, autonomía, responsabilidade, mando e complexidade.

2. Na valoración dos factores anteriormente mencionados terase en conta, ademais do requisito indispensable:

a) Coñecementos e experiencia: na valoración terase en conta, ademais da formación básica ou específica necesaria para cumprir correctamente os cometidos, a experiencia adquirida e a dificultade para a adquisición dos ditos coñecementos e experiencia.

b) Iniciativa: na valoración terase en conta o grao de seguimento de normas, procedementos ou directrices para a execución de tarefas ou funcións.

c) Autonomía: na valoración terase en conta o grao de dependencia xerárquica no desempeño de tarefas ou funcións que se desenvolvan.

d) Responsabilidade: na valoración teranse en conta o grao de autonomía de acción do traballador, o nivel de influenza sobre os resultados, a relevancia da xestión sobre recursos humanos, técnicos e produtivos e a asunción do risco polas decisións tomadas e as súas consecuencias.

e) Mando: na valoración terase en conta o grao de supervisión e ordenación das funcións e tarefas, a capacidade de interrelación, as características do colectivo e o número de persoas sobre as que se exerce o mando.

f) Complexidade: na valoración terase en conta o número e o grao de integración dos diversos factores antes enumerados na tarefa ou posto encomendado.

Artigo 11. Grupos profesionais.

De conformidade en todo caso co establecido na relación de postos de traballo vixente en cada momento, na que figurarán especificados igualmente, de ser o caso, os diferentes tipos de postos:

1. Establécense os seguintes grupos profesionais e os correspondentes subgrupos:

SISTEMA 1 DE CLASIFICACIÓN

GRUPO A

• SUBGRUPO A1. Traballadores con funcións que requiren un alto grao de coñecementos profesionais que exercen sobre un ou varios sectores da actividade, con obxectivos definidos e alto grao de esixencia nos factores de iniciativa, autonomía e responsabilidade. Titulación: título universitario de grao, doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente ao grao.

• SUBGRUPO A2. Traballadores con funcións consistentes na realización de actividades complexas con obxectivos definidos dentro do seu nivel académico; que integran, coordinan ou supervisan a execución de tarefas heteroxéneas coa responsabilidade de ordenar o traballo dun conxunto de colaboradores; inclúese ademais a realización de tarefas complexas pero homoxéneas, así como aquelas que consisten en establecer ou desenvolver programas ou aplicar técnicas seguindo instrucións xerais. Titulación: título universitario de grao, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente; equivalente ao grao.

GRUPO B

GRUPO C

• SUBGRUPO C1. Traballadores con funcións dun alto grao de especialización e que integran, coordinan ou supervisan a execución de varias tarefas homoxéneas ou funcións especializadas que requirirán unha ampla experiencia e un forte grao de responsabilidade segundo a complexidade da unidade, e os que realicen traballos de execución autónoma que esixa habitualmente iniciativa na tal execución, comportando, baixo supervisión, a responsabilidade destes, podendo ser axudados por outro ou outros traballadores de grupos profesionais inferiores; actuando normalmente baixo instrucións e supervisión xeral doutra ou doutras persoas, establecendo ou desenvolvendo programas ou aplicacións técnicas. Responsabilízanse de ordenar o traballo dun conxunto de colaboradores e poden ter o mando directo dun conxunto de traballadores e a supervisión do seu traballo.Titulación: título de bacharel ou técnico (FP ciclo medio); técnico especialista (FP 2º grao).

• SUBGRUPO C2. Traballadores con funcións de certa autonomía que esixen habitualmente algunha iniciativa, podendo ser axudados por outro ou outros traballadores e os que realicen tarefas que, aínda cando se executen baixo instrucións precisas, requiren adecuados coñecementos profesionais e aptitudes prácticas e cuxa responsabilidade está limitada por unha supervisión directa e sistemática, sen prexuízo de que na execución de aqueles poidan ser axudados por

outros traballadores de igual ou inferior grupo profesional, podendo neste caso comportar a supervisión das tarefas que desenvolva o conxunto de traballadores que coordina. Titulación: título de graduado en educación secundaria obrigatoria; técnico auxiliar (FP 1º grao).

• AGRUPACIÓNS PROFESIONÁIS (sen requisito de titulación específica). Traballadores con funcións consistentes en operacións realizadas seguindo un método de traballo preciso e concreto, cun alto grao de supervisión, que normalmente esixen coñecementos profesionais de carácter elemental. Tarefas que se realizan de forma manual ou coa axuda de elementos mecánicos simples axustándose a instrucións concretas, claramente establecidas, cun alto grao de dependencia e que requiren normalmente esforzo físico e atención, e que non necesitan formación específica.

SISTEMA 2 DE CLASIFICACIÓN

GRUPO PROFESIONAL 1:

SUBGRUPO 1. TÉCNICOS SUPERIORES:
Inclúense neste grupo a aqueles traballadores que no desempeño do seu traballo requiren un alto grao de coñecementos profesionais que exercen sobre un ou varios sectores da actividade, con obxectivos definidos e alto grao de esixencia nos factores de iniciativa, autonomía e responsabilidade. Titulación: título universitario de grao, doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente ao grao.

SUBGRUPO 2. TÉCNICOS MEDIOS:
Inclúense neste grupo a aqueles traballadores que levan a cabo funcións consistentes na realización de actividades complexas con obxectivos definidos dentro do seu nivel académico; integran, coordinan ou supervisan a execución de tarefas heteroxéneas coa responsabilidade de ordenar o traballo dun conxunto de colaboradores; inclúese ademais a realización de tarefas complexas pero homoxéneas, así como aquelas que consisten en establecer ou desenvolver programas ou aplicar técnicas seguindo instrucións xerais.Titulación: título universitario de grao, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente; equivalente ao grao.

GRUPO PROFESIONAL 2:

SUBGRUPO 1. TÉCNICOS ESPECIALISTAS E EQUIVALENTES:
Inclúense neste grupo a aqueles traballadores que levan a cabo funcións consistentes na realización de actividades complexas con obxectivos definidos dentro do seu nivel académico; integran, coordinan ou supervisan a execución de tarefas heteroxéneas coa responsabilidade de ordenar o traballo dun conxunto de colaboradores; inclúese ademais a realización de tarefas complexas pero homoxéneas, así como aquelas que consisten en establecer ou desenvolver programas ou aplicar técnicas seguindo instrucións xerais. Titulación: título de bacharel ou técnico (FP ciclo medio); técnico especialista (FP 2º grao).

SUBGRUPO 2. XESTORES E OFICIAIS:

Inclúense neste grupo a aqueles traballadores que realizan funcións con alto grao de especialización e que integran, coordinan ou supervisan a execución de varias tarefas homoxéneas ou funcións especializadas que requirirán unha ampla experiencia e un forte grao de responsabilidade en función da complexidade do organismo e aqueles traballadores que realizan traballos de execución autónoma que esixa habitualmente iniciativa por parte dos traballadores encargados da súa execución, comportando, baixo supervisión, a súa responsabilidade, podendo ser axudados por outro ou outros traballadores de grupos profesionais inferiores. Normalmente actuarán baixo instrucións e supervisión xeral de outra ou outras persoas, establecendo ou desenvolvendo programas ou aplicacións técnicas. Así mesmo, responsabilízanse de ordenar o traballo dun conxunto de colaboradores e poden ter mando directo dun conxunto de traballadores e a supervisión do seu traballo. Titulación: título de bacharel ou técnico (FP ciclo medio); técnico especialista (FP 2º grao).

GRUPO PROFESIONAL 3:

SUBGRUPO 1. OFICIAIS AUXILIARES
Inclúense neste grupo a aqueles traballadores que realizan tarefas de certa autonomía que esixen habitualmente algunha iniciativa, podendo ser axudados por outro ou outros traballadores e aqueles traballadores que realizan tarefas que, aínda cando se executen baixo instrucións precisas, requiren adecuados coñecementos profesionais e aptitudes prácticas, e cuxa responsabilidade está limitada por unha supervisión directa e sistemática, sen prexuízo de que na execución daqueles poidan ser axudados por outros traballadores de igual ou inferior subgrupo profesional. O seu exercicio pode levar aparellado a supervisión das tarefas que desenvolva o conxunto de traballadores que coordina.

SUBGRUPO 2. OFICIOS
Inclúense neste grupo a aqueles traballadores que levan a cabo tarefas consistentes en operacións realizadas seguindo un método de traballo preciso e concreto, con alto grado de supervisión, que normalmente esixen coñecementos profesionais de carácter elemental. Así mesmo, incluirá a aqueles traballadores que levan a cabo tarefas que se realizan de forma manual ou con axuda de elementos mecánicos simples axustándose a instrucións concretas, claramente establecidas, cun alto grao de dependencia e que requiren normalmente esforzo físico e atención, e que non necesitan de formación específica. Titulación: sen requisito de titulación específica.

FORMACIÓN. A formación correspondente aos grupos profesionais, no que se refire aos aspectos non lexislados, será revisada pola Comisión paritaria segundo a evolución das equivalencias nas diferentes ramas profesionais.

Capítulo V. Xornada, vacacións, permisos, licenzas e excedencias

Artigo 12. Xornada, vacacións, permisos, licenzas e excedencias

1. Xornada

A xornada total anual será a mesma que se estableza na lexislación vixente aplicable en cada momento ao persoal funcionario da Deputación. A duración da xornada de traballo na Deputación será a mesma que en cada momento estea establecida pola

normativa legal para a Administración xeral do Estado. Na actualidade, en xeral, está fixada en trinta e sete horas e media (37,5) semanais de traballo efectivo da media no cómputo anual.

2. Calendario laboral

O calendario laboral inicial, do ano 2014, incorporarase como ANEXO II do convenio e será renovado anualmente, unha vez publicado pola Xunta de Galicia o calendario laboral anual dos concellos da provincia da Coruña. Será o mesmo calendario que tamén sexa aplicable para o persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

3. Vacacións, permisos e licenzas

Aplicarase ao persoal laboral da Deputación Provincial da Coruña o mesmo réxime de vacacións, permisos e licenzas establecido para o persoal funcionario no acordo negociado e nas correspondentes normas reguladoras, polas que se diten instrucións sobre a xornada, calendario, réxime de vacacións, permisos e licenzas; ou logo da correspondente negociación, nas normas posteriores que as substitúan.

Vacacións anuais retribuídas. Terán a mesma duración que sexa aplicable en cada momento segundo a lexislación vixente e as normas aplicables para o persoal funcionario da Deputación da Coruña.

Permisos e licenzas retribuídos. Aplicarase ao persoal laboral o mesmo contido da normativa reguladora do réxime de permisos e licenzas vixente en cada momento para os funcionarios da Deputación da Coruña.

Permisos e licenzas non retribuídos. Aplicarase igualmente na súa totalidade o mesmo contido da normativa reguladora que resulte vixente en cada momento na Deputación da Coruña para os seus funcionarios.

Permisos por motivos da conciliación da vida persoal, familiar e laboral e por razón da violencia de xénero e reducións da xornada. Aplicarase tamén o mesmo contido da normativa reguladora vixente en cada momento para os funcionarios da Deputación da Coruña.

4. Excedencias

Será de aplicación o mesmo que dispoña a lexislación vixente para o persoal funcionario da Deputación da Coruña, en canto resulte compatible co disposto no Estatuto dos traballadores, no Estatuto básico do empregado público e na Lei da función pública de Galicia que resulte vixente en cada momento.

Capítulo VI. Retribucións

Artigo 13. Retribucións e estrutura retributiva

1. Equiparación

Equiparación das retribucións. As retribucións do persoal laboral equipáranse ás do persoal funcionario cando desempeñen postos de grupos, subgrupos, niveis e/ou categorías que resulten equiparados segundo o que dispoñan as relacións de postos de traballo. As contías fixaranse de conformidade co que establezan para os funcionarios da Administración local nas correspondentes Llis de orzamentos xerais do Estado. E non poderán acordarse incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior aos límites fixados anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado para os empregados públicos.

Período transitorio. Para a equiparación das retribucións de todo o persoal laboral e funcionario, partindo da situación actual, habilitarase un período de tempo transitorio de dous (2) anos como máximo, dende o 01/01/2014 ata o 31/12/2015. A equiparación retributiva plena será totalmente efectiva dende o 01/01/2016, sen excepcións.

2.- **Retribucións e estrutura retributiva**

Retribucións do persoal laboral fixo do cadro de persoal. A estrutura retributiva do persoal laboral da Deputación Provincial da Coruña será a mesma que para os funcionarios das Administracións públicas e segundo o que en cada momento dispoña a lexislación vixente para o persoal funcionario. As contías corresponderanse coa adscrición da persoa traballadora ao subgrupo ou grupo, no suposto de que este non teña subgrupo, nivel e tipo de posto fixados na correspondente relación de postos de traballo e nas táboas salariais do ANEXO I. A estrutura retributiva será a recollida nas táboas salariais incorporadas neste convenio como anexo, que serán a base da inclusión dos postos e prazas na relación de postos de traballo.

Retribucións do persoal laboral non fixo do cadro de persoal. O persoal laboral non fixo do cadro de persoal percibirá as retribucións correspondentes ao posto que desempeñe, que haberá de estar equiparado a algún dos tipos de posto que figuren na relación de postos de traballo e nas táboas salariais do ANEXO I. Esta estrutura retributiva seralle de aplicación tanto ao persoal laboral fixo como ao persoal laboral non fixo do cadro de persoal.

Compensación e absorción. Será de aplicación nesta materia o mesmo contido da regulación que establezan, no seu caso, as Leis de orzamentos xerais do Estado aplicables aos funcionarios da Administración local.

Artigo 14. Pagas extraordinarias

As pagas extraordinarias (actualmente dúas) devengaranse nas mesmas condicións e nos mesmos períodos de tempo (meses de xuño e decembro de cada ano) que os que en cada momento resulten de aplicación ao persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

Artigo 15. Horas extraordinarias

1.- Terán a consideración de horas extraordinarias aquelas horas de traballo que se realicen sobre a duración máxima da xornada ordinaria de traballo. Non terán en caso ningún o carácter de periódicas nin fixas, e terán que ser propostas pola persoa que

exerza a xefatura da unidade, informadas polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e aprobadas pola Presidencia da Deputación con anterioridade á súa realización, agás nos supostos de recoñecida urxencia.

2.- As horas extraordinarias realizadas terán que compensarse mediante descanso que, como norma xeral, terá que ter lugar dentro dos catro meses seguintes á súa realización. Por necesidades do servizo acreditadas pola xefatura da unidade, poderán compensarse nun período posterior.

3.-O número de horas extraordinarias non poderá ser superior a 80 ao ano. Para os traballadores que por calquera causa realizaran unha xornada en cómputo anual inferior á xornada ordinaria, o número máximo anual de horas extraordinarias reducirase na mesma proporción que exista entre as tales xornadas.

Para os efectos previstos neste apartado, non se computarán as horas extraordinarias que foran compensadas mediante descanso dentro dos catro meses seguintes á súa realización.

4.- As horas extraordinarias compensaranse cun incremento do 75% sobre a hora normal de traballo. No suposto de horas extraordinarias nocturnas ou realizadas en días non laborables, o incremento será do 100%. Entenderanse horas nocturnas as comprendidas entre as 22.00h e as 06.00h.

Artigo 16. Indemnizacións

Indemnizacións por razón do servizo. Será de aplicación o mesmo para o persoal laboral que o establecido na lexislación reguladora das indemnizacións do servizo para os empregados públicos da Administración local.

Artigo 17. Produtividade por obxectivos. Sistema xeral e Plus especial de produtividade

Con base o contemplado no principio número 6 da Planificación estratéxica 2013-2015, o novo sistema e medidas de incentivo a produtividade e o rendemento na Deputación da Coruña estará dirixido á mellora da eficacia na consecución dos obxectivos previamente definidos mediante a medición e avaliación dos correspondentes indicadores dos resultados, a mellora na prestación dos servizos públicos e a obtención da máxima eficiencia na utilización dos recursos humanos e medios dispoñibles. O novo sistema contemplará mecanismos de retroalimentación, posible mellora ou crecemento, vinculado á obtención e mantemento no tempo de eficiencias e aforros estruturais que melloren a sostibilidade e o aforro presupostario.

O novo sistema, que inicialmente estará vixente para o período contemplado no Plan de emprego 2013-2015, contemplará como un dos seus principios o seguinte: "dous traballadores, desempeñando o mesmo ou equivalente posto de traballo e percibindo iguales ou similares retribucións, aquel que está respondendo con un especial rendemento, con unha actividade extraordinaria, ou cunha especial calidade nos seus cometidos, estará mellor retribuído e compensado que aquel traballador que só cumpre os estándares básicos do seu posto".

En contraposición ao sistema anterior, non se contemplará a avaliación dos clásicos factores de asistencia ao posto de traballo, cumprimento de xornada e horario, os cales se dá por suposto que deben ser cumpridos ao cen por cento por todos os traballadores da Deputación, senón que se contemplará a avaliación de novos factores para mellorar na eficacia na consecución dos obxectivos previamente definidos, coa medición e avaliación dos correspondentes indicadores dos resultados, para mellorar na prestación dos servizos públicos e para a obtención da máxima eficiencia na utilización dos recursos humanos e medios dispoñibles. Para individualizar a avaliación dos obxectivos marcados e dos resultados obtidos realmente, para cada unidade de acción ou por cada posto de traballo individual, poderanse contemplar factores de avaliación relativos á competencia práctica, colaboración, responsabilidade, iniciativa, volume de traballo e nivel de achega no cumprimento dos obxectivos globais. O sistema que se implante deberá respectar o contemplado no principio número 6 da Planificación estratéxica.

Durante a vixencia do novo sistema todo o persoal laboral da Deputación participará no sistema e medidas de incentivo a produtividade e o rendemento nas mesmas condicións que o persoal funcionario, sen excepcións.

O persoal laboral da Deputación que resulte adscrito a ÁREA DE TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS ao igual que o persoal funcionario adscrito a esta, terán un novo sistema e medidas de incentivo a produtividade e o rendemento unificado e singular para a dita área, que tamén respectará o contemplado no principio número 6 da Planificación estratéxica. De maneira excepcional, o citado persoal laboral que traballe na dita área tributaria, o mesmo que o persoal funcionario adscrito a esta, terán un sistema e un prazo transitorio entre 2013 e 2015. A participación no sistema singular da área tributaria será incompatible coa participación no citado sistema xeral.

O sistema unificado e singular para o persoal da dita Área consistirá na reformulación, obxectivación e mellora do vixente sistema e medidas de incentivo á produtividade e o rendemento na xestión recadatoria, o plus especial de produtividade (PEP).

O novo sistema singular ampliará razoablemente e estenderá a todo o persoal da dita área tributaria o plus especial de produtividade (PEP), partindo en 2013 do acordo do Pleno da Deputación do 23 de novembro de 2012, e incorporando un sistema e un prazo transitorio para os exercicios presupostarios 2014 e 2015, de maneira tal que no exercicio 2016 o novo sistema singular do PEP funcione totalmente unificado na dita área.

Presupostariamente o PEP terá un teito ou máximo global anual (para o exercicio 2014 será o establecido no programa 0710/932C do Orzamento xeral, baixo a denominación “Área de Tesourería e Xestión de Tributos. Plus Especial) e que en ningún caso poderá ser superado. E igualmente o PEP terá uns teitos ou unhas cotas máximas individuais (neste caso non presupostarias, pois o teito global anual non se corresponde coa suma das cotas máximas individuais e nunca poderá ser superado) e diferentes para cada tipo de posto da área tributaria, e que tampouco poderán ser individualmente superadas á hora de distribuír anualmente o PEP, sen excepcións.

Para o persoal laboral das zonas recadatorias o acordo do Pleno da Deputación do 23 de novembro de 2012 estableceu uns máximos individuais do PEP para o exercicio

2013 nas seguintes cantidades: para o posto de recadador en 25.000 euros, para o posto de oficial maior en 18.000 euros, para o posto de Oficial Primeira en 16.000 euros e para o posto de oficial segunda en 14.000 euros. O novo sistema xa unificado empezará no exercicio 2016, establecéndose entrementres un sistema e un período transitorio descendente e compensado.

A contía total do PEP actualizaranse anualmente, á alza ou á baixa, pero non en base ao que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado en relación coas retribucións dos empregados públicos, senón con base a uns indicadores e parámetros previamente definidos e totalmente referenciados o nivel de cumprimento no exercicio anterior deses obxectivos e dos resultados económicos mellorados, a mellora na prestación dos servizos públicos e a obtención da máxima eficiencia na utilización dos recursos humanos e medios dispoñibles.

O importe máximo global anual do PEP obterase sumándolle ou restándolle, segundo proceda, ao máximo do ano inmediatamente anterior o resultado do cálculo da porcentaxe do incremento ou decremento porcentual da Taxa real do ano "n+1" (inicialmente 2015) na Deputación con relación ao ano anteriormente cerrado (empezando no 2014) e aplicando dito resultado positivo ou negativo a citada cantidade máxima.

Para o seguimento e medición do cumprimento dos obxectivos económicos na dita área utilizaranse os seguintes indicadores: a Taxa, a Taxa/CargoLiquido e a Taxa/NumeroEfectivos. Con base neles medirase o rendemento e eficiencia económica na área tributaria, na que ademais anualmente deberá emitirse un informe de cumprimento individual de obxectivos e distribución do plus de produtividade a nivel mínimo de xefe de sección/negociado. E terase en conta nos parámetros de cálculo da Taxa de cada exercicio as condicións de homoxeneidade de tarifas.

Todo o persoal laboral da área tributaria, ao igual que o persoal funcionario, participará na percepción do PEP en proporción ao tempo anual efectivamente traballado, descontando o tempo non traballado, e, no caso do persoal temporal, tendo en conta para iso a duración dos seus contratos. En caso de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral o persoal da área tributaria non recibirá a parte proporcional do citado PEP, pero recibindo obviamente as retribucións que lle correspondan de acordo á normativa vixente.

O PEP retribuirase anualmente referenciado aos resultados obtidos no exercicio anterior, realizando a liquidación ou axustes necesarios no primeiro mes do exercicio seguinte ou, de resultar imposible, percibirase en función dos últimos resultados coñecidos ata a concreción do resultado exacto do exercicio anterior, e regularizándose ao mes seguinte en que se practique a liquidación aos concellos, sexa unha liquidación provisional ou definitiva.

Se algún dos citados empregados dos participantes no PEP ofrecese un rendemento inferior ao normal para a súa responsabilidade e posto de traballo, a proposta da Dirección da área tributaria e previo informe motivado e xustificado documentalmente do Xefe da unidade correspondente, poderá reducirse ou anularse a percepción do PEP, minoración que repercutirá directamente na bolsa do PEP.

Artigo 18. Persoal laboral das zonas recadatorias. Plus especial de produtividade do exercicio 2013

O acordo do Pleno da Deputación do 23 de novembro de 2012 será directamente aplicable ao exercicio 2013 e será tamén o marco de referencia económico para concretar o sistema e o prazo transitorio para os exercicios presupostarios 2014 e 2015, de maneira tal que co PEP do 2013 liquidarase o sistema antigo e no exercicio 2016 o novo sistema do PEP xa funcionará totalmente unificado na área tributaria.

Capitulo VII. Ferramentas de Ordenación dos Recursos Humanos
Artigo 19. Obxecto e instrumentos
A. Obxecto
A planificación dos recursos humanos na Deputación, será a base para a eficacia na prestación dos servizos e a eficiencia na utilización dos seus recursos humanos, a través dunha axeitada dimensión, distribución, formación e promoción profesional e mobilidade.
B. Instrumentos
a. Rexistro de persoal
b. Cadro de persoal.
c. Relación de postos de traballo.
d. Plans de emprego ou instrumentos similares de ordenación.
A Deputación poderá elaborar plans de emprego ou instrumentos similares para a ordenación dos seus recursos humanos que inclúan:
a) Ámbito de aplicación e vixencia.
b) Obxectivos.
c) Medidas de ordenación de recursos humanos previstas.
d) Cronograma detallado da súa implantación e aplicación.
e) Informe económico-financeiro.
Os plans de ordenación de recursos humanos poderán conter, entre outras, as seguintes medidas de ordenación de recursos humanos:
a) Previsións sobre modificación de estruturas organizativas e de postos de traballo.
b) Suspensión de incorporacións de persoal externo ao ámbito afectado polo plan, tanto as derivadas de oferta de emprego público como de procesos de mobilidade.
c) Medidas de mobilidade voluntaria, entre as cales poderá figurar a convocatoria de concursos de provisión de postos limitados ao persoal do ámbito que se determine.
d) Medidas de mobilidade forzosa nos casos de:
a. Comisión de servizos forzosa.
b. Traslado por motivo de violencia de xénero.
c. Reasignación de efectivos.
d) Medidas de promoción interna e de formación profesional.
e) Medidas de consolidación de emprego.
f) Definición de postos de traballo para segunda actividade por razóns de saúde laboral.
g) Incentivos á xubilación anticipada e medidas de excedencia incentivada.
Na elaboración e na aplicación dos plans de ordenación de recursos humanos atenderase, con absoluta prioridade, ao principio de igualdade e non discriminación por razón de sexo.

Os plans de emprego ou de ordenación de recursos que afecten ao persoal laboral serán obxecto de negociación previa na citada comisión paritaria do presente convenio e na mesa xeral de empregados públicos da Deputación.

As actuacións previstas para o persoal laboral nos plans de ordenación de recursos humanos desenvolveranse consonte co establecido neste convenio colectivo e na lexislación laboral aplicable.

Artigo 20 Mobilidade

a. Mobilidade funcional.
b. Mobilidade por razóns de saúde laboral.
c. Mobilidade voluntaria por plans de ordenación ou plans de emprego.

A. Mobilidade funcional

1.- Funcións superiores. A mobilidade funcional para a realización de funcións superiores, correspondentes ou non ao grupo profesional, requirirá que o traballador reúna todos os requisitos esixidos para o seu desempeño na relación de postos de traballo. As funcións superiores ás do grupo profesional non suporán, en ningún caso, dereito ningún a reclamar o ascenso, que só será posible de acordo coas normas e na forma establecidas no artigo 8 deste convenio colectivo. A persoa traballadora terá dereito a percibir as retribucións correspondentes ao posto cuxas funcións realice.

2.- Funcións inferiores. Cando a mobilidade funcional supoña a realización de funcións inferiores, a persoa traballadora terá dereito a percibir as retribucións do posto do que sexa titular.

B. Mobilidade por razóns de saúde laboral

1. Cando, por razóns de saúde laboral, o/a traballador/a perciba comunicación de que non é apto para o desempeño da profesión habitual, a Deputación da Coruña deberá establecer outros procedementos de provisión por motivos de saúde noutro posto de traballo.
2. O expediente de mobilidade por motivos de saúde iniciarase pola propia Deputación da Coruña, mediante acordo do órgano competente, ou a petición do/da traballador/a afectado/a, acompañado da documentación que xustifique esta, e informado polo comité de saúde, ou no seu defecto o Comité de Empresa, quen fixará a vacante, ou vacantes, que podan ser obxecto desta mobilidade.
3. De non existir vacante a ofertar por este sistema, garantirase as retribucións, evitando o esgotamento do tempo de incapacidade temporal, e mantendo as retribucións do posto de traballo.

C. Mobilidade voluntaria por plans de ordenación ou plans de emprego

Se como consecuencia da aplicación destes plans, de ordenación ou de emprego, fose necesaria a mobilidade ou cobertura de postos/prazas, antes de utilizar as medidas de mobilidade forzosa abrirase un proceso de mobilidade voluntaria para a cobertura dos citados postos/prazas. Esta mobilidade poderá ser incentivada a nivel retributivo para compensar o cambio de situación.

Capítulo VIII. Prestacións sociais

Artigo 21.- Axudas

O persoal laboral fixo do cadro de persoal da Deputación Provincial da Coruña terá as mesmas prestacións sociais que en cada momento resulten legalmente de aplicación para o persoal funcionario da Deputación.

Artigo 22. Persoal excluído

O persoal laboral temporal contratado por calquera das modalidades de duración determinada en desenvolvemento de convenios e/ou con cargo a subvencións ou a calquera outro tipo de financiamento procedente doutras Administracións públicas, así como para obras ou servizos determinados que non constitúan funcións legais específicas propias das Deputacións provinciais, quedará excluído do réxime de prestacións sociais cando a duración inicial do contrato sexa inferior ou igual a un ano.

Capítulo IX. Réxime disciplinario

Artigo 23. Normativa aplicable

Estarase ao establecido no título VII da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

En ningún caso poderán incluírse dentro dos Regulamentos de funcionamento interno dos diferentes centros dependentes da Deputación relacións de faltas e sancións iguais ou distintas ás reguladas na normativa anteriormente citada.

Artigo 24. Faltas: tipificación, sancións, prescrición

A tipificación das faltas, as súas sancións e a súa prescrición serán as que en cada momento resulten legalmente de aplicación para o persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

Artigo 25. Procedemento disciplinario e medidas provisionais

Aplicaranse igualmente as normas de procedemento e as medidas provisionais que en cada momento resulten legalmente de aplicación para o persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

Capítulo X. Comité de Seguridade e Saúde Laboral

Artigo 26. O Comité de Seguridade e Saúde Laboral réxese polo establecido na normativa vixente de prevención de riscos laborais e máis polo Regulamento de funcionamento interno do Comité de Seguridade e Saúde, aprobado polo acordo unánime dos seus integrantes do 4 de maio de 2004, vixente na actualidade.

Artigo 27. Protección da saúde

1. A Deputación da Coruña garantirá a correcta vixilancia da saúde de todos os/as seus/súas traballadores/as, por medio das probas e exames médicos previstos neste artigo.
2. As probas e exames médicos serán acordes ás funcións que se realizan en cada categoría e diferenciandos en función dos riscos específicos dos respectivos postos de traballo. As probas médicas serán, por iso, específicas e repetiranse coa periodicidade suficiente para detectar posibles alteracións.
3. Os exames médicos serán voluntarios, agás aqueles imprescindibles para avaliar os efectos negativos das condicións de traballo sobre a saúde, para protexer a saúde, ou se, polas características do posto de traballo, a saúde do/da traballador/a puidera constituír un perigo para si mesmo, para os demais traballadores/as ou para outras persoas.
4. A periodicidade das probas será como mínimo anual, podendo ser menor se o caso o require.
5. O resultado das probas terá carácter persoal e privado, polo que o seu uso e difusión suxeitarase ao previsto na normativa vixente sobre esta materia.
6. As probas e exames efectuaranse, de ser posible, dentro da xornada laboral. O tempo empregado será o estritamente necesario, incluíndo o de desprazamento, e considerarase para todos os efectos como tempo efectivo de traballo no caso das probas de carácter obrigatorio. Nestes suposto os gastos de transporte correrán a cargo da Deputación da Coruña.
7. No suposto de probas ou exames obrigatorios efectuados fóra da xornada laboral o tempo empregado neles será compensado deducíndose da súa xornada laboral.

Artigo 28. Saúde pública

1. A Deputación da Coruña desenvolverá as accións e medidas en materia de seguridade e saúde laboral que sexan necesarias para lograr unhas condicións de traballo que non afectan á saúde dos/das traballadores/as.
2. A formulación destas accións e medidas deberán estar encamiñadas a lograr unha mellora da calidade de vida e ambiente de traballo, a desenvolver obxectivos de promoción e defensa da saúde, mellora das condicións de traballo, potenciación das técnicas preventivas como medio para a eliminación de riscos na súa orixe, a participación sindical nos centros de traballo, e a dotarse dunha planificación preventiva de acordo coa Lei de prevención de riscos laborais. Os representantes dos traballadores/as participarán e velarán polo seu cumprimento en todo momento.
3. As técnicas preventivas deberán tender á eliminación do risco para a saúde da persoa traballadora, desde a súa propia xeración, tanto no que afecta ás operacións que se realicen como aos elementos empregados no proceso.
4. A formación en materia de saúde laboral e o adestramento profesional é un dos elementos esenciais para a mellora das condicións de traballo e seguridade: as partes asinantes do presente convenio significan a importancia da formación como elemento de prevención e comprométense, así mesmo, a realizala de forma eficiente.

Artigo 29. Roupa de traballo

1. A Deputación da Coruña facilitaralle a todo o persoal ao seu servizo a roupa de traballo e calzado profesional homologado e de uso obrigatorio. Tamén facilitará os

equipos de protección individual axeitados para o desempeño das súas funcións, cando as condicións e a natureza do traballo o requiran.
2. Os equipos de protección individual deberán empregarse cando os riscos non se poidan evitar ou non se poidan limitar por medios técnicos de protección colectiva ou mediante medidas, métodos ou procedementos de organización do traballo. Os equipos de protección individual repoñeranse sempre que sexa preciso.
3. A Deputación da Coruña facilitará cada dous anos, naqueles postos que resulte preciso, un equipamento completo de inverno e outro de verán, que serán entregados na primeira semana de outubro e maio respectivamente. No caso de rotura dalgún dos elementos do equipo, este será substituído.

Artigo 30. Formación dos traballadores e traballadoras

1. A Deputación da Coruña, directamente, ou a través dun servizo externo, impartirá aos/ás seus/súas traballadores/as a formación teórica, e práctica, suficiente e axeitada en materia preventiva, específica dos riscos propios do seu posto de traballo ou función, tanto no momento da súa contratación como cando se produzan cambios nas súas funcións.
2. Esta formación tamén será impartida cando se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo e repetirase periodicamente, de ser necesario.
3. A formación referida neste artigo impartirase sempre dentro da xornada de traballo. No caso de non ser posible, o tempo investido será descontado desta.

Capítulo XI. Cláusula de descolgue

Artigo 31. De conformidade co establecido no artigo 82.3 do vixente Estatuto dos traballadores, cando concorran causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, por acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores lexitimados para negociar un convenio colectivo conforme ao disposto no artigo 87.1, poderase proceder, previo desenvolvemento dun período de consultas nos termos do artigo 41.4, a inaplicar as condicións de traballo deste convenio e para as materias, coas condicións, procedemento, requisitos, límites, alcance e efectos previstos no devandito artigo 82.3.

Capítulo XII. Dereitos sindicais

Artigo 32. As partes remítense e acatan no que aos dereitos sindicais respecta, o que dispoñen e regulan os vixentes Estatuto dos traballadores, Estatuto básico do empregado público e Lei orgánica de liberdade sindical, así como os acordos sindicais vixentes ou novos que se acaden na propia Deputación da Coruña.

Capitulo XIII Solución extraxudicial de conflitos

Artigo 33. Solución extraxudicial de conflitos
As partes asinantes do presente convenio acordan, como mecanismo de resolución e mediación nos posibles conflitos ou discrepancias significativas e insolubles, o diálogo e a negociación.
2. Esgotadas as vías de negociación e diálogo, a resolución extraxudicial de conflitos deberá levarse a cabo por procedementos de mediación e arbitraxe, sempre e cando o ordenamento vixente o permita.

3. Mediante o procedemento de arbitraxe as partes poderán acordar, de mutuo acordo, encomendar a un terceiro a resolución de calquera conflito, comprometéndose de antemán a aceptar o seu contido.
4. O acordo logrado a través da mediación ou da resolución de arbitraxe terá a mesma eficacia xurídica e tramitación que os pactos e acordos regulados por lei, sempre que quen adoptase o acordo subscrito ou compromiso arbitral tivese a lexitimación que lles permita acordar, no ámbito do conflito, un pacto ou acordo conforme ao previsto pola lei.
5. Estes acordos serán susceptibles de impugnación. Especificamente, caberá recurso contra a resolución arbitral no caso de que non se observaran, no desenvolvemento da actuación arbitral, os requisitos e formalidades establecidos para o efecto ou cando a resolución versase sobre puntos non sometidos á súa decisión, ou que esta contradiga a legalidade vixente.
6. A utilización destes sistemas efectuarase conforme aos procedementos que regulamentariamente sexan determinados tras o acordo cos representantes do persoal conforme ao regulado actualmente a este respecto. En todo caso, o esgotamento do procedemento previo ante a mesa, os procedementos de solución de conflitos e de conciliación e mediación, así como de arbitraxe, seguirán o Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo, segundo o publicado no DOG do 4 de maio de 1995.

Disposicións adicionais

Disposición adicional PRIMEIRA. Consolidación do emprego temporal

A Deputación da Coruña poderá realizar convocatorias extraordinarias para a consolidación de prazas ou postos de carácter estrutural, que estean dotadas orzamentariamente, e que estean a ser desempeñadas por persoal temporal e interino con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005.
Os procesos de consolidación de emprego regularanse con base nos seguintes criterios básicos:
a) De non dispor de instrumentos de ordenación de recursos humanos, a Deputación da Coruña comprométese a elaborar e aprobar no prazo máis breve posible unha relación de postos de traballo ou instrumento organizativo similar, no que se garantirá a participación do persoal, e que servirá de referencia para determinar os postos estruturais.
b) Son procesos extraordinarios que só poderán ser desenvolvidos coa finalidade, características e alcance establecidos neste convenio e na normativa de aplicación.
c) Os procesos garantirán os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
d) O contido das probas relacionarase coas tarefas e funcións habituais que se han desenvolver nos postos ou prazas obxecto de consolidación.
e) Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste convenio e a normativa de aplicación.
f) Na fase de concurso poderá valorarase, entre outros méritos, o tempo de traballo prestado nas administracións públicas e a experiencia nos postos ou prazas obxecto de convocatoria. En calquera caso, a valoración de méritos, que só se aplicará aos aspirantes que superasen a fase de oposición, só poderá outorgar unha puntuación proporcionada que non determinará, por si mesma, o resultado do proceso selectivo.

g) Procurarase facilitar ao persoal, dentro dos plans de formación, ou a través de plans específicos, formación axeitada para a superación dos procesos de consolidación.

Disposición adicional SEGUNDA. Funcionarización de persoal laboral

1. Os procesos de funcionarización terán como obxectivo regularizar aquelas situacións nas que tarefas e funcións que, segundo a normativa vixente, deberían de ser prestadas por persoal funcionario, estean a ser desempeñadas por persoal laboral.
2. Os procesos de funcionarización respectarán os seguintes aspectos básicos, con independencia daquelas outras cuestións e criterios que, en aplicación da normativa vixente, deban ser respectados en cada momento.
a) Os procesos de funcionarización regularanse polas bases específicas da convocatoria
b) Poderán participar nos procesos o persoal laboral fixo que desempeñe funcións propias de persoal funcionario, e reúnan os requisitos xerais de acceso ao emprego público establecidos no presente convenio e na normativa aplicable.
c) Facilitarase ao persoal, dentro dos plans de formación, ou a través de plans específicos, formación axeitada para a superación dos procesos de funcionarización

Disposición adicional TERCEIRA. Actualización das contías das retribucións

Durante o período de vixencia do presente convenio, as retribucións establecidas nel experimentarán o incremento que determine a lexislación do Estado para o persoal o servizo das administracións públicas, sen prexuízo das adecuacións necesarias para asegurar que as asignadas a cada posto de traballo garden relación con contido, especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade deste, así como as que se deriven do grao de consecución dos obxectivos fixados e do resultado individual da súa aplicación.

Disposición adicional CUARTA. Homologación das condicións retributivas das persoas traballadoras da Deputación da Coruña

As partes que asinan este convenio colectivo, comprométense a traballar pola homologación total das condicións retributivas de todo o persoal da Deputación da Coruña, atendendo ao principio universal de “a igual traballo igual salario”.

Disposición adicional QUINTA. Da adecuación da Lei de procedemento administrativo á xestión do persoal en materia de permisos, licenzas, vacacións e outros dereitos da persoa traballadora da Deputación da Coruña.

Aplicarase integramente o establecido no Decreto 264/1994, do 29 de xullo, da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Disposición adicional SEXTA. Sobre a provisión de vacantes, contratación e ingreso

A todo o non previsto no capitulo III. Provisión de vacantes, contratación e ingreso, seralle de aplicación a normativa vixente para os empregados públicos en réxime laboral .

Disposición adicional SÉTIMA. Sobre a seguridade e saúde laboral: especial atención aos riscos psicosociais.

Os riscos psicosociais son a maior lacra na saúde laboral nas administracións públicas. Por este motivo o Servizo de Prevención de Riscos debe priorizar e fomentar a loita para minimizar esta situación.

Os asinantes deste convenio acadan o compromiso de levar adiante un protocolo de actuación que inclúa entre outras medidas:

- Avaliación individual de cada posto/praza sobre a tipoloxía de riscos que lle poden afectar.
- Deseño de cuestionarios específicos para recoller a información do persoal traballador.
- Entrevistas individualizadas para aclarar/completar a información recollida nos cuestionarios.
- Medidas de información a todo o persoal para concienciar da importancia do problema da saúde laboral.
- Formación específica para cambiar hábitos tendentes ao mantemento ou a aparición das condutas que alimentan os risco psicosociais.

Disposición adicional OITAVA. Xestión dos equipamentos e roupa de traballo

- A xestión de todos os equipamentos de traballo farase en almacén centralizado.
- Crearase unha base de datos que recolla todos os postos que necesitan subministración cos datos necesarios para o idóneo uso individualizado destas equipacións.
- A adquisición das equipacións farase mediante concurso bianual conxunto.
- As equipacións serán subministradas previa entrega por parte do persoal da equipación anterior.
- Manterase un fondo de almacén que permita a substitución no momento en que xurda a necesidade.

Disposicións finais

Primeira. No texto deste convenio utilizouse o masculino como xenérico para englobar aos traballadores e ás traballadoras, aos funcionarios e funcionarias, sen que isto supoña a ignorancia das diferenzas de xénero existentes, para os efectos de non realizar unha escritura demasiado complexa.

Segunda. Este convenio substitúe na súa total integridade ao anteriormente vixente, constituíndo un todo indivisible.

ANEXO - TÁBOAS SALARIAIS

PT	N	G/SG	TP	FP	ADM	E/SUB	T	FE	OB	SB	CD	CE	PE (2)	TM	TA
Unidade: Imprenta Provincial: Boletín Oficial															
Responsable Fotocomposición	22	C/C1	III.1.A	C			3			720,02	509,84	674,64	1.806,78	1.904,50	26.467,56
Responsable Fotorreprodución, Impresión e Manipulado	22	C/C1	III.1.A	C			3			720,02	509,84	674,64	1.806,78	1.904,50	26.467,56
Responsable edición e deseño gráfico	22	C/C1	III.1.A	C			3			720,02	509,84	674,64	1.806,78	1.904,50	26.467,56
Oficial Imprenta FP	19	C/C1	III.3	C			3			720,02	417,25	474,27	1.513,82	1.611,54	22.366,12
Corrector/a FP 2	19	C/C1	III.3	C			3			720,02	417,25	474,27	1.513,82	1.611,54	22.366,12
Gravador/a texto	16	C/C2	IV.2	C			4			599,25	349,93	649,18	1.592,90	1.598,36	22.366,12
Impresor/a	16	C/C2	IV.2	C			4			599,25	349,93	649,18	1.592,90	1.598,36	22.366,12
Oficial Industrial	16	C/C2	IV.2	C			4			599,25	349,93	649,18	1.592,90	1.598,36	22.366,12
Operaria/o Auxiliar Servizos Imprenta	16	C/C2	IV.6	C			4			599,25	349,93	410,39	1.354,11	1.359,57	19.023,06
Operaria/o Auxiliar Servizos Almacén	16	C/C2	IV.6	C			4			599,25	349,93	410,39	1.354,11	1.359,57	19.023,06
Unidade: Fogar Infantil Emilio Romay															

Cociñeira/o	15	C/C2	IV.5	C			4		F13-F14	599,25	327,44	826,49	1.747,72	1.753,18	24.533,60
Axudante/a cociña	13	E/AP	V.6	C			5		F13-F15	548,47	294,42	800,12	1.643,01	1.643,01	23.002,14
Celador/a	14	E/AP	V.7	C			5		F13-F16	548,47	317,85	755,33	1.621,65	1.621,65	22.703,10
Operaria/o servizos varios	13	E/AP	V.10	C			5			548,47	294,42	347,55	1.190,44	1.190,44	16.666,16
Unidade: Fogar Infantil Ferrol															
Director/a	22	A/A1	I.3	C			1		Especial dedicación. Habilitación anticipos caixa fixa	1.109,05	509,84	1.440,10	2.634,30	3.058,99	41.976,48
Cociñeira/o	15	C/C2	IV.5	C			4		F13	599,25	327,44	679,44	1.600,67	1.606,13	22.474,90
Encargada/o portería	13	E/AP	V.3	C			5		F13	548,47	294,42	673,26	1.516,15	1.516,15	21.226,10
Celador/a	14	E/AP	V.7	C			5		F13	548,47	317,85	602,61	1.468,93	1.468,93	20.565,02
Operaria/o servizos varios	13	E/AP	V.10	C			5			548,47	294,42	347,55	1.190,44	1.190,44	16.666,16
Unidade: IES Rafael Puga Ramón															
Profesor/a Ensino Secundario	24	A/A1	I.2	C			1	Licenciada/o especialidade o equivalente a efectos docencia		1.109,05	582,92	533,67	1.800,95	2.225,64	30.309,58
Moza/o servizo axudante	13	E/AP	V.2	C			5		F13	548,47	294,42	797,45	1.487,63	1.640,34	22.659,34
Unidade: Conservatorio Profesional de Danza															

Operaria/o Auxiliar Servizos Conservatorio Danza	16	C/C2	IV.6	C			4			599,25	349,93	410,39	1.354,11	1.359,57	19.023,06
Unidade:			**Centro Residencial Docente Calvo Sotelo**												
Cociñeira/o	15	C/C2	IV.5	C			4		F13-F14	599,25	327,44	826,49	1.747,72	1.753,18	24.533,60
Operaria/o servizos varios	13	E/AP	V.10	C			5			548,47	294,42	347,55	1.190,44	1.190,44	16.666,16
Axudante/a cociña	13	E/AP	V.6	C			5		F13-F14	548,47	294,42	800,12	1.643,01	1.643,01	23.002,14
Unidade:			**Servizos Xerais Centro Educativo Calvo Sotelo**												
ATS/DUE	21	A/A2	II.3	C			2			958,98	473,35	553,12	1.725,85	1.985,45	27.277,10
Telefonista	13	E/AP	V.5	C			5		F13	548,47	294,42	651,82	1.494,71	1.494,71	20.925,94
Ordenanza	13	E/AP	V.8	C			5		PP Nocturnidade	548,47	294,42	431,16	1.274,05	1.274,05	17.836,70
Ordenanza	13	E/AP	V.8	C			5		F14	548,47	294,42	545,30	1.388,19	1.388,19	19.434,66
Unidade:			**Enxeñaría e Mantemento**												
Técnica/o de Son	16	C/C2	IV.3	C			4			599,25	349,93	565,86	1.509,58	1.515,04	21.199,64
Operario/a Servizos	16	C/C2	IV.3	C			4		F4-F5	599,25	349,93	821,26	1.619,05	1.770,44	24.483,38
Operario/a Servizos	16	C/C2	IV.3	C			4		F11	599,25	349,93	675,33	1.619,05	1.624,51	22.732,22
Oficial Carpintería	15	C/C2	IV.4	C			4			599,25	327,44	543,09	1.464,32	1.469,78	20.566,00
Oficial Mantemento	15	C/C2	IV.4	C			4			599,25	327,44	543,09	1.464,32	1.469,78	20.566,00

Operaria/o Agrícola Encargada/o	13	E/AP	V.6	C			5		Explotación Agrícola. A extinguir	548,47	294,42	494,68	1.337,57	1.337,57	18.725,98
Operaria/o Agrícola Peón	13	E/AP	V.9	C			5		Explotación Agrícola. A extinguir	548,47	294,42	396,75	1.239,64	1.239,64	17.354,96
Unidade: Biblioteca Provincial															
Axudante Arquivo-Biblioteca	21	A/A2	II.3	C			2			958,98	473,35	533,67	1.706,40	1.966,00	27.004,80
Administrativa/o	19	C/C1	III.3	C			3			720,02	417,25	454,59	1.494,14	1.591,86	22.090,60
Subalterna/o	13	E/AP	V.8	C			5			548,47	294,42	392,59	1.235,48	1.235,48	17.296,72
Subalterna/o	13	E/AP	V.8	C			5		F13	548,47	294,42	545,30	1.388,19	1.388,19	19.434,66
Operaria/o Auxiliar Servizos Biblioteca	16	C/C2	IV.6	C			4			599,25	349,93	410,39	1.354,11	1.359,57	19.023,06
Unidade: Pazo de Mariñán															
Gobernanta/e	20	C/C1	III.1.B	C			3		Residencia Cultural. Turnicidade	720,02	439,70	749,37	1.811,37	1.909,09	26.531,82
Cociñeira/o	15	C/C2	IV.5	C			4		Residencia Cultural	599,25	327,44	533,37	1.454,60	1.460,06	20.429,92
Axudante/a cocina	13	E/AP	V.6	C			5		Turnicidade	548,47	294,42	647,40	1.490,29	1.490,29	20.864,06
Unidade: Servizo de Vías e Obras															
Auxiliar Técnica/o Topografía	16	C/C2	IV.6	C			4		Especial dedicación	599,25	349,93	813,03	1.756,75	1.762,21	24.660,02

Unidade: Servizo Provincial de Recadación

Recadador/a	24	A/A1	I.1	C			1		Especial dedicación	1.109,05	582,92	1.557,55	2.824,83	3.249,52	44.643,90
Xefe zona	22	C/C1	III.1.C	C			3		Especial dedicación	720,02	509,84	1.437,12	2.569,26	2.666,98	37.142,28
Oficial Maior Recadación	20	C/C1	III.1.B	C			3		Especial dedicación	720,02	439,70	1.127,41	2.189,41	2.287,13	31.824,38
Oficial 1ª Recadación	19	C/C1	III.3	C			3		Especial dedicación	720,02	417,25	927,96	1.967,51	2.065,23	28.717,78
Oficial 2ª Recadación	17	C/C1	III.4	C			3		Especial dedicación	720,02	372,33	914,48	1.909,11	2.006,83	27.900,18

PT = Posto de traballo

N = Nivel

G/SG = Grupo/Subgrupo

DOT = Dotación

TP = Tipo de posto

FP = Forma de provisión

ADM = Administración

E/SUB = Escala/Subescala

Titulacións:

1 = Licenciatura universitaria

2 = Diplomatura universitaria ou equivalente

3 = Bacharelato, Formación Profesional de 2º grao o equivalente

4 = Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º grao o equivalente

5 = Certificado de Escolaridade

5 = Certificado de Escolaridade

T =	Titulación
FE =	Formación específica
OB =	Observacións
SB =	Soldo base
CD =	Complemento destino
CE =	Complemento específico
TM =	Total retribucións mensuais
PE (2) =	Pagas extraordinarias (2 anuais)
TA =	Total retribucións anuais

Deputación DA CORUÑA

FACTORES DE COMPLEMENTO ESPECÍFICO		
FACTOR	**DESCRICIÓN**	**IMPORTE EUROS**
Factor 1	Help Desk 1er nivel	1.100,00
Factor 2	Help Desk 2º nivel	1.300,00
Factor 3	Atención e soporte continuo 1er nivel	1.800,00
Factor 4	Coordinación e xestión de proxectos	1.500,00
Factor 5	Libre dispoñibilidade (10% das retribucións totais do posto de traballo)	
Factor 6	Soporte "in situ"	1.600,00
Factor 7	Plena dispoñibilidade e continuidade de sistemas (10% das retribucións totais do posto de traballo	
Factor 8	Tramitación anticipos de caixa fixa	713,72
Factor 9	Habilitación anticipos de caixa fixa	892,22
Factor 10	Apertura público sábados Horario fixo non suxeito a conciliación	1.600,00
Factor 11	Dispoñibilidade festivos	1.532,64
Factor 12	Nocturnidade (17% retribucións totais)	
Factor 13	Turnicidade	2.089,85
Factor 14	Festividade	2.089,85

53.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E ORGANIGRAMA PARA 2014.

En relación co acordo adoptado na sesión plenaria do 22/11/2013, de aprobación inicial do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama para 2014:

Primeiro.- Advertidos erros materiais na relación de postos de traballo, persoal laboral, e no organigrama, corrixir os tales erros segundo se indica deseguido:

Relación de postos de traballo:

ÁREA DE TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS. ZONAS RECADATORIAS. ZONA 2. PT: Xefe Territorial de zona. TP: **onde di: III.3**	ÁREA DE TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS. ZONAS RECADATORIAS. ZONA 2. PT: Xefe Territorial de zona. TP: **debe dicir: III.1.C**
ÁREA DE SERVIZOS PROVINCIAIS. IES RAFAEL PUGA RAMÓN. PT: Moza/o servizo axudante. OB: …	ÁREA DE SERVIZOS PROVINCIAIS. IES RAFAEL PUGA RAMÓN. PT: Moza/o servizo axudante. OB: **incluír F13**

Organigrama:

ÁREA DE SERVIZOS PROVINCIAIS. IES RAFAEL PUGA RAMÓN. ÁREA TECNOLOXÍA. PROF. SECUNDARIA: **onde di: interinada. José F. Vicente Rodríguez**	ÁREA DE SERVIZOS PROVINCIAIS. IES RAFAEL PUGA RAMÓN. ÁREA TECNOLOXÍA. PROF. SECUNDARIA: **debe dicir: José F. Vicente Rodríguez**
ÁREA DE SERVIZOS PROVINCIAIS. IES RAFAEL PUGA RAMÓN. ÁREA DEBUXO. PROF. SECUNDARIA: **onde di: Francisco J. Díaz López**	ÁREA DE SERVIZOS PROVINCIAIS. IES RAFAEL PUGA RAMÓN. ÁREA TECNOLOXÍA. PROF. SECUNDARIA: **debe dicir: interinada. Mª Anxos Romeo Barreiro**

Segundo.- En relación cos escritos presentados, nos que se formulan alegacións dentro do prazo legal contra a modificación da relación de postos de traballo para 2014, aprobada inicialmente polo citado acordo plenario do 22/11/2013:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1.- O funcionario de habilitación de carácter estatal, don Manuel Roel Hernández-Serrano, que desempeña actualmente en comisión de servizos o posto de xefe de Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, fundamenta as súas alegacións, en síntese, en que se modifica o complemento específico asignado ao posto na relación de postos de traballo para 2013, sen ter en conta os factores legalmente sinalados como retribuíbles polo tal complemento: especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade; que non se procedeu a unha "valoración global, conxunta e sistemática de todos os postos de traballo como base e fundamento xustificativo da correspondente cuantificación do complemento específico e así poder garantir que as diferenzas retributivas veñen motivadas polos factores obxectivos sinalados no LEBEP, a Lei 30/1984, o RD 861/1996…"; que a redución que se opera na contía do tal complemento non se corresponde coas funcións que ten asignadas o posto; que se trata do "único posto de traballo da Deputación Provincial da Coruña que cumpre co mandato legal e regulamentario citado para poder garantir o exercicio das funcións públicas reservadas a habilitación de carácter estatal en

calquera entidade local da provincia", e que o acordo expresamente se limita a asimilar o complemento específico na súa contía coa fixada para as demais xefaturas de Servizo".

Así mesmo, volve insistir nas alegacións formuladas xa contra o acordo de modificación da relación de postos de traballo para 2013, polo que se refire aos postos adscritos ao Servizo de técnica/o de admón. especial, no mesmo sentido de que deberían incluírse factores específicos dos asignados a outros postos similares, cuxas alegacións xa foron rexeitadas no acordo de aprobación definitiva da dita modificación da RPT 2013, polo motivo de que as funcións dos ditos postos non experimentaron variación ningunha en ningún momento.

O acordo contra o que se formulan as devanditas alegacións, en efecto, realiza un reaxuste na contía do complemento específico, en base á coincidencia esencial das funcións que se desempeñan en todos os postos que implican a xefatura de Servizo nas distintas unidades da Deputación, no que respecta á súa dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade, e con independencia do grupo de pertenza e nivel de cada un deles.

En igual sentido e polo que se refire ao posto de xefatura de Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Admón. Local da provincia da Coruña (COSITAL), presenta un escrito por correo certificado, o 16/12/2013, último día do prazo, que contén, en síntese, alegacións esencialmente análogas ás formuladas polo antedito funcionario don Manuel Roel Hernández-Serrano, polo que procede a súa resolución conxunta neste punto.

2.- A Federación de Servizos á Cidadanía do sindicato CC.OO. de Galicia, fundamenta as súas alegacións na suposta falta de negociación real da RPT e cadro de persoal baseada tamén, na súa opinión, falta da documentación completa; que non se respectan as titulacións esixidas polo Estatuto Básico do Empregado Público e que nas esixencias concretas das titulacións para postos tamén concretos deberían ser outras as esixidas e non as que figuran na RPT; que no cadro de persoal laboral figuran postos que terían que corresponder a cargos propios de persoal funcionario; que igualmente varios dos postos de recadación figuran tamén asignados a persoal laboral cando, na súa opinión terían que estar ocupados por persoal funcionario; que os postos configurados a prover polo sistema de libre designación non se axustan á legalidade, nin deberían ser abertos a persoal doutras administracións públicas; que na Área tributaria non se aplican os mesmos criterios de avaliación dos postos de traballo que, igualmente ao seu entender, cumpren as mesmas condicións que os doutras Áreas; que se amortizan na dita Área tributaria postos e prazas; que tamén se amortizan postos e prazas de persoal laboral sen xustificación; que se reasignan factores compoñentes do complemento específico a postos que cambian das unidades informáticas a outra Área funcional, e se lle asignan a outros postos de Informática que antes non os tiñan asignados; que os postos de profesor de Educación Física do IES Rafael Puga Ramón figuran co subgrupo A2, cando ao ser de secundaria terían que figurar no A1; que existen algúns erros no organigrama; que se incrementan as retribucións de postos de Dirección de Área; que a documentación non estaba dispoñible na Secretaría da Deputación.

Os erros materiais que sinalan no organigrama, foron xa detectados nesta unidade xestora.

3.- As demais persoas reclamantes, empregadas públicas desta Deputación, fundamentan as diversas alegacións presentadas, todas elas, basicamente, na solicitude da inclusión nas contías dos complementos específicos asignados aos postos de traballo dos que son titulares, das correspondentes a factores que consideran que deberían serlles asignados en base ás funcións que teñen definidas, segundo o seu persoal criterio.

Os postos dos que son titulares as ditas persoas reclamantes, non experimentaron variación de ningún tipo en canto á súa definición e avaliación xa contida na RPT de 2013.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

- En canto ás alegacións formuladas por don Manuel Roel Hernández-Serrano e polo Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Admón. Local da provincia da Coruña (COSITAL), :

1º.- Polo que se refire ao alegado polos reclamantes de que non se procedeu a unha avaliación global, conxunta e sistemática de todos os postos de traballo da Deputación, resulta claro que o art. 4 do RD 861/1986, establece literalmente que a modificación do complemento específico esixe que con carácter previo a Corporación efectúe "unha valoración DO POSTO DE TRABALLO", en singular, xa que se trata, precisamente, da modificación específica dun posto concreto, o que significa que os demais postos, se non experimentan modificación, non teñen que volver a ser avaliados, o que xa de por si contradí a interpretación do reclamante.

A modificación do complemento específico do posto que ocupa provisionalmente en comisión de servizos o alegante Sr. Roel, ten como base e fundamento, efectivamente, a súa equiparación cos demais postos de xefatura de Servizo, precisamente porque as funcións dos tales postos, como xa quedou exposto, son esencialmente coincidentes todas elas en canto á intensidade da dificultade técnica, responsabilidade, dedicación e incompatibilidade esixidas para o seu eficiente desempeño, o que está totalmente admitido pola xurisprudencia (por todas, entre outras moitas, a STSJ de Castilla-La Mancha do 26/11/2003, e, a sensu contrario, a propia STS do 22/12/1994, citada polo propio alegante), en canto establece que os funcionarios que realicen a mesma función deben percibir o mesmo complemento, e que os que realicen funcións distintas, con independencia do grupo, percibirán complemento distinto, tendo en conta que o complemento específico "é unha retribución discrecional e referenciada ao posto de traballo realmente desempeñado, cuxas características determinaron a decisión da administración para a súa atribución, cuantificándose en función de aquelas e dos conceptos que este implica no seu contido normado" (STSJ de Valencia do 31/01/2001).

No caso presente, ademais, consta no expediente que existe unha diminución da responsabilidade do posto, xa que deixou de ser un Servizo autónomo e sen dependencia xerárquica, pasando a quedar integrado na Área de Intervención Xeral e Xestión Económico Financeira, deixando así de ser a Xefatura do Servizo do que se trata o responsable final. Así mesmo, o contido e a carga de traballo tamén

experimentan unha importante diminución, en canto a responsabilidade da contabilidade dos concellos foille detraída, pasando a ser competencia do Servizo de Contabilidade, dentro da devandita Área de Intervención.

Rematar sinalando o feito obxectivo de que na Deputación da Coruña existen máis postos reservados a funcionarios de habilitación estatal, na propia Área de Intervención (interventor, viceinterventor, interventor adxunto), ademais do que ocupa temporalmente o alegante, que garanten o exercicio das funcións públicas que teñen reservadas.

Polo que se refire ás alegacións formuladas en canto aos postos do Servizo de técnica/o de admón. especial, reiterar o sinalado no acordo plenario de modificación da RPT 2013, en canto en ningún dos ditos postos se engaden, nin modifican as funcións que xa tiñan asignadas, polo que, en consecuencia, tampouco procede que se modifiquen os factores que compoñen os seus complementos específicos.

- En canto ás alegacións formuladas pola Federación de Servizos á Cidadanía do sindicado CC.OO. de Galicia:

2º.- A existencia da efectiva negociación na Mesa Xeral correspondente, consta acreditada no expediente. A documentación completa foi posta a disposición de todos os compoñentes da dita Mesa Xeral, tanto dos representantes sindicais como dos representantes da Corporación, mediante a súa inclusión na intranet corporativa e o envío expreso das ligazóns correspondentes nas convocatorias de cada unha das sesións, forma de envío que foi acordada coa propia representación sindical con anterioridade á dita Mesa.

Polo que se refire ás titulacións esixibles para os postos de traballo, é de aplicación a normativa expresamente vixente específica para a Administración local, contida esencialmente nos arts. 169 e seguintes do Texto refundido das disposición legais vixente do réxime local, RD 781/1986, e non as xenéricas de licenciado, diplomado. E a clasificación dos postos como de admón. xeral ou admón. especial, está dende hai tempo resolta pola xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, especificamente polo que se refire á propia Deputación da Coruña, entre outras, nas sentenzas recaídas nos recursos contencioso-administrativos 1188/1997 e 870/1998, no sentido totalmente contrario ás idénticas pretensións que as formuladas nas alegacións de CC.OO. para, entre outros, os postos que cita como exemplo, T.X. Tributaria.

A alegación consistente na presunta irregularidade da RPT, de que figuren asignados postos ao persoal laboral que terían que ser desenvolvidos por persoal funcionario, cae polo seu propio peso tendo en conta o establecido no propio EBEP, Disposición transitoria segunda, que habilita expresamente para que “o persoal laboral fixo que á entrada en vigor do presente Estatuto estea desempeñando funcións de persoal funcionario… poderán seguir desempeñándoos”. En calquera caso, e aínda que así non fora, a responsabilidade específica e última das tales funcións está asignada ao persoal funcionario do que dependen xerárquica e funcionalmente, polo que estaría sempre garantida tanto a función pública recadatoria, como os dereitos dos cidadáns. Estando de conformidade coa legalidade vixente, así como de acordo coa interpretación xurisprudencial relativa á existencia en xeral de persoal laboral nos departamentos recadatorios das distintas Administracións Públicas, á actuación e

decisión organizativa da Área da que se trata está totalmente avalada pola súa propia potestade de autorganización.

Polo que se refire á existencia na RPT de postos que se han cubrir polo sistema legal de libre designación e de que existan postos que se han cubrir polo sistema legal de concurso que se clasifiquen como de posible cobertura por persoal funcionario doutras administracións públicas, como causa de incremento do "nivel de arbitrariedade", sinalar unicamente o que prevé expresamente a normativa vixente: o sistema de libre designación é un dos previstos no EBEP (arts. 80 e 81), no Texto refundido da lei da función pública de Galicia (arts. 29 e 44) e na propia Lei de bases do réxime local (art. 101). Non se pode comprender que se alegue "arbitrariedade", cando a Deputación cumpre total e escrupulosamente o disposto en toda a normativa vixente, estatal, autonómica e local, no caso presente.

Dentro da súa potestade de autorganización, a Corporación provincial reasigna uns postos determinados, que deixan de estar encadrados nunha Área, a de Persoal e Organización, asignándoos a outra, co obxecto de restruturación específica no acordo contra o que se alega, Área de Tesourería e Xestión de Tributos, o que supón de feito a reorganización de ambas as dúas Áreas e, consecuentemente, a asunción de distintos traballos e condicións, dentro das funcións xenéricas que teñen asignadas, aos postos dos que se trata, o que xustifica plenamente a reasignación dos factores que compoñen os complementos específicos dos tales postos para a súa adecuación ás tarefas específicas que terán que desempeñar coa entrada en vigor do devandito acordo.

A inclusión de postos de persoal docente, profesorado de ensino secundario, que figuran na RPT clasificados no Grupo A, Subgrupo A2, vén avalada pola propia xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (entre outras moitas, STSXG do 22/09/1999; así como as recaídas en recursos seguidos por persoal funcionario afectado contra a propia Deputación da Coruña, PA 51/2001 e PA 44/2003).

O incremento retributivo de postos determinados de Dirección de Áreas, vén avalado pola súa asimilación cos das outras Áreas en base á coincidencia esencial das funcións que se desempeñan en todo ese tipo de postos, no que respecta á súa dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade e dependencia directa da Presidencia da Deputación, sendo indiferente quen a desempeñe, estando incluso o nivel e a contía do complemento específico en función dos tales factores estritamente asimilados co segundo nivel retributivo nas citadas outras Áreas de Secretaría Xeral, Intervención e Xestión Económico Financeira e Tesourería e Xestión de Tributos.

- En canto ás demais alegacións formuladas, relativas á inclusión de diversos factores nas contías dos complementos específicos que teñen asignados:

3º.- O feito indubitado, tal como xa quedou expresado e resulta do propio acordo contra o que alegan, é que non resultan afectadas en ningún dos casos as funcións que xa tiñan asignadas con anterioridade e, en consecuencia, avaliadas para a fixación dos seus complementos específicos, polo que non procede modificación ningunha ao non darse os presupostos legais que a habiliten.

- En xeral, para todas as alegacións presentadas:

Nesta 2ª fase da Reorganización 2013, só se avalían e, no seu caso, modifican postos determinados e concretos, tal como figuran no acordo plenario de aprobación inicial da RPT para 2014, polo que os que non son obxecto de modificación foron xa avaliados e consolidados polos correspondentes acordos plenarios firmes e consentidos no seu momento e non necesitan legalmente, polo tanto, de ningunha outra avaliación. A través das respectivas Mesas de Negociación do persoal, analízanse anualmente, ou cando se produce algunha modificación substancial, as funcións e se avalían os distintos postos de traballo, modificando nuns deles os niveis do complemento de destino para axustalos ás funcións que desenvolven ou que se lles asignan de novo, e noutros o complemento específico en atención á responsabilidade, penosidade ou especial dificultade técnica, de conformidade sempre co disposto na legalidade vixente, en especial, o RD 861/1996, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da admón. local (art. 4.1), tal como se fixo no caso presente.

- En canto se refire ás aplicacións orzamentarias:

Tendo en conta que todas as alegacións formuladas non poden ser estimadas por todas as razóns xa expostas, non se vén afectadas de ningún xeito as aplicacións orzamentarias correspondentes nin na súa estrutura nin nas súas contías.

De conformidade coa normativa legal e xurisprudencial citadas e demais concordantes e de aplicación.

Rexeitar as alegacións presentadas contra a relación de postos de traballo para 2014.

Terceiro.- En consecuencia, aprobar definitivamente o cadro de persoal, a relación de postos de traballo e organigrama para 2014, aprobados inicialmente polo Pleno da Corporación do 22/11/2013, dando traslado da tal aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e á Dirección Xeral de Cooperación Local, Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, do Ministerio de Administracións Públicas, para os efectos oportunos.